



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 36

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 15 de outubro de 2013

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único:

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia - 09/DEBA-000001 (12802)

Publicación, BOPG núm. 166, do 25.09.2013

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo* (Páx. 3.)

A señora presidenta anuncia que a sesión se retomará ás catro da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 21.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e un minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 21.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 28.), *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 44.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 52.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 67.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 69.), *Méndez Romeu (S)* (Páx. 71.) e *Puy Fraga (P)*. (Páx. 73.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 75.)

A señora presidenta informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, que será antes das dez e media de mañá mércores, día 16, así como da posterior cualificación pola Mesa e da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo antes da prosecución da sesión plenaria. (Páx. 82.)

Suspéndese a sesión ás nove e vinte e sete minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Señorías, vaian ocupando os seus escanos, por favor. Moi bos días de novo.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias, por tanto, señorías, entramos na orde do día, que, como vostedes saben, contén un punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para a súa primeira intervención o presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta. Señorías e señores deputados. Galegos e galegas.

Desde a honra que supón para min ser presidente de Galicia, quixera no meu nome propio, no do Goberno, no do Grupo Popular e –se mo permiten– en nome de todos os que formamos este Parlamento, que o primeiro pronunciamento desta sesión se dedique á lembranza das 79 persoas falecidas no accidente ferroviario o 24 de xullo deste ano en Santiago de Compostela. Que tome a forma de mensaxe de alento ás súas familias, aos 147 feridos e, de maneira especial, aos que case tres meses despois continúan loitando por recuperar a súa saúde.

Comparezo hoxe nesta Cámara no primeiro Debate sobre o estado da Autonomía da IX lexislatura, un ano despois de que as galegas e os galegos decidisen a composición política que hoxe reflicten os escanos e pouco máis de dez meses desde que tomei posesión como presidente e se formou o Goberno. É tempo, pois, de facer balance.

Resulta imposible botar a ollada a atrás por estes meses e comparar o punto de partida coa actualidade sen reparar no fonda que é a pegada do sinistro de Angrois na sociedade. Ningún galego poderá esquecer nunca o que pasou. Temos a obriga de honrar as vítimas con memoria e con xustiza, pero tamén por eles debemos, ademais, manter viva a lembranza do que entre todos fomos capaces de facer.

O accidente do Alvia foi e será sempre unha das maiores traxedias da nosa historia, pero a forma en que decidimos afrontala permanecerá como un exemplo do que somos. Galicia recibiu reconfortada unha corrente de apoio chegada dos cinco continentes. Foron mensaxes de condolencia e solidariedade, mais tamén expresións admiradas pola reacción dos veciños, pola profesionalidade dos servizos públicos, que reaccionaron con dilixencia ante o drama, pola lección de humanidade que deron os galegos. O 24 de xullo de 2013 Galicia púxose á disposición de Galicia.

A este país danlle sentido a súa historia e a súa situación no mapa, a súa lingua propia e a súa cultura milenaria, pero sobre todo a Galicia danlle sentido os galegos. Un pobo que actúa como esa gran familia que, movida por un sentimento compartido de pertenza, sofre, loita e soña unida.

Só na última década atopamos mostras dabondo de tanto bo que hai de ser galegos. Á inmensa marea de voluntarios ante o *Prestige*, aos heroes do Orzán ou aos brigadistas que xogan a vida –e mesmo ás veces a perden– loitando contra os lumes, súmanse os de Angrois á lista de heroes cotiáns deste país. Todos eles ensinanlle ao mundo e a nós mesmos que se algo define a Galicia é a solidariedade; que percorre a nosa xeografía un latexo que nos permite extraer un reverso positivo ata dos máis terribles sucesos.

Síntome orgulloso de ser galego, e todos, galegas e galegos, temos razóns para sentir así. Nada hai de vaidade niso, ao contrario, porque é inherente a esa condición unha concepción colectiva da existencia, de colaboración e de cooperación; así como unha extraordinaria capacidade de esforzo, de sacrificio e de superación. Por iso podo dicir con seguridade que deixaremos atrás esta crise porque, por riba das decisións máis acertadas que adoptamos ata o de agora ou que tomemos no futuro, hai unha razón aínda maior na que sustentar esta afirmación, e esa son as galegas e os galegos.

Como sempre antes, nestes anos difíciles activouse a engrenaxe da solidariedade. Entre todos os galegos nos apoiamos e atopamos o xeito de protexer os que máis o necesitan. Eles son hoxe as 260.733 persoas que non teñen emprego; sen dúbida, os que padecen con maior crueza as consecuencias desta situación.

A súa esperanza, a de todos nós, é Galicia. Díxeno no momento en que tiveron a honra de tomar posesión por segunda vez como presidente da Xunta e hoxe reitéroo, porque o acontecido no último ano non fixo máis que reforzar este convencemento. Non cómpre pescudar moi lonxe a ruta que conduce á saída, o noso é un carácter aberto ao mundo que se valeu da experiencia emigrante para acadar a universalidade e que sabe absorber o mellor de cada parte. Pero ante a encrucillada que hoxe afrontamos, a mellor guía somos nós.

Galicia debe mirar cara a si mesma porque leva tempo trazando o seu modelo, e así pode verse hoxe como unha autonomía disposta a saír da crise antes ou ao mesmo tempo que toda a nación española, pero, dende logo, non por detrás de ninguén. Observar o modo de actuar de Galicia, das galegas e dos galegos, ante calquera reto é o mellor exercicio que podemos facer nun momento de dificultade coma este.

Se repasamos o que facemos, se analizamos o que somos capaces de facer, se detemos a vista no que logramos, entón seremos quen de superar a enorme barreira de desconfianza que trouxo consigo a crise e albisca un novo horizonte de esperanza. Haino.

Eu miro a nosa xente e o noso país e sinto confianza; confianza en Galicia e nos galegos. Conteí con eles para recuperar a solvencia e o rigor económico de Galicia na pasada lexislatura, e acadámolo. Conteí con eles para que Galicia se adiantara ao resto de España na loita contra a crise, e acadámolo. Conteí con eles para que Galicia puidera estar hoxe en mellor situación que a maioría das comunidades autónomas, e acadámolo. E agora sigo contando con Galicia e cos galegos. Sei que grazas a eles é tempo de crer nas nosas posibilidades; é tempo de mostrar as nosas capacidades de crear e, máis pronto que tarde, será tempo de crecer.

Por iso, señorías, desde esa confianza o pasado ano presenteime ás eleccións propoñendo unha coalición cos galegos. Sabía, como sei, que saír da crise non é posible só coa

vontade exclusiva do Goberno, por moi ampla que sexa a maioría do grupo parlamentario que a sustenta. É precisa a converxencia da acción da Administración, pero sobre todo co compromiso da sociedade, e en Galicia dáse.

Por moi atinadas que sexan, todas as medidas resultarían ineficaces de non contar con persoas sensibles á realidade e dispostas, unha vez máis, a arrimar o ombro a prol do ben común. En Galicia hainas; hainas en todos os sectores sociais, en todos os lugares e de todas as idades.

Os cidadáns pregúntanse con lóxica por que teñen que padecer un déficit que eles non xeraron: eles non foron os que gastaron o que non tiñan, eles non son responsables da situación que estamos a vivir. Por iso é aínda máis meritória a súa participación na procura das solucións.

Probablemente a orixe de moitos dos problemas de hoxe é que non se contou coa sociedade, pero se algo é seguro é que sen ela non será posible resolvelos. Teño dito en varias ocasións que afrontar a crise esixía un cambio de mentalidades e comportamentos, unha transformación imprescindible para superala, mais tamén necesaria para non repetir erros cando chegue o novo tempo de bonanza económica.

Porque as decisións do Goberno precisan das accións dos cidadáns, e eu podo dicir con firmeza que atopei sempre un pobo exixente pero un pobo consciente, activo e responsable. E así hoxe Galicia pode facer gala de resultados que son froito da implicación da xente.

Porque só grazas ao compromiso dos profesionais da sanidade pública puidemos aumentar a actividade sanitaria en xornada ordinaria en máis de 22.000 intervencións sobre as que se fixeron no ano 2008; mellorar o rendemento cirúrxico, que acada hoxe o 76 % –nove puntos superior ao do ano 2008–, ou contar cunha prescrición farmacéutica máis racional, que permitiu aforrar diñeiro de todos por un valor de 200 millóns de euros nos últimos anos.

Só grazas aos pacientes multiplicamos por catro o consumo de xenéricos, pasando do 10 % no ano 2009 ao case 40 % no ano 2013. E só grazas á entrega dos docentes do ensino público logramos un éxito escolar por riba da media de España en case dous puntos. Incrementamos os niveis de titulación secundaria en máis do 5 %. E puidemos introducir

unha lingua estranxeira nas aulas públicas para máis de 70.000 mozos ou mozas. Tamén grazas aos empregados públicos aforramos 25 millóns de euros ao rebaixar case un 40 % o absentismo laboral. E puidemos abordar un proceso de modernización sen precedentes na Administración autonómica, que permitiu abrir un sistema único de rexistro cuxa implantación rematará no 2013; ser a autonomía con maior nivel de implantación da factura electrónica, xa que o 40 % do importe facturado á Xunta xa se recibe neste formato, ou avanzar cara ao obxectivo de que en 2015 o cen por cento dos procedementos administrativos se poida tramitar en sede electrónica, hoxe o 70 %.

Do mesmo xeito, foi grazas ás mulleres e aos homes do sector primario –que se seguen esforzando de sol a sol– como logramos que máis de 1.300 mozos e mozas galegas se incorporasen á actividade agraria entre o ano 2009 e 2012; que nos últimos catro anos se introducisen melloras técnicas en máis de 3.000 explotacións agrogandeiras, ou que neste período máis de 1.700 embarcacións pesqueiras mellorasen a súa dotación tecnolóxica ou de seguridade.

Foi grazas aos emprendedores do noso país como vimos que 15.000 novos proxectos de negocio botaban a andar en plena crise económica dende o ano 2009. E máis de 1.100 empresas decidían nos últimos catro anos exportar por primeira vez, cun incremento do 22 % o número de empresas que exportan. Son, señorías, avances innegables.

Exemplos como os que lles acabo de citar –entre moitos outros– mostran un pobo seguro de que ignorar as circunstancias de hoxe, seguir igual, significaría arrebatarlle o rumbo e as perspectivas á Galicia de mañá. Un pobo que non foi responsable do problema pero que, en coalición co seu Goberno, se corresponsabilizou coa solución. *(Aplausos.)* Por iso, señorías, negar por sistema a efectividade de todo o que Galicia fixo nos últimos anos para afrontar a crise non supón exclusivamente levarlle a contraria á Xunta, implica, sobre todo, negar inxustamente os méritos dos galegos e das galegas.

Desta cidadanía exemplar xorde a política da responsabilidade que tentamos practicar desde hai tempo e que nos levou a ser pioneiros de moitas decisións que hoxe xa ningún discute. Partiron de principios que estaban moi arraigados entre as mulleres e os homes do noso país. Porque, se

somos un país que comprendeu desde sempre que o aforro é sinónimo de responsabilidade, este país merece uns gobernos que apliquen á xestión pública esa mesma receita de prudencia cidadá. Iso foi o que fixemos.

Son innumerables os eidos da Administración nos que buscamos a maneira de lograr menos custos e maior eficiencia. Pero hai algo aínda máis importante que logramos ao facer ese exercicio: refírome á consolidación da idea de que modernizar a Xunta significa tamén a certeza de eficiencia e aforros para os vindeiros anos. Con ese obxectivo xa está neste Parlamento a Lei de racionalización do sector público, que consolida plans periódicos de reestruturación, a obriga previa de fiscalización para crear novos entes, a limitación de consultarías ou a contratación centralizada. Ese é o camiño que nos marcan os galegos, e pódolles garantir que o seguiremos.

Seguiremos coa terceira fase da redución da administración paralela, na que xa eliminamos 57 entes, cun aforro acumulado de case 41 millóns de euros. Seguiremos co novo decreto de regulación do parque móbil, e poder sumar así novos aforros aos case 6 millóns de euros que xa consolidamos na anterior lexislatura. Seguiremos desenvolvendo a segunda fase do Plan de redución de alugueiros, que xa permitiu reducir un 25 % esta partida e pretendemos sumar outro 20 % de aforro no vindeiro 2014. E seguiremos apostando pola contratación centralizada de todos os ámbitos posibles, como fixemos cos contratos de subministros de produtos sanitarios, de telefonía, de seguridade, de limpeza, de mantemento e de mensaxería. Ou como xa lles adianto que faremos proximamente, completando o proceso de unificar por primeira vez nun só contrato o subministro da enerxía eléctrica da Xunta, cun aforro do 13 %, é dicir, 12 millóns de euros de aforro nesta lexislatura. Ou coa licitación dun novo concurso de telecomunicacións da Xunta que incluírá os 1.500 centros que non estaban integrados na rede corporativa, co que lograremos tamén un aforro de 10 millóns de euros en tres anos.

Señorías, somos un país no que a maioría dos cidadáns entende que un gasto desproporcionado nos abocaría á quebra, que sabe, por tanto, que cumprir os criterios de déficit público non responde a un antollo, senón a un principio de lóxica que se basea en axustar o que un gasta aos recursos dos que dispón en cada momento. Iso é o que Galicia fixo ao

longo da pasada lexislatura, controlar o déficit todos os anos ata pechar o 2012 cunha cifra 5 décimas por debaixo da media nacional; e xa lles adianto que volveremos cumprir o déficit marcado do 1,2 do PIB para este 2013 e do 1 % para o próximo 2014.

Sen dúbida, controlar as contas públicas é unha das maiores contribucións que podemos facer á nosa autonomía nestes anos nos que se cuestiona todo, incluso o propio Estado das autonomías. Non só porque grazas a iso podemos seguir sendo unha comunidade que, ao non precisar dos fondos de rescate do Estado, conxura o risco de intervención externa e mantén a independencia da súa facenda pública, tamén porque ser unha autonomía solvente deriva en beneficios vitais para estimular o pulso da economía do país e permite colocar a débeda pública en tempo récord; única autonomía que logrou facelo no primeiro trimestre do ano.

Ser capaces de pagar aos nosos provedores en prazos moi inferiores aos da maioría das comunidades autónomas, atraer o interese de investidores estranxeiros ou ser unha das poucas comunidades coa solvencia necesaria para poder financiar programas estatais como o de Desenvolvemento rural sustentable ou o programa de innovación Feder-Innterconecta son avances incuestionables, pero cómpre facer máis.

Blindar por lei a disciplina orzamentaria, como fixemos de xeito pioneiro en España, evita que se poida repetir no futuro un colapso das contas públicas como o que sufrimos. Anualmente esta Cámara aproba un teito de gasto que marca a posterior elaboración dos orzamentos, e xa ninguén cuestiona que en cada exercicio se examine con antelación de cantos recursos públicos podemos dispor. Pois ben, penso que fai falta, ademais, que se avalíe constantemente tamén como e para que se gastan. Con este obxectivo anúnciolles que no vindeiro período de sesións remitiremos a este Parlamento unha lei que blinde a rendibilidade dos fondos públicos, é dicir, que exixa e garanta un resultado concreto para cada euro que invistamos. O obxectivo é esquivar... (*Aplausos.*) completamente a posibilidade de que os recursos se invistan por inercia ou por efecto arrastre dun ano para outro, e que se faga sobre a base dunha constante análise de oportunidades; oportunidades que sexan cuantificables e oportunidades que sexan innovadoras. Dese modo, señorías, aspiramos a corresponder, cunha xestión cada vez máis efi-

ciente dos seus recursos, co compromiso e coa implicación dos galegos e das galegas. Eles son, e ninguén máis, os que marcan o rumbo da Xunta, porque eles son, e ninguén máis, a garantía de que sairemos desta. Eles teñen a forza e a vontade precisas para superar as dificultades, e eles son, ademais, propietarios da maior e da mellor materia prima para facelo: Galicia.

Este país é en si mesmo un aval certo para apostar pola recuperación económica. Galicia posúe unha riqueza natural fecunda en produtos e dunha singular beleza paisaxística. Atesoura un valioso patrimonio artístico e cultural, alimentado de formas múltiples desde os nosos antergos ata os nosos días, e conta cunha posición privilexiada en sectores industriais de importancia estratéxica na economía global. Trátase —é indubidable— de argumentos para avanzar, de feito son as bondades propias de Galicia os instrumentos que nos permiten aproveitar o potencial das nosas capacidades. Capacidades para atraer cada vez máis turistas a esta comunidade, unha tendencia cuxa intensidade se puxo de manifesto no verán deste ano 2013, no que o crecemento do número de visitantes foi do 12,2 % con respecto ao ano anterior, o maior incremento dende o ano 2004, e representou o maior balance turístico en número de viaxeiros de España.

Capacidades do sector das novas tecnoloxías, un sector que conta hoxe con máis de 2.200 empresas —un 30 % máis que no ano 2009— e que subiu no ránking estatal ata ser a quinta comunidade autónoma en empresas do sector das tecnoloxías.

Capacidades para crear e contribuír á divulgación da arte e da cultura, grazas, por exemplo, a unha potente industria audiovisual que fai da animación galega un referente europeo que proxecta no mundo o talento do país. E grazas tamén a unha rica tradición literaria que, mentres celebramos os 150 anos dos Cantares Gallegos de Rosalía, acada o primeiro premio nacional para a poesía galega da man de Manuel Álvarez Torneiro.

Capacidades do sector da automoción, que o pasado 2012 fabricaba 297.000 vehículos en Vigo e para este 2013 agarda superar a cifra de 400.000, cun incremento do 35 % en fabricación de vehículos.

Capacidades do sector lácteo, que estaba marcado pola baixada constante do prezo do leite e que hoxe ten o nivel

máis alto dende o ano 2009, con doce meses de subidas consecutivas.

Capacidades do sector agrícola e forestal, como acredita o aumento sostido das facturacións e das exportacións en produtos como a madeira, onde as exportacións subiron case un 5 % dende o ano 2012; o viño, no que as exportacións subiron un 30 % nos últimos cinco anos; a carne, onde a facturación de Ternera gallega aumentou un 20 % nos últimos cinco anos; ou a produción ecolóxica, que aumentou case un 4 % a facturación dende o ano 2012.

Capacidades tamén da pesca e do marisqueo, que logrou a consolidación comercial de moitas especies e que logrou tamén incrementar o valor das exportacións das conservas galegas en máis dun 4 % e a súa produción en máis dun 5,4 % dende o ano 2012.

Permítanme que me deteña un momento para reiterar que a Xunta ve na pesca e no marisqueo un dos grandes puntos fortes da economía galega, que debe potenciar e debe protexer. E así o fai en todas as fontes,... (*Aplausos.*) como fixo ata o final en relación co acordo con Mauritania; onde non renuncia a poder incorporar a nosa frota cefalopodeira ao ofrecerlle a esta un caladoiro alternativo. E así o fai tamén adoptando as medidas necesarias para garantir que todos os produtos do noso mar e das nosas rías adquiridos polas canles legais poidan consumirse sen problemas, porque así evita que un fenómeno da natureza que é puntual ameace o prestixio das riquezas emblemáticas das nosas rías, como son o mexillón, a ameixa ou o berberecho.

Señorías, esta terra xera produtos que se distinguen e seducen ao mundo pola súa extraordinaria calidade. Somos conscientes de que aí reside unha das nosas maiores fortalezas, por iso quero anunciarlles que o vindeiro ano poñeremos en marcha un plan de relanzamento da marca Galicia calidade para que sexa o selo que distinga os produtos e os servizos galegos como garantía dunha calidade sobranceira. É unha medida que busca, por unha banda, o efecto interno de incrementar a confianza e o consumo dos produtos galegos da nosa terra, e con ese ánimo prestaremos especial atención aos produtos agroalimentarios e pesqueiros. Pero ademais esta marca será un pasaporte que facilite a entrada dos produtos galegos en novos mercados externos.

Señorías, todo o conseguido ata o de agora e todo canto poidamos conseguir é e será mérito de Galicia e dos galegos, é e será o resultado dunha combinación axeitada dos recursos do país coa capacidade da xente. Por iso o conxunto das políticas da Xunta está ao servizo dese equilibrio. A acción deste goberno orientase en exclusiva a Galiza e aos galegos. É a nosa obriga diagnosticar os seus problemas, fixar as súas prioridades e apoialos na procura das solucións.

Hoxe a necesidade urxente e primordial é medrar e crear emprego, atopar o camiño que nos permita volver a recoñecernos como unha terra rica en oportunidades; a esa meta consagramos os nosos esforzos. (*Aplausos.*) Así se explica a nosa vontade de apoiar a todos aqueles que contribúen a diario a que a nosa economía recupere a vitalidade e a que volva xerar riqueza e postos de traballo. Cada emprendedor é unha persoa que se pon á disposición do futuro do seu país, e por iso o país tense que poñer tamén á súa disposición. A Xunta fíxoo e faino en todos os niveis do tecido produtivo e con todas as fórmulas ao noso alcance. As axudas ás pemes, aos grandes investimentos, aos autónomos ou aos clústers ou cooperativas non só non se teñen minorado, senón que se teñen reforzado. As liñas de apoio ampliáanse para chegar a todos os eidos posibles, desde o asesoramento para elaborar un plan de negocio ata a incorporación ás novas tecnoloxías ou ao financiamento.

Para todas as necesidades dunha empresa viable a Xunta ten a porta aberta. Ningún goberno pode conter por completo os efectos da maior crise que recordamos, e son plenamente consciente de que moitas empresas se viron abocadas ao peche e de que outras tiveron que reducir de forma importante os seus cadros de persoal. Pero tamén quero deixar constancia do importante labor colectivo que fixemos e que seguiremos facendo para que empresas que teñan acreditada a solvencia, pero que se vexan resentidas pola caída do consumo ou pola dificultade de obter circulante, sobrevivan á crise.

Clesa, Maderas Iglesias, Cosmos, Vulcano, Barreras, Factoría Naval de Marín, Eduardo Vieira, son só algúns exemplos, señorías, de que empresarios e traballadores capaces, xunto cun goberno comprometido, fomos quen de blindar a continuidade de máis de 260 empresas grazas a 335 operacións de avais e préstamos que mobilizaron preto de 600 millóns de euros. Esa seguirá a ser para nós unha vía priori-

taria, porque a pesar de que a situación non é boa, a través dela logramos atenuar a crise nos ámbitos estratéxicos da nosa economía que afrontaban unha tesitura financeira certamente complicada. Refírome, por exemplo, ao sector da automoción, que obtivo nos últimos catro anos axudas por valor de 90 millóns de euros que mobilizaron máis de 625 millóns de euros. Refírome ao sector do transporte de mercadorías e de viaxeiros, que temos preservado para que quede exento da homologación do céntimo sanitario a nivel do resto de España. Refírome ao comercio, que recibiu unha inxección económica de 125 millóns de euros nos últimos anos e que xa lles adianto que vai contar cun novo plan de axudas para fomentar a remuda xeracional nos establecementos. Ou refírome en xeral ás pequenas e medianas empresas, principais beneficiarias da liña de apoios para unha mellor competitividade, que mobilizou o pasado ano máis de 100 millóns de euros.

E non quero deixar de referirme ao naval, nin de transmitirles ata que punto vén ocupando este sector o primeiro plano das preocupacións da Xunta de Galicia. Foi grazas a esa preocupación como pasamos dunha situación coa práctica totalidade dos estaleiros en quebra técnica a esta, na que contan cunha estabilidade financeira a través dunha inxeción de 80 millóns de euros por parte da Administración autonómica. E foi así tamén como, logo de arrastrar durante máis de dous anos un bloqueo comercial polo problema coñecido de *tax lease*, acadamos unha solución e xa está en vigor un sistema fiscal que permita levar a cabo de novo unha política comercial estable.

Debo admitir que me gustaría que a inqueda que leva ao Goberno galego a buscar continuamente novos espazos de viabilidade para o naval tivese unha equivalencia en intensidade no organismo de dotar de carga de traballo o futuro dos estaleiros da ría de Ferrol, e que non é outro que Navantia. Por iso espero que cristalicen as súas expectativas en Qatar ou en Australia, ou na petroleira española.

E tamén quero transmitirles que manteño intacta a confianza en que, pese a unha indesexada demora nos prazos, Petróleos Mexicanos (Pemex) cumpra cos contratos asinados e aborde desde novembro a construción en Ferrol e en Vigo de dous floteis comprometidos, (*Aplausos.*) porque —debo dicilo— non teño ningún motivo para dubidar dunha compañías sería como esta petroleira nin moito menos do

valor da palabra do anterior e do actual presidente dos Estados Unidos de México.

Señorías, é innegable o esforzo e son innegables os resultados. ¿Podemos darnos por satisfeitos? Desde logo que non, pero si debemos atopar neles un estímulo, máis aínda cando sabemos que son cada vez máis as galegas e os galegos movidos por un impulso emprendedor e que con eles o número de novos negocios supera este ano os do ano anterior.

A Xunta actúa para que esa tendencia se consolide no futuro. A expresión máis clara desa estratexia é a Lei de emprendemento da economía produtiva, da economía competitiva de Galicia, unha norma que concibimos para dar máis facilidades e máis financiamento a calquera persoa que decidise converter unha idea nun proxecto.

Esa dobre meta guiounos na orixe e na tramitación desta lei, e vai seguir guiándonos ata a súa aprobación definitiva neste Parlamento, porque sabemos da importancia de reducir a burocracia e as trabas a calquera emprendedor. Tomamos a decisión de eliminar as necesidades das licenzas municipais para abrir un negocio, e xa lles avanzo que seguiremos, coa apertura o vindeiro mes de novembro da xa anunciada unidade Galicia Emprende, co compromiso de que avalíe a viabilidade dun proxecto —o que se queira plantexar— nun máximo dun mes, pero tamén incluíndo no proceso de emendas novidades importantes, como a posibilidade de apertura automática, é dicir, que unha persoa que queira pór en marcha unha empresa poida facelo de xeito inmediato e non terá que agardar nin sequera quince días para iniciar a actividade desde que presenta a comunicación previa; ou creando as entidades certificadoras de conformidade municipal, para que o emprendedor delegue nelas a tramitación e a responsabilidade de todo o *papelamen* posterior.

Con todo, somos conscientes de que non abonda con eliminar obstáculos administrativos e de que fai falta acompañar os emprendedores na súa gran necesidade: o financiamento.

Así, ademais de seguir apostando pola estratexia de venda de solo industrial, que, como saben, pretende simplificar o acceso a parcelas e abaratalas nunha media dun 20 % —que pode chegar ata un 50 %— de desconto en determinados

casos, e ademais de aprobar antes de que remate o ano o Plan sectorial de áreas empresariais para planificar no futuro máis de 52 millóns de metros cadrados de solo industrial en 121 posibles emprazamentos ao longo da xeografía galega, confirmolles que no vindeiro ano 2014 a Lei de emprendemento poñerá ao redor de 50 millóns de euros en recursos públicos e privados á disposición de todos os que inicien un proxecto económico, (*Aplausos.*) que se beneficiarán, ademais, dunha batería de catro bonificacións fiscais: bonificación fiscal, redución fiscal no IRPF, no imposto de patrimonio, no imposto de sucesións e doazóns e no imposto de actos xurídicos documentados con carácter retroactivo, como dixemos, dende o 1 de xaneiro deste ano 2013.

Este apoio decidido que damos aos emprendedores galegos gustaríanos que fora tamén complementado por unha entidade financeira de referencia en Galicia. Como saben, logo do proceso de bancarización levado a cabo por parte do Goberno central anterior, a Xunta de Galicia non ten competencias sobre Novagalicia Banco, pero si ten opinión. A entidade corrixiu os erros de xestión dos últimos anos e espera o interese de varios investidores. Saudamos que este banco poida ser o primeiro nacionalizado en España que empece a devolver diñeiro público.

E respecto dos diferentes proxectos que ten o FROB para elixir o futuro de Novagalicia Banco, a Xunta estará con aquel que máis compromiso mostre con Galicia, para actuar desde Galicia e para Galicia, para os emprendedores, as familias e o país, tanto dende unha perspectiva económica como dende unha perspectiva cultural e social.

Señorías, queremos redobrar o apoio ao tecido produtivo e aos emprendedores, porque na súa man está en gran medida achegarnos a esa luz que comeza a avistarse ao final deste túnel económico.

Nese senso, o apoio directo á xeración de emprego ten sido un pilar fundamental das nosas políticas que convén reforzar. Fomos pioneiros na pasada lexislatura ao crear por primeira vez unha axuda para a contratación indefinida do primeiro traballador por parte dun autónomo, e volvémoslo ser este ano como unha das primeiras comunidades que financian a contratación indefinida tamén do segundo e do terceiro traballador por parte dun autónomo. (*Aplausos.*)

Facilitamos, señorías, a inserción laboral dos colectivos que máis o precisan, con medidas novidosas como o incremento da porcentaxe reservada para as persoas con discapacidade, os contratos de formación dual para os mozos ou a posibilidade de combinar a percepción da renda e integración social de Galicia cun traballo.

260.733 galegos son a principal razón para que intensifiquemos as políticas de emprego. E quero anunciarlles dúas medidas nesa dirección. A primeira, aprobación no vindeiro ano dunha lei de economía social, toda vez que as cooperativas demostran ser unha fórmula eficaz para o emprego. E, en segundo lugar, a creación dunha carteira de servizos de emprego que será a base dunha fonda transformación no funcionamento das oficinas de emprego, co obxectivo de incrementar a intermediación real entre os traballadores e as empresas, é dicir, que xestionen novas oportunidades de ocupación e non se limiten a xestionar o paro.

Estas e outras medidas teñen a súa razón de ser nun obxectivo de todos, e, polo tanto, no que todos deberíamos traballar xuntos. Nesta lexislatura, comezar a reducir o drama de persoas que sofren o desemprego deixou de ser un propósito inalcanzable para converterse nunha previsión razoable. (*Aplausos.*) Porque aínda que mantemos a previsión de que será en 2015 cando a economía galega comece a crear emprego neto, tamén sabemos que 2013 será a primeira vez desde que comezou a crise en que un exercicio se pechará con menos parados que cando comezou ese ano, e que en 2014 será o primeiro ano da crise que contará cuns orzamentos que inclúan a previsión de que a taxa de paro se reduza e a economía, o produto interior bruto, volva crecer por primeira vez desde que se iniciou a crise.

Pero este Goberno traballa coa vista posta alén do presente e do futuro inmediato. Non busca unha recuperación económica feble, que implique hipotecar para sempre as nosas fortalezas como país. Galicia quere e precisa emprego, crecemento e riqueza, pero para hoxe e para mañá. Conseguilo só é posible sometendo a acción política a un profundo traballo de estudo e a un profundo traballo de planificación.

Eu podo garantirlles que todo o que veño de expoñerlles responde a ese principio. E coa mesma rotundidade asegúrolles que a planificación segue a ser a nosa folla de ruta en

todos os ámbitos da xestión, porque Galicia non só debe medrar, debe pensar como quere facelo. *(Aplausos.)*

Señorías, o modelo de crecemento sostido e sustentable que buscamos require, entre outras cousas, acadar un equilibrio óptimo entre as nosas necesidades e as nosas potencialidades.

A auga. A auga é o mellor exemplo do que lles digo. Durante anos reclamouse –sen demasiado éxito– unha verdadeira planificación hidráulica que superase as carencias de saneamento e abastecemento e, sobre todo, as constantes advertencias da Unión Europea.

O certo é que hoxe Galicia ten un plan en marcha para logralo, que xa permitiu mobilizar 461 millóns de euros en máis de 370 actuacións nos últimos cinco anos, e xa lles anuncio que se ampliará. Ampliarase con importantes avances nos próximos anos para pechar por fin o compromiso de sanear as rías, completando o sistema de saneamento da ría de Ferrol entre 2014 e 2015, coa entrada en funcionamento da depuradora provisional de Vigo a principios de 2014 ou iniciando o proxecto de dragado da ría do Burgo, con actuacións de abastecemento coas que pretendemos dar cobertura aos núcleos de máis de 50 habitantes, e coa posta en marcha de estacións depuradoras con capacidade para satisfacer as necesidades de 278.000 galegos, entre elas a futura EDAR de Santiago a principios de 2014, da que estará emitida a declaración de impacto ambiental da nova ubicación, ou a de Ourense, que estará en obras antes de que remate este ano.

Pero a planificación é tamén a ferramenta coa que acadar unha Galicia que sexa próspera e que sexa ao mesmo tempo respectuosa co patrimonio ambiental, que fai dela un territorio único.

Este país ten na minería unha oportunidade. A riqueza xeolóxica desta terra é abondo para facer dese sector, no que traballan ao redor de 7.000 persoas, un elemento tractor de crecemento, e por iso creo que Galicia sería profundamente inxusta consigo mesma se caese no rexeitamento sistemático de toda proposta de actividade extractiva.

Señorías, quero deixar claro que a Xunta vai estar con todos os que queiran investir en Galicia, con todos os que queiran facer crecer Galicia e con todos os que queiran xerar

emprego en Galicia, pero tamén que non vai amparar a quen o queira facer sen o suficiente compromiso ambiental ou sen o suficiente compromiso económico ou técnico ou sen o suficiente compromiso co país.

Por este motivo, o Goberno galego ten decidido non autorizar o proxecto da mina de Corcoesto, ao entender que non acredita, actualmente, o cumprimento de todos os requisitos que establece a lexislación vixente. *(Aplausos.)*

E, ademais, avánzolle, señorías, a creación por primeira vez dun canon no sector mineiro, destinado a blindar o liderado ambiental de Galicia tamén neste eido, tal e como fixemos tamén por primeira vez no sector eólico cunha taxa que nos permitiu recadar xa 100 millóns de euros.

Existen neste país exemplos dabondo de que o aproveitamento económico dos recursos naturais, cando se aborda de xeito responsable, é perfectamente compatible coa preservación do contorno, como converter a mina das Pontes no maior lago da península Ibérica.

Por iso, a Xunta será estrita nas súas exixencias, pero non caerá nunca nun ofuscamento negativo que suporía pechar-lles portas a oportunidades para os galegos e as galegas.

Galicia ten tamén unha oportunidade nas enerxías renovables. Propóñolle que falemos delas para o noso futuro, porque non só implica unha posibilidade real de crecemento económico senón tamén unha aposta por amosar unha Galicia comprometida co seu patrimonio natural.

Desde esa dobre perspectiva, quero anunciarlles que a Xunta vai reforzar o desenvolvemento das enerxías renovables e que os orzamentos do vindeiro ano 2014 incluírán unha rebaixa no imposto de transmisións patrimoniais para todos os proxectos que se leven a cabo neste ámbito mediante unha bonificación do 92,5 % do imposto, dende o 4 % ao 0,3 %. *(Aplausos.)*

Este incentivo fiscal será aplicable a todas as enerxías renovables que se desenvolvan en Galicia, pero xa lles avanzo que a estratexia neste eido fará unha aposta reforzada por dúas delas: o eólico e a biomasa.

Señorías, en paralelo á rebaixa fiscal que lles veño de anunciar, hai tempo que vimos traballando man a man co

sector eólico no deseño das melloras que permitan facer fronte á situación actual, condicionada polo contexto económico e sobre todo pola reforma eléctrica coa que o Goberno central debe facer fronte a un déficit tarifario de preto de 30.000 millóns de euros de débedas.

Pois ben, no canto de atopar na nova conxuntura unha escusa para a inacción, confirmolles que presentaremos ante o sector eólico unha batería de medidas encamiñadas a garantir o mantemento do noso liderado histórico neste eido.

No ámbito normativo, actualizando o Plan sectorial eólico de Galicia, para dotar de blindaxe definitiva a calquera desenvolvemento futuro, apostando pola modernización dos parques actuais.

Así, duplicaremos a bonificación fiscal existente no canon eólico a aqueles promotores que aposten pola innovación e a redución do impacto ambiental, e a este respecto modificaremos o noso decreto de repotenciación dos actuais parques para axilizar ao máximo a tramitación administrativa destes investimentos.

En terceiro lugar, mantendo activa a fronte de defensa das enerxías renovables galegas. Con este fin acabamos de abrir unha comisión bilateral co Goberno para solicitarlle a modificación da reforma, porque entendemos que é prexudicial para o desenvolvemento dos intereses galegos. Ademais, comprometémonos a axilizar os trámites administrativos e dos prazos para a execución dos parques eólicos, de cara a incrementar as exixencias aos promotores para conseguir o acurtamento nos prazos de investimento, co obxectivo de poder ver nesta lexislatura parte dos investimentos eólicos en funcionamento, a pesar da reestruturación bancaria e do déficit tarifario histórico que ten neste momento España.

E, neste senso, mantemos as facilidades para que aquel promotor eólico que non queira desenvolver os seus megavatios, ou parte deles, que os devolva, tendo en conta que ata o de agora ningún promotor eólico ten renunciado voluntariamente aos seus megavatios e boa parte deles segue cumprindo cos seus compromisos de investimento e emprego nos plans industriais asociados aos megavatios gañados.

No que respecta á biomasa, debo dicir que as nosas características naturais nos sinalan un destino como potencia

neste eido; temos que aproveitalo, e quero dicirlles que a Xunta está decidida a facelo.

Comunicolles que o vindeiro ano 2014 desenvolveremos, por primeira vez, un plan de acción integral da biomasa en Galicia, co obxectivo de dotar de absoluta preferencia esta actividade económica. Así, ademais de bonificar fiscalmente a produción de biomasa –como lles anuncie– para o conxunto das enerxías renovables, incentivaremos o consumo práctico deste combustible. Deste xeito, os proxectos de innovación relacionados co desenvolvemento da biomasa térmica serán prioritarios na repartición das subvencións, e aí está o fondo de capital-risco para optimizar unhas liñas de negocio.

A primeira acción de choque será a aprobación dunha liña intensiva de 10 millóns de euros para implantación de equipos de biomasa térmica. Esta axuda estará destinada a diferentes eidos produtivos vinculados ao medio rural, así como a todos os concellos galegos. O obxectivo é alto: que en 2014 se poñan en marcha máis de 1.000 instalacións de caldeiras de biomasa e que cada ano se valoricen 18.000 toneladas de biomasa galega (*Aplausos*.)

Somos –señorías– sabedores da necesidade de predicar co exemplo, e por iso a Xunta de Galicia iniciará un proceso –xa iniciado– de maior consumo de biomasa nos seus edificios administrativos e hospitalarios.

Crear unha industria de biomasa en Galicia que sexa referencia en España é un obxectivo en si mesmo, que non podemos desprezar, nun momento en que se precisan novas oportunidades de crecemento. Significa reducir a dependencia, aproveitando os nosos principais recursos autónomos e autóctonos, porque a biomasa é un combustible galego, barato e limpo, e porque comezar a industrialización do monte galego é unha medida necesaria para diminuír o risco de incendios nos montes da comunidade.

Porque se hai un eido ao que o crecemento dos vindeiros anos non pode ser alleo é a necesaria planificación forestal. Señorías, definir un novo modelo forestal non é sinxelo, nin inmediato. É un proceso que debeu comezar hai décadas, pero o certo é que ata ben pouco ter unha política de montes ao longo prazo que implicase todas as partes en xogo era impensable. No último lustro, demos pasos de gran relevan-

cia. O máis importante é aprobar a primeira Lei de montes da historia de Galicia, pero sen dúbida fai falla moito máis.

Fai falla máis, porque con 2 millóns de hectáreas de superficie forestal, das que 1.400.000 son arboradas, Galicia ten condicións dabondo para ser unha das máis importantes potenciais forestais de Europa. Temos unha oportunidade, e o noso deber é aproveitala.

Para iso, cómpre, en primeiro termo, mellorar a estrutura atomizada da propiedade: 650.000 propietarios forestais, cunha superficie media entre 2 e 3 hectáreas. É imprescindible, en consecuencia, impulsar medidas que fomenten explotacións máis rendibles. E tamén é preciso seguir combatendo o estado de abandono de moitas parcelas forestais, que, ademais de desaproveitar unha fonte de riqueza, supoñen un maior risco en caso de incendio.

Neste sentido, quero comunicarlles que o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria recollerá a posibilidade de incluír de oficio no Banco de Terras aqueles terreos de concentración parcelaria que estean manifestamente abandonados, sempre con comunicación previa ao propietario e outorgándolle un prazo razoable para a súa posta en explotación e sen perder nunca a propiedade.

Son medidas necesarias, que se moven nese escenario do aproveitamento económico no que Galicia ten por diante moita marxe para a ambición.

Isto terá tamén efectos na política de prevención dos lumes, pero que ninguén se engane. Si, iso non abonda para frear as lapas, porque Galicia non arde, a Galicia quéimana, e por iso temos que continuar redobrando os esforzos para perseguir os incendiarios.

Penso que neste senso son importantes avances o proxecto de reforma de Lei orgánica do Código penal para o endurecemento das penas e a decisión da Xunta de persoarse de forma automática en todas as causas.

Pero, ademais, adiántolles que, antes do próximo verán, aprobaremos a reforma legal que dotará a Policía Autonómica da potestade suficiente para multar no acto o incendiario e que se inicie sen máis trámite un proceso sancionador contra el.

Señorías, pídolles explicitamente claridade neste punto. Coido que sería un acerto de todos que non lles quedase ningunha dúbida aos incendiarios de que ante os lumes os adversarios son eles. Contra a súa actividade criminal, os cidadáns esperan de nós condena e colaboración (*Aplausos.*)

Señorías, compartín con vostedes a forma dunha acción de goberno que ten como único fondo esta terra e a súa xente. Son medidas de apoio a Galicia, aos galegos e aos seus proxectos, e son tamén medidas orientadas a apuntalar os sectores estratéxicos da economía e a proxectar aqueles que o poden ser.

Pero son tamén medidas que para acadar un éxito pleno precisan desenvolverse nun país vertebrado e aberto, tan ben conectado por dentro como relacionado por fóra.

Por iso, de forma acompañada co impulso do tecido produtivo, traballamos no despregamento dunha rede de infraestruturas de transporte e de comunicacións que funcione como estrutura que dá soporte ao crecemento, de igual xeito que orientamos Galicia cara ao mundo e ao futuro cunha aposta inequívoca: pola innovación e a internacionalización.

Galicia esperou longamente unha folla de ruta capaz de mellorar a súa mobilidade e de achegala a un auténtico equilibrio territorial. Hoxe témolos. Logramos que, en plena crise, o 75 % dos galegos estean a menos de quince minutos dunha vía de alta capacidade, e estamos no camiño de completar a porcentaxe.

Entre este ano e o que vén teremos posto en servizo sesenta quilómetros de estradas de alta capacidade. E avanzamos en infraestruturas tan agardadas como a autovía do Morrazo, cuxos proxectos construtivos se adxudicarán todos antes de que remate o ano; ou a variante de Noia, que entrará en servizo o próximo verán; ou o tramo Tomiño-A Guarda, da vía de alta capacidade que une A Guarda con Tui.

Do mesmo xeito, conseguimos poñer en marcha o transporte metropolitano nas áreas de Lugo, A Coruña, Ferrol e Santiago, e aspiramos a acadar o mesmo en Ourense, en Pontevedra e en Vigo, para continuar nunha liña de aumento de usuarios do transporte público, que xa chegou a un incremento do 17 %. (*Aplausos.*)

Señorías, moito se ten tamén falado –e escrito– sobre a necesidade de que a alta velocidade chegue a Galicia. Non hai tanto tempo parecía unha posibilidade remota. Pero este país non se rendeu, e hoxe o compromiso cun AVE galego é firme e conta co que verdadeiramente conta: con reflexo nos orzamentos do Estado.

Así o demostra o feito de que o vindeiro ano seremos a segunda comunidade con maior peso no Ministerio máis investidor –o de Fomento– e a terceira no cómputo xeral dos presupostos do Goberno central. E así o demostra o feito de que, pese a supoñer o 6 % da poboación de España, recibamos máis do dobre en investimentos, o 13,1 %.

Hai a quen isto lle parece inxusto, os mesmos que disfrutan desde hai anos de varias liñas de AVE e que obvian que na actualidade das seis cidades peor comunicadas por tren con Madrid cinco son galegas; por esta orde: Ferrol, Pontevedra, Lugo, Almería, Vigo e A Coruña.

Grazas a un compromiso que se traduce en investimentos, os galegos podemos ter hoxe un calendario certo para completar o mapa de infraestruturas pendentes, de xeito que neste ano 2013 estará en servizo todo o percorrido galego da autovía do Cantábrico. En 2014 estará rematado todo o eixo atlántico de alta velocidade. En 2015 o grao de execución do AVE permitirá que os tempos de conexión ferroviaria coa Meseta sexan mellores que os que se poidan acadar por estrada. E en 2018 rematarán definitivamente as obras da liña Madrid-Galicia, Meseta-Galicia, de alta velocidade.

Sabemos que unha sociedade que busca ser equilibrada e unha economía que quere ser competitiva necesita estar conectada máis alá das infraestruturas de transporte. Iso motivou o noso esforzo para dar resposta a miles de galegos que precisaban acceso ás novas tecnoloxías en igualdade de condicións coas zonas máis desenvolvidas de Galicia. Adiantamos o obxectivo de banda larga, de xeito que a finais deste ano –2013– o 97 % da poboación xa terá acceso a ela por vía terrestre.

Ser un país aberto ao futuro pasa necesariamente por reforzar a nosa aposta pola innovación. Realizamos ata o de agora un esforzo importante, tanto no eido normativo –a Lei de innovación e a Axencia de Innovación– como sobre todo incrementando os recursos. Só en 2013, destinamos á inno-

vación e investigación máis de 150 millóns de euros, e con isto impulsamos proxectos de relevancia e impacto.

Pero, ademais, somos unha das poucas comunidades de España con dúas convocatorias do programa Interconecta-Innovación. Impulsamos por primeira vez unha liña de axudas para innovación nas empresas e destinamos unha partida específica para os centros tecnolóxicos e outra para os centros de investigación de alto nivel das universidades galegas.

E xa lles anuncio que en 2014 poñeremos en marcha un programa para a retención e captación de científicos de alto nivel. Trátase de ofrecer un contrato estable, na comunidade autónoma, a aqueles investigadores que teñan sido recoñecidos a nivel europeo, ou captado financiamento internacional, e aos que debemos garantir igualdade de condicións en Galicia que as que reciban fóra. *(Aplausos.)*

Estamos, señorías, obrigados a manter e reforzar a innovación como un dos eixos prioritarios para os vindeiros anos, por moitos motivos, entre eles que a innovación será un dos requisitos de acceso aos fondos do próximo presuposto da Unión Europea 2014-2020.

É certo que respecto aos presupostos comunitarios logramos o máis importante, sen dúbida, unha das mellores noticias económicas de toda a lexislatura: blindar o 80 % dos fondos que viña recibindo a Xunta de Galicia, case 2.800 millóns de euros. Pero, ademais, debemos garantir que o uso deses recursos sexa coherente coa estratexia da Unión no que resta de década, a coñecida Europa 2020.

Nese senso, anúnciolles que antes do vindeiro mes de novembro aprobaremos no Consello da Xunta a Estratexia de especialización intelixente (RIS3), e que asentará precisamente na innovación cinco eidos prioritarios nos que Galicia quere investir os fondos europeos para o período 2014-2020. Primeiro, no eido da sanidade; segundo, na agricultura e na pesca, con especial mención á biotecnoloxía e á acuicultura; terceiro, no medio ambiente, no turismo e na enerxía; cuarto, na tecnoloxía, especialmente orientada en mellorar a eficiencia da Administración e a seguir abaratando os seus custos de funcionamento; e último, quinto, no eido da innovación orientada ás empresas.

Unha Galicia próspera debe ser, por forza, unha Galicia aberta ao mundo, e o camiño ten que ser a internacionalización da economía. Nese senso, temos definido con quen facer ese proceso, e as políticas de internacionalización da Xunta van da man dos emprendedores, das cámaras e dos galegos no exterior.

Pero tamén temos decidido con que –sobre todo con que– abordar ese proceso: cada vez con máis recursos. Hoxe destinamos un 254 % máis de presuposto ás políticas de internacionalización que na pasada lexislatura, e isto ten permitido que a balanza comercial galega sexa unha das máis positivas de España.

Pois ben, señorías, con este punto de partida cómpre que detallemos como queremos intensificar a política de internacionalización nos próximos anos. Penso que neste senso hai que traballar en dous ámbitos. En primeiro lugar, incrementando os esforzos na captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia; e, en segundo lugar, traballaremos coa aspiración de converter Galicia na plataforma loxística do sur de Europa.

O futuro portuario da nosa comunidade autónoma ábrenos unha oportunidade que non podemos desaproveitar. Comprobar a envergadura do porto exterior de Punta Langosteira, as posibilidades da terminal de contedores de Ferrol ou a capacidade do porto de Vigo, xunto co porto de Vilagarcía e Marín, malia todas as dificultades, perfila Galicia como un enclave estratéxico e base de operacións para aquelas empresas que queiran introducirse en Europa.

Señorías, se continuamos fomentando a internacionalización da economía galega é porque sabemos que esa semente dá froitos. Hoxe constatamos que os mercados externos dan saída a unha produción estancada pola caída do consumo interno en España e proporcionan ás empresas galegas a fórmula para seguir sendo rendibles e conservar o emprego, cada vez en maior medida.

Durante o primeiro semestre deste ano 2013 as exportacións galegas creceron un 15,7 %, unha porcentaxe que só superou Madrid e que contrasta co 7 % da media española; é dicir, exportamos o dobre que o resto de España. O saldo positivo da nosa balanza comercial é un sinal de que avanzamos na dirección axeitada. Hai outros, porque o certo é

que a práctica totalidade dos indicadores se manteñen en mellor situación que a media de España, e permítenos pensar, desde un moderado e responsable optimismo, que ocupamos os primeiros postos na liña de saída da crise.

Galicia ten menos déficit, menos paro, menos recesión e menos débeda pública que o conxunto de España. (*Aplausos.*) Galicia ten, señorías, unha taxa de paro inferior á media de España e é a cuarta autonomía na que máis baixou o paro rexistrado no que vai de ano. Galicia ten menos recesión; fomos a segunda comunidade autónoma con menor recesión da súa economía durante todo o ano 2012, un -0,9 fronte a un -1,6 da media de España. Galicia ten menos débeda pública que o conxunto das comunidades, exactamente un 38 % menos que a media; e é a terceira comunidade na que menos medrou a débeda durante a crise. E Galicia ten tamén máis produción industrial, sendo a terceira economía con maior incremento no que vai de ano. Galicia rexistra un incremento da confianza dos consumidores, cun aumento de preto do 7 %, no segundo trimestre do 13. E Galicia constata tamén un aumento da confianza empresarial, que chegou a un incremento do 7,6 % no mesmo período.

Nada máis lonxe do meu ánimo que transmitir un irresponsable triunfalismo. Teño ben presente exemplos do prexudicial que pode resultar facer en falso, pero coincidirán comigo en que estes datos permiten afirmar que nos achegamos a un escenario novo, a un escenario de transición, cara a unha nova etapa de crecemento económico. Sei ben que isto soará insuficiente para as familias –moitas– que aínda o están pasando mal; por elas debemos ser respectuosos nas manifestacións e cautelosos nas previsións. As esperanzas son fundadas e estamos na vía que conduce a transformalas en realidades. Pero unha cousa é que se recupere a economía e outra cousa é que se recupere España e Galicia, e iso non o lograremos ata que atallemos o problema do paro.

É certo que o camiño que temos andado nos últimos anos foi difícil e que aínda non chegamos á meta, pero tamén é certo que estamos na dirección axeitada. Esta ruta está construída de esforzos pero son esforzos que pagaron a pena porque comezan a mostrar resultados. Non foi sinxelo ser os primeiros en tomar esa senda, pero tamén, por saber adiantarse, Galicia hoxe está en mellor situación. Mellor non só porque se despexou o risco de rescate de España e, segundo coinciden todos os prognósticos, pódese prever o inicio da

recuperación nesta lexislatura. Mellor tamén, señorías, porque logramos consolidar comportamentos, consolidar comportamentos que nos valeron para sobrelevar mellor a crise, que servirán para alcanzar antes a recuperación económica e que aplacarán os riscos das futuras conxunturas negativas.

Refríome a que hoxe ninguén discute que se pode funcionar con gobernos menos custosos, e que todos aceptan que controlar o déficit é fundamental porque non facelo limita o autogoberno, e sen autogoberno non hai autonomía. Ou refríome tamén a que normalizamos unha maior transparencia, como o demostramos ao obrigar por lei a que estes e os futuros membros do Goberno publiquen o seu patrimonio ao chegar e ao marchar da Xunta. E xa lles digo que seguiremos por ese camiño, traendo ao Parlamento a Lei de publicidade institucional.

Señorías, o esforzo das galegas e dos galegos pagou a pena, pagou a pena porque logramos por fin estabilizar as nosas contas e o próximo ano teremos un nivel de gasto similar ao do ano 13. E mereceu a pena porque ese camiño é o que nos permite contar cuns servizos públicos que amplían a súa cobertura a pesar das dificultades económicas. E, de feito, poucas ou ningunha comunidade autónoma presentan no seu conxunto unha política social máis completa que Galicia. En plena crise, a nosa política social chega a máis cidadáns que en época de bonanza. E hoxe máis rapaces aprenden idiomas e teñen ordenadores no ensino público, máis rapaces teñen acceso a unha praza pública de comedor escolar, máis maiores poden acceder a prazas públicas en centros de día e residencia –un 44 % máis–, máis dependentes son atendidos –o triplo que no ano 9–, ou máis cidadáns teñen preto hospitais públicos renovados ou en construción e que agardan menos para ser atendidos, cunha redución media para os pacientes con patoloxías máis graves que pasou de 37 días de media a 16.

Señorías, porque sabemos que paga a pena, temos folgos para continuar avanzando por ese treito longo que aínda nos separa da media. Fixemos o máis importante: sentamos as bases dunha economía responsable e rigorosa; réstanos ser capaces de construír sobre ela o crecemento, e iso requirirá novos esforzos. Pero eu asegúrolles a todos os galegos que volverá pagar a pena; dígollo porque, pese a padecer unha caída dos ingresos similar á do resto de España, en Galicia logramos conter a presión fiscal que se desatou en moitas outras partes de España.

Puidemos con carácter xeral evitar a suba dos impostos e cando nos vimos obrigados a facelo demoramos ao máximo a súa entrada en vigor. Iso foi posible en gran medida polo bo traballo levado a cabo na loita contra a fraude fiscal, que desde o ano 2011 permitiu recadar 230 millóns de euros máis e o vindeiro ano continuará cunha segunda fase para ampliar a cifra noutros 50 millóns de euros máis. E non soamente iso, senón que fomos quen de aplicar rebaixas selectivas de impostos por valor de 116 millóns de euros, que beneficiaron a 167.000 contribuíntes. Ese é o camiño que seguimos ata agora e queremos seguir nos próximos anos.

Nesta liña quero anunciarlles que os orzamentos que aprobaremos esta mesma semana van incluír unha rebaixa do tramo autonómico do imposto da renda das persoas físicas (*Aplausos.*) para todos... (*Aplausos.*) Señorías, digo que os presupostos que aprobaremos o venres van incluír unha rebaixa do tramo autonómico do imposto da renda das persoas físicas para todos os que teñan unha base liquidable ata 17.700 euros, de xeito que o tipo dese gravame pasará do 12 ao 11,5 %, beneficiará a sete de cada dez galegos, e deste xeito Galicia será a comunidade, xunto con Extremadura, co IRPF máis baixo para as persoas con menor renda. (*Aplausos.*)

Señorías, desde que os galegos nos confiaron a responsabilidade de dirixir Galicia, orientamos o noso foco, todos os nosos esforzos, a tres tarefas: analizar, actuar e xestionar a política económica e social dun país que estaba economicamente enfermo. Fixémolo con rigor, poñendo en marcha medidas que nos permitisen recuperar o rumbo na deriva. Estámolo enderezando grazas ao esforzo de todos, ao esforzo de cada galego; a un esforzo que nos permita afrontar un presente un pouco máis optimista e un futuro ao que ollamos con esperanza de devolverlle a cada galego o resultado que o seu esforzo merece. Teño a certeza de que Galicia sairá, teño a seguridade de que crecemos. Pero creo que non debemos facelo de calquera xeito, debemos medrar importándonos o mañá.

As medidas que puxemos en marcha ata o de agora permítenos afirmar que nos diriximos a un modelo de crecemento solidario; cara a aí camiñamos con planificación, con estratexia e medindo cada paso. O noso crecemento será solidario porque será o resultado do esforzo de moitos para que ningún galego se vexa privado daquilo que é esencial

para a súa vida. Porque iso é solidariedade: adhesión sólida, consciente e precisa a unha causa, a causa da protección de todos. Os galegos sabémolo ben e é por iso que hoxe podo afirmar que sairemos desta situación de modo axeitado. Os galegos sabemos que, se todos os que podemos achegamos algo, acadaremos a suma necesaria para axudar aos que non poden.

Porque cando cambiamos a xestión dos comedores públicos, conseguimos que pese á crise o 70 % dos galegos que teñen rendas baixas non paguen nada ou paguen como máximo 1 euro. Cando mudamos o modelo de axudas de adquisición de libros de texto, conseguimos que pese á crise sete de cada dez familias teñan axudas para mercar os libros de texto. Cando homologamos o gravame de hidrocarburos ao resto das autonomías, deixando marxe ao transporte público, á agricultura, á pesca e á calefacción das familias, garantimos que pese á caída de ingresos todos poderemos seguir disfrutando unha sanidade pública completa e perdurable.

Porque se a solidariedade é algo innato ao ser humano, eu diría que esa realidade é maior no noso caso. É o momento de ser solidarios coa vontade posta en lograr un mellor porvir. É o momento de saber que ese crecemento solidario permitirá que ningún galego quede á marxe da cobertura sanitaria, da garantía social, dunha educación digna, dun compromiso cos máis novos pero tamén dun compromiso cos nosos maiores. Un crecemento solidario no que todos acheguemos algo a favor dos que menos teñen, a favor do noso propio futuro, a favor dos que nos han de suceder. *(Aplausos.)*

E deste xeito hoxe incrementamos en máis dun 50 % o orzamento para os perceptores da renda de integración social de Galicia, a risga. Aumentamos un 13 % as partidas destinadas ás entidades de iniciativa social e apoiámos os afectados polos desafuzamentos. Somos a primeira comunidade autónoma en poñer en marcha un protocolo de colaboración con xuíces para tentar evitar estes procesos, primeiro, e, en todo caso, para ofrecerlles asesoramento aos afectados e vivenda cando a execución hipotecaria se consuma. E mantemos unha atención sanitaria pública completa para os inmigrantes en situación irregular que viven en Galicia.

Esforzos para atender as persoas que máis os precisan, os cidadáns con discapacidade; para eles temos executado o 90 % do Plan de discapacidade; e temos a nova Lei de acce-

sibilidade, que facilita a súa autonomía en todos os eidos posibles. Aqueles que precisan dunha praza pública de residencias, centros de día ou de alzheimer, incrementamos nun 40 % respecto á lexislatura da bonanza. Aos dependentes proporcionóuselles unha mellor e máis completa carteira de servizos cunha oferta flexible, de acordo coas necesidades de cada usuario, e que poderá combinar segundo as súas características.

Ou as vítimas de violencia de xénero, porque dúas mulleres mortas este ano son razón dabondo para seguir combatendo esta lacra. Neste eido anúnciolles que en xaneiro do vindeiro ano poñeremos en marcha o Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, que converterá Galicia na segunda comunidade autónoma cun centro destas características. *(Aplausos.)*

Señorías, seguiremos apoiando aqueles que teñan máis dificultades no acceso a unha vivenda, non só mantendo na medida das nosas posibilidades os distintos programas de axudas para alugar unha vivenda senón tamén co compromiso de volver rebaixar o vindeiro ano a orde de prezos de referencia, que xa conseguiu diminuír o imposto do IVE e o imposto de transmisións patrimoniais cunha baixada media dun 20 % nos concellos máis dinámicos, de que forma parte o 80 % da poboación galega.

Pero, señorías, debemos ser conscientes de que os resultados da nosa xestión de hoxe os herdarán os que xestionen o país mañá; pero sobre todo herdaranos cada galego e cada galega, os seus fillos e os seus netos; e eses mesmos resultados serán os que garantan a sustentabilidade dos servizos públicos. Os orzamentos do vindeiro ano destinarán aos servizos públicos practicamente 8 de cada 10 euros, é dicir, o 80 % do total dos recursos – máis que nunca na historia da Autonomía–.

É verdade que supón unha gran cantidade de recursos presupostarios dos que dispoñemos, que loxicamente iso condiciona a marxe de manobra para dinamizar a economía. Pero é preciso porque de nada serviría ir máis rápido no camiño cara ao crecemento se polo camiño deixamos os que entre todos nos demos, ou se renunciámos a legalo nas mellores condicións aos que nos han de suceder.

Iso é unha sanidade pública en plena crise, con menos esperas –e está neste Parlamento a Lei de espera máxima–,

con novos programas, como o da atención especial á obesidade infantil e con máis prevención, e deste senso imos desenvolver unha estratexia de atención integral á cronicidade. Pero tamén é unha sanidade pública garantida para o futuro. En primeiro lugar, sustentable economicamente e, ao tempo, cunha tecnoloxía máis moderna. Temos en licitación o proceso de renovación de toda a tecnoloxía de todos os hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde en plena crise, cun investimento de 88 millóns de euros nos próximos anos, e estamos continuando con todas as infraestruturas en marcha, que se unirán ao novo hospital público de Lugo, posto en marcha e equipado completamente na pasada lexislatura e que contará antes de que remate o ano co Servizo Cardiolóxico de Hemodinámica.

Así, a ampliación do hospital público da Coruña rematarase este ano; a ampliación do hospital público de Ourense, rematarase o proceso de adxudicación este ano; a ampliación do hospital público do Salnés, antes de que remate o ano estará entregado o proxecto; a ampliación do hospital da Mariña, no vindeiro mes estará adxudicada a redacción do plan director; o novo hospital público de Pontevedra, iniciando o Plan de viabilidade; e o novo hospital público metropolitano de Vigo, que xa está a plena execución con tres quendas de traballo.

Porque, señorías, sería moi doado gastar o que non se ten durante catro anos de lexislatura e despreocuparse do futuro, pódase ou non continuar cun sistema de benestar público, pero non basta saír ao paso, hai que garantir tamén un mañá e nas mellores condicións; iso é tamén crecemento solidario.

Pois, iso, manteño intacto o compromiso que teño cos galegos de mellorar —a pesar da crise económica— os servizos públicos de Galicia. *(Aplausos.)* Fixémolo, señorías, ao impulsar unha lei que blindase os tempos de espera máxima na sanidade pública. E hoxe propóñolles un paso máis, anúnciolles que traeremos a este Parlamento unha lei de control de calidade dos servizos públicos para que, por primeira vez, os galegos poidan contar cun seguro que fixe dereitos no ámbito do benestar de forma clara e obxectiva.

Ser solidarios coas xeracións que nos han de suceder significa tamén multiplicar as súas oportunidades de futuro e apostar, a pesar das dificultades, por unha mellor e máis accesible educación pública. Hoxe as universidades galegas

teñen as taxas máis baixas de España e teñen garantida a ampliación das bolsas, das becas, este curso; a formación profesional conta cun 38 % máis de prazas que no ano 2009; e na educación primaria e secundaria, pese á crise, non renunciámos a incrementar o acceso ás tecnoloxías: preto de 49.000 estudantes beneficiados cun ordenador; a aprendizaxe de idiomas, máis de 72.000 alumnos no presente curso reciben clases en tres linguas na educación pública; ou a rede de transporte público e gratuíto máis grande de España.

Señorías, na educación infantil para nenos de 0 a 3 anos non só tentamos facilitar a conciliación da vida laboral e familiar como estamos facendo, poñendo á disposición dos empregados públicos a posibilidade de flexibilidade de horario e teletraballo, aprobado na Mesa xeral, senón que tamén incrementamos en case tres mil as prazas públicas de escolas infantís —máis dun 50 % máis das creadas no Goberno anterior—. Saben que este é, precisamente, un dos obxectivos do Plan demográfico que temos impulsado, e imos reforzalo.

Neste senso, quero anunciarlles que aprobaremos unha nova rebaixa no prezo das escolas públicas infantís, eximindo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* do pago da matrícula e de todos os custos, a partir do segundo fillo, as familias con rendas menores a 30.000 euros. *(Aplausos.)* Un compromiso, señorías, que se une a outras medidas xa anunciadas, como a de elevar ata os 360 euros o incentivo fiscal para familias con fillos menores de tres anos, e que se contemplará xa nos orzamentos que presentamos o venres, para empezar a aplicala no vindeiro ano.

Así mesmo, señorías, temos e buscamos melloras ao servizo público que presta a xustiza con mellores infraestruturas a través do Plan de infraestruturas xudiciais, no que xa temos avanzado o 52 % do total, ou tamén reforzando alí onde haxa máis carga de traballo, como fixemos reforzando o xulgado encargado da instrución do accidente de Angrois, ou reforzando os xulgados da Coruña e de Vigo para poder atender as necesidades dos afectados polas preferentes e subordinadas. Puxemos todos os nosos mecanismos á súa disposición pola vía da arbitrase para que dous de cada tres recuperasen o cento por cento dos seus aforros, e poñerémolos agora tamén, para que catro de cada cinco os recuperen tamén a través da vía xudicial.

Como saben, a palabra “crise” significa cambio, e coido que os cambios que estamos facendo son lóxicos, solidarios e

honestos. E creo tamén que, para ser solidarios e honestos coas xeracións vindeiras, ese cambio debe levar implícito os cauces que analicen a nosa evolución futura. Este Goberno desbotou a idea de querer crecer de xeito descontrolado e foi capaz de abordar por primeira vez na historia unha cuestión urxente, como a de ordenar racionalmente a súa terra; é dicir, fomos quen de dotarnos en poucos anos de tres instrumentos necesarios para superar a materia pendente dende hai décadas.

Afortunadamente, hoxe podemos dicir que Galicia está a pasar a páxina da indefinición urbanística, porque desde hai máis de dous anos están en vigor as primeiras *Directrices de ordenación do territorio*, está en vigor o primeiro Plan do litoral de Galicia e porque hai menos dunha semana presentamos un anteproxecto de lei do solo. Nos próximos días remitíremolo aos grupos parlamentarios para que todos fagan as súas achegas e poidamos aprobar unha normativa con vocación de permanencia e con vocación de consenso que permita dous obxectivos básicos: rematar esta lexislatura cumprindo cos obxectivos de que os concellos poidan ter un instrumento de planeamento urbanístico simplificando e axilizando trámites, e frear a dispersión e potenciar o solo rústico como factor de desenvolvemento, sempre vinculado a proxectos para revitalizar o sector agroalimentario ou o desenvolvemento rural e sempre con criterios que garantan a protección ambiental.

Señorías, é tempo de cooperación. A crise evidenciou a cooperación como a mellor fórmula ata para poder prestar os servizos públicos máis básicos e consolidados. Foron dúcias os concellos galegos que se viron contra as cordas para asumir sequera os seus custos de funcionamento, e deste xeito púxose en cuestión un mapa municipal con 315 gobernos camiñando en paralelo e sen buscar vías de confluencia.

A cooperación revelouse como imprescindible entre as administracións galegas; pode adoptar formas diversas, pero abrazala é xa algo irrenunciable. Xa se comezou en moitos ámbitos, e ao máximo nivel, permitindo a histórica fusión voluntaria dos concellos de Oza e Cesuras, a primeira en máis de corenta anos, e haberá máis.

Hoxe tamén é normal o que parecía impensable: que en todas as ordes de axuda da Comunidade Autónoma primen os proxectos de cooperación entre municipios. Estámolo facendo, e nas vindeiras semanas imos asinar o convenio para ini-

ciar o desenvolvemento do Pacto local da auga. Eu creo que se pode facer –e quero que se faga no futuro– en ámbitos pendentes, como no referido aos aeroportos. Teñen á súa disposición a central de compras proposta pola Xunta, na que estamos dispostos a investir catro millóns de euros para atraer viaxeiros a través da promoción de Galicia como destino.

As cidades, e tamén os concellos, poden contar con nós en todo o que signifique colaborar e traballar conxunta e coordinadamente neste e en todos os eidos, pero ao que non imos contribuír é a unha competencia que en Galicia non ten gañador algún nin a curto nin a medio nin a longo prazo e que só ten derrotados, que son os galegos e as galegas. (*Aplausos.*) É certo, señorías, que en maio de 2015 hai eleccións municipais, pero os responsables políticos non nos debemos ás urnas, debémonos aos cidadáns.

Cooperación, esforzo, solidariedade, visión de futuro e responsabilidade son os principios reitores do plan de Goberno que veño de expoñerlles e son tamén os principios que debe guiar o noso proceder como representantes públicos. Só así lle daremos sentido ao que poñemos en marcha. Os cambios que impulsamos son profundos e reclaman todos os principios aos que fixen referencia, pero tamén quixera sinalar que é precisa a honestidade e a exemplaridade da clase política. A cidadanía merece representantes que actúen pensando só na cidadanía, e nós debemos saber que non pode haber excepcións nin morais nin persoais para quen transgride as normas do servizo público e as leis que obrigan a toda a sociedade. Só sendo honestos poderemos vencer a distancia que hoxe separa os políticos da xente; só así poderemos recuperar a súa necesaria confianza. Esa será tamén unha boa herdanza.

Os galegos reclaman e merecen unha política na que poidan verse reflectidos, e o rancor tampouco é galego. O rancor permanente leva a algúns a comprender e mesmo a xustificar actos terroristas completamente alleos á nosa natureza. Lamento profundamente que haxa quen se sinta máis preto dos que practican a violencia que de presidentes ou gobernos democráticos. (*Aplausos.*) Satisfaime, non obstante, señorías, que esas condutas teñan escaso eco na nosa xente. Pido reflexión e mesura. Non pretendo un acordo co Goberno, senón un acordo coa Galicia real.

Eu fago desde esta tribuna un chamamento para tomar exemplo do país. Ás veces penso que a eses que se deixan

levar pola agresividade non lles gusta o país e que querían cambialo por outro en permanente confrontación civil. A min gústame Galicia tal e como é e os galegos tal e como somos, (*Aplausos.*) e sei, señorías, que esa galeguidade serena non é exclusiva de ningunha ideoloxía, partido ou pensamento; a galeguidade serena é común a todos eles.

Señorías, discutamos como galegos, discrepemos como galegos e acordemos, se é posible, como galegos, porque Galicia é o seu propio modelo. Se os nosos devanceiros loitaron pola autonomía, se os pais do autogoberno teimaron para que esta nacera libre de minoracións e agravios, se temos este Parlamento, non foi para traer aquí polémicas innecesarias ou reproducir querelas que son lonxanas e non concordan coa nosa maneira de ser.

Hai moitos anos, cando a nosa terra aínda soñaba con ser autogobernada, lanzouse aquel berro que dicía: “Como en Irlanda, como en Irlanda”. Hoxe, situados en pleno século XXI, podemos afirmar con orgullo, “Como en Galicia, como en Galicia”. Sirva isto para situar o noso país no debate territorial que algúns están plantexando.

O primeiro equívoco que cómpre disipar está baseado na idea de que este debate atinxe soamente a unha comunidade, ou, mellor dito, a certas forzas políticas dunha comunidade singular. De acordo con ese principio, o diálogo tería que establecerse só entre dous interlocutores, o Goberno central e o Executivo desa comunidade, quedando os demais nunha posición de espectadores. Non podemos estar de acordo con ese plantexamento, porque o concepto de Estado non se limita ao Goberno central, senón que comprende o conxunto da España das Autonomías. En consecuencia, as modificacións que se poidan introducir na estrutura estatal tamén nos competen e poden e deben ser debatidas entre nós. De aí que eu traia este asunto a un debate sobre a nosa comunidade.

Na concepción xenuína do noso autogoberno, a idea autonómica vai tamén unida intimamente á de solidariedade entre territorios. Non hai autogoberno sen solidariedade e non é posible unha solidariedade carente de autogoberno. Non entendemos nunca nin entendemos agora esa solidariedade como esmola, senón como unha xustiza que se aplica despois de séculos de esquecementos e agravios. A solidariedade dános o que nos corresponde; é o que queda consagrado nunha Constitución que define a España como unida-

de plural e diversa. Por iso cuestionala, limitala ou condicionala atenta contra a letra e o espírito da Carta Magna e contra os propios alicerces da Galicia autonómica.

Pido que ningunha forza política faga seguidismo cos que se afanan por destruír este aspecto esencial do pacto constitucional; (*Aplausos.*) nin defenden a Constitución nin tampouco os intereses do noso país.

A gran pregunta que cómpre facerse é: ¿que modelo de Estado lle interesa a Galicia?, ¿un modelo insolidario revestido con fórmulas independentistas ou un esquema que preserve a cohesión territorial que tanto beneficiou a nosa terra dende o comezo da democracia? Coido que a opción maioritaria entre os galegos non é favorable a aventuras, senón partidaria de realidades. Reformemos sen destruír, melloremos sen cuestionalo todo, avancemos mirando cara ao futuro e aprendendo as leccións do pasado.

Sería desenfocar o debate consideralo como un intento dalgúns de loitar contra o centralismo ou a prol dunha liberdade afogada polo Estado opresor. Nin hai centralismo nin opresión ningunha, como non sexan entendidas como meras coartadas. O que está enriba da mesa é a solidariedade, e Galicia non vai estar ausente da discusión que se quere abrir. Non o estará polo que ao Goberno respecta, e non debería estalo no que atinxe a todas as forzas políticas representadas nesta Cámara.

Penso que a solidariedade e a cohesión territorial poden unirmos, calquera que sexa o proxecto político que se persiga. Nel debe ter unha posición central a defensa dunha España solidaria capaz de seguir corrixindo os seus desequilibrios. Insisto, o modelo é Galicia. É Galicia cara a onde hai que ollar. É a hora de tomar postura nun debate que nós non abrimos, pero que implica o noso presente e o noso futuro. Un debate que só debe buscar a forma de deixarnos máis unidos, Galicia unida a España e Galicia unida a Galicia. Sabemos que unha Galicia unida é capaz de moito máis, por si mesma e por todos os que a compoñen. Por iso, señorías, propóño-lles que traslademos a esta Cámara ese espírito cooperativo para abordar os desafíos que aínda este país ten por diante.

Señoras e señores da oposición, un ano despois de iniciar esta lexislatura gustaríanos que desen mostras de como se dialoga. E o Goberno –reitéroo unha vez máis– está dispo-

to a ese diálogo. Porque para abordar cambios de moita maior transcendencia que falar do tamaño do Parlamento ou do nivel de salarios dos deputados, obtiven a receptividade e a disposición de sectores moi diversos de distintos colectivos e organizacións. Por exemplo, chegamos a acordos cos empresarios e cos sindicatos nas mesas de diálogo social, acadamos un pacto tecnolóxico coas principais multinacionais do sector das tecnoloxías, asinamos un convenio con todos os farmacéuticos para garantir o cobro da factura farmacéutica durante toda a lexislatura; cada ano pactamos cos centros sanitarios públicos obxectivos comúns de eficiencia e mellora dos servizos sanitarios; fomos quen de sentar na mesa a produtores, a industria e a distribución no ámbito do sector lácteo para lograr unha mellora de prezos e seguir avanzando no fortalecemento do sector; chegamos a acordos co poder xudicial para poder axilizar os mecanismos de apoio ás familias afectadas polos desafuzamentos e tamén para poder levar a cabo eficazmente e con medios suficientes o xuízo máis complexo da historia de Galicia, como o xuízo do *Prestige*; e mesmo as tres universidades colaboraron para o establecemento dun marco de financiamento estable ata o 2015 e teñen o compromiso de crear un consorcio interuniversitario galego. Se todos eles se esforzan en debater, en propoñer, en pactar solucións, ¿acaso podemos teimar nós en converter todo, sen excepción, nun conflito?

O facer galego baséase maioritariamente no diálogo, no mesmo diálogo que utilizaron os nosos pais, os nosos avós e os nosos antepasados para construír a Galicia que temos. Os galegos falan e cooperan porque cren en si mesmos e pensan que entre todos podemos ser capaces de avanzar. Porque debemos seguir mantendo a solvencia da Comunidade, debemos seguir blindando os servizos públicos e mellorar a pesar das dificultades. Debemos seguir preservando a sustentabilidade da sanidade pública como pilar do noso Estado do benestar, e debemos seguir apostando por reducir unha factura farmacéutica que acapara 1.000 millóns dos 8.000 millóns que terá a Xunta de Galicia para todo o ano 2013. É dicir, investiremos en farmacia tres veces máis do que investimos en universidades.

Debemos, en consecuencia, valorar isto, e debemos completar a ordenación do territorio, e debemos adecuar as condicións deste Parlamento, dentro das posibilidades que establece o Estatuto, á realidade da rúa, e debemos aprobar unha nova lei do Consello Consultivo para que os seus membros

sexan elixidos polo Parlamento e non polo presidente, e tamén debemos e temos por diante un novo proceso na Compañía de Radio e Televisión Galega, no Valedor do Pobo e nos proxectos de lei como a Lei do panteón de galegos ilustres. Pero, señorías, a diferenza doutros debates, non lles vou plantexar unha serie de posibilidades de pactos concretos que logo teñen unha escasa repercusión posterior. O que hoxe lles traslado como única proposta para chegar a acordos é Galicia. Poño todo á súa disposición, todo, todo o que expuxen ao longo desta intervención ou o que non. Escollan aquilo no que se sintan máis cómodos, aquilo no que crean que poden ser máis útiles. Pero o que si lles pido é que colaboren en algo, que cooperen, que xuntos poidamos servir ás galegas e aos galegos, xuntos. (*Aplausos.*)

Somos parte esencial, señorías, do mundo occidental, con el compartimos singraduras. Malia todas as crises e dificultades, o noso contorno é aquel onde máis medrou a liberdade e o benestar. Non hai outro lugar onde os desexos de paz, solidariedade e respecto aos dereitos humanos se vexan máis satisfeitos, non hai outro no que identidades como a nosa teñan máis posibilidades de desenvolvemento. Hai tempo a subsistencia de Galicia dependía en exclusiva da súa capacidade de aguante. Hoxe formamos parte de estruturas estatais e supranacionais que garanten poder seguir sendo o que somos. Compartimos, en suma, o destino doutros pobos, a crise non é algo peculiar, senón común, e as receitas contra ela son compartidas. Como pode ver calquera observador do que sucede ao noso redor, o tratamento é basicamente semellante en todos os estados, sendo a gran diferenza a prisa coa que se iniciou. Tiveron máis problemas os máis remisos á hora de adoptar as medidas precisas, pero nelas coinciden, con pequenos matices, as ideoloxías democráticas que inspiran aos partidos gobernantes na Unión Europea, en Occidente.

Galicia, polo tanto, fixo o que había que facer e que outros fixeron, e o que nos leva a confluír de novo cos pobos máis adiantados do mundo. Era preciso corrixir o rumbo sen esquecer o destino, emendar os alicerces do benestar para protexelo, facer sacrificios coa finalidade de evitar o colapso de todo un sistema de vida.

A tarefa é ardua e aínda non está culminada, pero aquelas esperanzas xa non só se asentán na fe, senón tamén en datos que anuncian unha etapa diferente en Europa, en España e en Galicia. Os esforzos están sendo efectivos, as medidas están

producindo resultados. Como aquel doente que está en plena recuperación, o noso país aínda non pode recibir a alta definitiva, pero xa pode empezar a entrever a curación.

Os galegos propiciamos, nos anos da autonomía, un triplo milagre: o milagre económico, o milagre político e o milagre social. Convertémonos nun país cunha base produtiva forte e cunhas infraestruturas modernas, erguemos xuntos unha arquitectura institucional democrática na que teñen cabida todos, e transformámonos nunha sociedade dinámica, creativa e ilusionada. Agora asistimos a un cuarto milagre, porque eses tres fundamentos puxéronse a proba coa crise e están resistindo cun vigor admirable. O gran artífice dese prodixio non é o Goberno en ningún caso, senón a cidadanía. Se algún mérito ten este executivo, non é o de protagonizar, senón o de interpretar. Soubo escoitar o que o pobo quería e traducilo en accións, sente a demanda de esperanza e traballa para que a haxa, sente o desexo de preservar o cerne do sistema de benestar e así o fai, sente a demanda de que Galicia non emprende aventuras que non conducen a ningures e, por suposto, cre convencido na recuperación económica.

Hai poucos días tiven a honra de participar nunha xuntanza con todos os que me antecederon nas responsabilidades de presidir este país, salvo o presidente Fraga. Creo que para todos, para moitos galegos, foi reconfortante a imaxe de unidade dos que resumen en si mesmo a historia inmediata de Galicia. Foi reconfortante porque os mandatarios non fixemos máis que revestir de oficial o que nas rúas, nos centros de traballo, nos lugares de estudo, nos fogares, é a realidade cotiá. A mensaxe era clara: o diálogo é posible. O entendemento non supón renuncia ás propias conviccións, senón un esforzo por facer que conflúan no substancial.

A mellor mostra de todo isto témola recente –insisto– na traxedia de Angrois. Dende entón, Galicia ten un día sinalado de forma indeleble para celebrar a solidariedade. No medio da dor manifestouse un país enteiro capaz de mobilizar os seus recursos, pero sobre todo capaz de mobilizar os seus sentimentos. Aqueles veciños fomos todos, as súas mans foron as de todos, as súas bágoas choraron por todos. Pero a gran reflexión que cómpre facer ao abeiro daquela heroicidade colectiva é que unha mostra tal de enerxía colectiva só é posible nun pobo afeito a utilizala de cotío. Esa mesma entrega que os galegos exhiben nunha circunstancia

tan atroz é a que se plasma todos os días no traballo, no estudo, nas relacións sociais, nas tarefas solidarias. Actuamos así porque somos así, e o sermos así proporcionanos un valor adicional para superar os momentos de dificultades. Existiu o espírito de Angrois porque antes xa existía un espírito galego, unha maneira galega de afrontar situacións decisivas. Non consiste en resignarse nin en discutir entre nós, senón en remover os atrancos cóbado con cóbado. ¿É posible trasladar ese espírito a este Parlamento? Confío en que si. ¿É posible traer aquí ese sentimento de concordia? Ogalá que si.

Moitas grazas, señoras e señores deputados.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 16.00 horas.

Bo día e moitas grazas a todos.

Suspéndese a sesión ás once e corenta e un minutos da mañá e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde, señorías.

Prego silencio, por favor.

Reiniciamos a sesión deste debate coa rolda dos grupos parlamentarios, comezando polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: “Este vaise i aquel vaise/ i todos, todos se van,/ Galicia sen homes quedas/ que te poidan traballar./ Tes en cambio orfos e orfas/ e campos de soledad,/ e nais que non teñen fillos/ e fillos que non téñen pais./ E tés corazóns que sofren/ longas ausencias mortás,/ viuvas de vivos e mortos/ que ninguén consolará”

Señora presidenta, señor Feijóo, con este desgarrador poema reflectía Rosalía, en *Follas novas*, o drama da emi-

gración. Pasaron máis de cen anos. Onde Rosalía dicía “Galicia, sen homes quedas”, hoxe teríamos que dicir “Galiza, sen mozas e mozos quedas”. Pero o drama repítese, Galiza desángrase.

Mire, señor Feijóo, nos últimos anos máis de 60.000 mozas e mozos tiveron que emigrar, aínda que quizá vostede prefira dicir, como Fátima Báñez, que optaron pola mobilidade exterior. Segundo o INE, Galiza perderá 130.000 habitantes nos vindeiros dez anos, e só catro de cada dez persoas estarán en idade de traballar. Esa é a realidade, señor Feijóo. En Galiza, os ocupados xa representan menos da metade da poboación, máis de 90.000 familias teñen a todos os seus membros no paro. Segundo Cáritas, 650.000 galegos viven en situación de pobreza, un de cada catro cidadáns deste país. Non son fríos datos para a estatística, señorías, son datos que agochan auténticos dramas persoais, como o da rapaza en paro que está na tribuna e xa ten decidido emigrar porque non lle queda outro remedio.

Pero despois de escoitalo hoxe pola mañá, señor Feijóo, cheguei á conclusión de que eu non vivo no mesmo país ca vostede. Eu non vivo nesa Galiza virtual que só existe nos seus papeis, mentres se parapeta nos cidadáns. Mesmo ten o atrevemento de citar as vítimas de Angrois para usalos como coartada do fracaso das súas políticas. (*Aplausos.*)

Mire, vostede segue practicando o vello dito de “que a realidade non me estrague un titular”. Así entende vostede a política: márketing, aparencia, agachar o seu fracaso tras o muro da propaganda no que ten convertida a TVG; márketing e tamén soberbia, insensibilidade. Hoxe á mañá volveu demostralo cun discurso sen corazón, señor Feijóo, si señor. Mire, describíao á perfección hai máis dun ano a miña compañeira Ana Pontón, cando lembraba *O retrato de Dorian Gray*, de Oscar Wilde, desde esta mesma tribuna. Igual que a Dorian Gray, o único que a vostede lle preocupa era ocultar o seu verdadeiro retrato. Por iso, cando compareceu nesta Cámara para intentar explicar o inexplicable, a súa relación con Marcial Dorado, houbo efectivamente unha frase que o delatou: “Se tivese a máis mínima información da relación de Marcial Dorado co narcotráfico non tería posado para esas fotos”. Como xa lle dixen naquel momento, o grave non son as fotos, o grave é o que revelan esas fotos. Pero vostede entende a política como colocar un titular e que lle saquen unha boa foto, unha foto que oculte o seu verdadeiro retrato.

Por iso, nos días previos a este debate colocou o titular de que hai que dignificar a política. Mesmo hoxe falou da exemplaridade da política, aínda que curiosamente esqueceu falar da corrupción. Pois claro que hai que dignificar a política, señor Feijóo, claro que si. A antipolítica conduce ao fascismo, conduce a converter os cidadáns en súbditos.

Pero, mire, para dignificar a política o primeiro que ten que facer é explicar a súa relación cun narcotraficante, ten que explicar tamén a implicación do Partido Popular de Galiza nas tramas de corrupción do Partido Popular e ten que dicirnos qué máis ten que pasar para rexenerar esa nova Marbella na que, para desgraza dos santiagueses e santia-guesas, o Partido Popular ten convertido o Concello de Santiago. Ten que explicar iso se quere dignificar a política.

Pero, mire, dicía que para vostede a política é colocar un bo titular e unha boa foto, por iso veu hoxe de novo —xa é recorrente nas súas intervencións nesta Cámara— co titular de que Galiza fixo os deberes mellor ca ninguén. ¿A que se refire?, ¿a presumir de cumprir os obxectivos de déficit multiplicando a débeda pública por tres, xerando máis débeda pública que todos os gobernos autonómicos anteriores xuntos? ¿Ou refírese, en cambio, a ser o campión do austericidio a custa de empobrecer a xente e de arruinar este país?

“Nin pedra deixaron en onde eu vivira./ Sin lar, sin abrigo, morei nas cortiñas,/ ao raso cas lebres dormín nas campías.”, cantou tamén Rosalía en *A xustiza pola man!* Hoxe, señor Feijóo, este poema de Rosalía podería referirse ás vítimas dos desafuzamentos, ás que se condena a vivir na rúa mentres vostede presume dun protocolo sen validez nin eficacia legal, como estamos a ver nos novos desafuzamentos que se están producindo na cidade da Coruña.

¿Por que non se lle aplica á banca unha quita sobre as hipotecas?, señor Feijóo. ¿Acaso a banca non foi a responsable da sobrevaloración da vivenda durante a época de engorde da burbulla inmobiliaria?

Pero, miren, este poema de Rosalía podería referirse tamén aos miles de parados no noso país que ficaron sen ningunha prestación, ou ás mulleres que sofren con máis dureza a crise mentres vostede acaba coas políticas de igualdade e coas políticas de fomento da conciliación. E ¿cal é a resposta do Partido Popular a esta situación? Recortar as liber-

dades públicas, criminalizar os colectivos que protestan e coselos a multas –como están facendo, por certo, cos representantes das plataformas de estafados polas preferentes, algún dos cales tamén está na tribuna–. Esa é a súa sensibilidade social e ese é o seu compromiso coa rexeneración da democracia. Vostede, máis que un gobernante parece un frío contábel ao que lle importan máis os números que as persoas. Claro que dirá que os números son importantes, que non podemos vivir por riba das nosas posibilidades, a vella cantilena da dereita para negar toda posibilidade aos de abaixo, para impoñer unha sociedade de ricos e de pobres. Iso é o que esconde esa vella cantilena.

Pero, mire, dado que os números son importantes, permítame que ilustre con números o que veño de dicir. O Goberno español recortará as pensións nos próximos nove anos en 33.000 millóns de euros. Só en axudas directas á banca, a banca leva recibido máis do dobre. Debe ser esa a solidariedade á que apelaba vostede na súa intervención de pola mañá, unha solidariedade ao revés.

¿Está vostede de acordo en que se recorten as pensións? En Galiza temos a porcentaxe máis alta de pensionistas e, ademais, os nosos pensionistas cobran as pensións máis baixas do Estado. Vostede, como presidente de Galiza, a ese respecto ¿non ten nada que dicir? Mire, non só non di nada senón que aínda por riba recorta as prestacións que dependen da Xunta de Galiza, como fixo coas mariscadoras.

O Goberno español aproba amnistías fiscais para os grandes defraudadores mentres lanza unha campaña de saqueo contra os nosos emigrantes retornados, de saqueo, de auténtico saqueo. Ese é o pago ao esforzo e sacrificio que fixeron os nosos emigrantes. Mire, na tribuna hai tamén un representante dese colectivo. Fágolle unha invitación, míreo aos ollos e explíquelles se vai facer algo para evitar ese atropelo contra centos de miles de emigrantes retornados no nosos país. (*Aplausos.*)

Mentres o señor Rajoy dinos que non se pode gastar o que non se ten, embárcase no apoio á candidatura olímpica de Madrid. Pan e circo, aínda que por desgraza pan haxa cada vez menos e o circo sexa unha coartada para seguir concentrando todo en Madrid, para seguir profundando nese centralismo que vostede negaba pola mañá. Negábo pola mañá mentres anunciaba que, por fin, nun prazo de tempo vindeiro

ro –aínda que se acumulen novos retrasos– as cidades galegas van estar ben conectadas por ferrocarril con Madrid, ignorando que van seguir estando moitas delas incomunicadas entre si. E logo di que non hai centralismo.

Pero falemos tamén de números en Galiza, señor Feijóo. Vostede –faltando á súa palabra– volve recortar aos empregados públicos mentres tira os cartos en propaganda, establece o repago nos comedores escolares, no transporte sanitario, nos medicamentos, mentres dilapida recursos públicos para que se forren as concesionarias das autovías e do novo hospital de Vigo. ¿Quere números? Máis de 3.000 millóns de euros comprometidos en colaboración público-privada até o ano 2039. Só pola autovía da Costa da Morte haberá que pagar 751 millóns de euros, cando o custo da obra non chega a 200. E mentres tanto, señor Feijóo, cando hai pais que non poden dar de comer aos seus fillos –porque esa é a realidade que estamos vivindo no noso país, hai pais que non poden dar de comer aos seus fillos–, vostedes establecen o repago nos comedores escolares. ¿Sabe o que está pasando?, ¿sabe o que está pasando realmente? Que hai pais que renuncian ao comedor e os nenos teñen que ir cun bocadillo á escola. Iso é o que está pasando, señor Feijóo, esa é a súa sensibilidade social. Pregúntelle tamén aos pais que hai na tribuna.

E falaba de repago, porque, mire, os cidadáns xa pagan con impostos os servizos públicos. É nos impostos onde hai que establecer diferenzas de pago e non no cobro deses servizos. Pero vostede prefere que os que máis teñen paguen menos, mentres sobe os impostos indirectos, como vai facer co chamado céntimo sanitario. Hoxe, quizais para compensalo, anunciou unha baixada no tramo autonómico do IRPF, o chocolate do loro, señor Feijóo. ¿Pode cuantificar esa baixada? Mire, segundo as nosas contas, serían pouco máis de sete euros ao mes. Emprázoo dende esta tribuna a que cuantifique esa baixada.

Pero, mire, á parte diso, ¿por que non lles sobe o IRPF ás rendas máis altas? ¿Por que non establece un imposto sobre as grandes superficies comerciais? ¿Ou sobre os depósitos bancarios? O Bloque Nacionalista Galego ten feito todas estas propostas e a todas dixeron vostedes que non.

O acontecido co imposto sobre os depósitos bancarios é unha mostra do seu sometemento ao Goberno central e aos

intereses da banca. Varias comunidades estableceron ese imposto; a Xunta, en cambio, non quixo. O Goberno central, para deixalo sen efecto –cometendo unha auténtica fraude de lei–, estableceu un imposto estatal de tipo cero, para que non paguen os bancos. Agora o Tribunal Constitucional obriga o Estado a compensar a esas comunidades; mentres Galiza, froito da súa marabillosa xestión –porque está claro que vostede é un marabillosa xestor–, non recibirá ningunha compensación. Estes son os custos que ten para Galiza, señor Feijóo, a súa submisión.

Pero sigamos falando de números. O seu Goberno asinou unha reforma do sistema de financiamento autonómico que fixo que Galiza leve perdidos 1.000 millóns de euros, 166.000 millóns das antigas pesetas. Non está nada mal ¿verdade? Vai reabrirse de novo o debate sobre o modelo de financiamento, ¿ten algunha proposta distinta da de esperar o que lle dite o señor Rajoy? Miren, o BNG ten a súa: autonomía fiscal plena para Galiza, que Galiza recade e xestione todos os impostos polos que tributan os cidadáns e as empresas que operan en Galicia. E facémolo por un motivo, señor Feijóo: para evitar que o diñeiro que se recada en Galiza tamén emigre. Resulta que o Estado recada no noso país moito máis do que transfire a Galiza. Os datos demostran que as comunidades que teñen autonomía fiscal plena teñen mellores indicadores sociais e económicos. O actual sistema condena a Galiza a unha dependencia crónica do Estado, que este utiliza para impor brutais recortes. E os galegos e as galegas necesitamos que o diñeiro que se recada en Galicia, fronte a eses ditados de recortes do Estado, sexa investido no noso ensino, na nosa sanidade e en crear riqueza e emprego no noso país.

E fronte a esta proposta, ¿cal é a súa proposta, señor Feijóo? ¿Vai reclamar –por poñer un exemplo– que o imposto de sociedades se incorpore á nosa cesta de tributos, como xa acontece en Euskal Herria?

En Euskal Herria todas as empresas devengan o imposto de sociedades pola parte que corresponde á actividade económica xerada no País Vasco, incluídas as empresas galegas, señor Feijóo, incluída Unión Fenosa, Citroën, Inditex. En cambio, en Galiza, incluso empresas con sede en Galiza, ou que operan prioritariamente no noso país, como as que acabo de citar, non tributan aquí, senón en Madrid. Facendo un cálculo conservador, a territorialización do imposto de

sociedades reportaría bastante máis de 1.000 millóns de euros ao ano á nosa facenda. Por tanto, esta é a proposta do BNG. Díganos cal é a súa proposta, señor Feijóo.

Dicía que vostede entende a política como márketing, como un xogo de aparencias, por iso agora vén a este debate co titular de que ofrece diálogo. Pero, mire, neste Parlamento, froito do diálogo, aprobouse por unanimidade un Plan xeral de normalización lingüística, e vostedes traizoraron ese acordo co “decreto lingüicida”. Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma, dixo Castelao; Castelao, o das medallas –dígoos por se non lle soa–. (*Aplausos.*) Por iso, señor Feijóo, atacar o galego é atacar a nosa identidade, é atacar as nosas raíces. Si, señor Feijóo, aínda que ría, atacar as nosas raíces, as raíces.

Mire, así se chamaba unha serie de televisión dos anos setenta baseada nunha novela de Alex Haley, que narraba a historia dos escravos afronorteamericanos. Nesa serie, o seu protagonista era cosido a zorregazos por negarse a aceptar o nome de Toby –imposto polos seus captores– e querer seguir sendo Kunta Kinte. ¿Pois sabe unha cousa? Vostedes comportáanse co galego como aqueles negreiros de *Raíces*. (*Aplausos.*) Comportáanse como aqueles negreiros.

Pero o galego, señor Feijóo, non é só unha cuestión de identidade, non é só unha cuestión de raíces. O galego, dado que lle importan tanto os números, é tamén unha cuestión económica. Ter un idioma propio ten un valor incalculábel, tamén no económico. O galego é unha ventá para comunicarse con 250 millóns de persoas do mundo, unha ventá de oportunidades para dar soporte a unha potente industria cultural e de comunicación que cree riqueza e emprego no noso país. Pero o seu autoodio lévaos a non comprender isto, e a exercer de piquete de demolición da nosa cultura. Porque vostedes están exercendo de piquete de demolición da nosa cultura.

Mire, vouno ilustrar: destinan case o dobre de cartos á seguridade dos edificios do Gaiás que ás industrias culturais galegas. Gastan sete veces máis na calefacción e na limpeza da Cidade da Cultura que na promoción do talento audiovisual galego. E logo ten o descaro de falar hoxe pola mañá dunha lei que blinde a rendibilidade dos fondos públicos. Ese é o seu compromiso real coa cultura do noso país.

Ofrece diálogo. Señor Feijóo, froito do diálogo, neste Parlamento houbo multitude de acordos para defender o sector naval. ¿Que fixo vostede para cumprilos? ¿Esixiu o levantamento do veto a Fene? Non. ¿Esixiu que se levantasen as restricións a Navantia? Non. ¿Cumpriu o seu compromiso de crear un centro de reparacións do naval en Vigo e outro en Ferrol? Porque, mire, vostede, señor Feijóo, en Ferrol prometeu un en Ferrol, e en Vigo prometeu outro en Vigo. Pois tampouco. Voulle dicir en cambio o que si fixo: votar pola mañá a favor do dique aquí, e pola tarde en contra en Madrid. Iso foi o que fixo vostede. (*Aplausos.*)

Ese é o problema, señor Feijóo, vostede non é críbel, non ten palabra, non cumpre nunca os seus compromisos. Mire, se vostede fose de fiar, hai un ano que en Navantia Ferrol e en Barreras estarían cortando chapa. E agora véndenos como un éxito do seu Goberno que estean estes estaleiros entre os once estaleiros seleccionados no concurso de Pemex.

Vostede mentiu, señor Feijóo, vostede enganou os traballadores do sector naval e enganou a sociedade galega. Vostede dixo que os contratos de Pemex eran firmes, e agora sabemos que iso é total e absolutamente falso (*Aplausos.*)

Pero permítanme que siga. Neste Parlamento aprobouse que non houbese unha quita aos estafados das preferentes. ¿E que fixeron vostedes? O mesmo: votar pola mañá en contra da quita aquí, e pola tarde a favor en Madrid. Fixeron exactamente o mesmo.

Vostede anunciou que ía solicitar a reapertura do proceso de arbitraje. Pero o FROB díxolle que non, e vostede achantou, señor Feijóo, por moito que hoxe pola mañá seguíse vendendo fume. Segundo o FROB, só o 50 % dos estafados polas preferentes recuperou o diñeiro investido. E vostede acepta que Novagalicia Banco sexa vendida sen asegurar sequera que se lle devolva o diñeiro á totalidade dos estafados.

Mire —e xa que falo de Novagalicia Banco—, tamén houbo acordos unánimes, froito do diálogo neste Parlamento, para que Galiza conserve as súas entidades de aforro. E agora vostede actúa como cómplice necesario para o espolio do noso aforro, porque iso é o que está facendo, señor Feijóo. Cando vostede chegou á Presidencia da Xunta, Galiza tiña dúas caixas e tiña tres bancos, e agora estamos ás portas de quedar sen ningún. Sobre o futuro de Novagalicia Banco

dixo hoxe pola mañá que o Goberno galego non ten competencias pero ten opinión, non ten competencias pero ten opinión. ¡Que democrática é esa España solidaria da que vostede falaba hoxe pola mañá, que permite que o Goberno galego teña opinión sobre o que outros van facer co noso aforro! ¡Que democrática! (*Aplausos.*) Di que a posición do seu Goberno é que o comprador manteña o seu compromiso con Galiza. Unha recomendación, señor Feijóo: non se molle vostede tanto, non é necesario que se molle tanto. Di que o comprador manteña o seu compromiso con Galiza. Mire, iso mesmo dixo o Banco Popular cando mercou o Banco Pastor, e hoxe o edificio do Banco Pastor na Coruña é un edificio baleiro, é unha cáscara sen nada dentro. Esa é a realidade, señor Feijóo.

Vostede non só non se opón á venda, senón que pretende convencernos de que este é incluso o mellor momento para vender. Anúnciase a venda sen asegurar a devolución do diñeiro estafado polas preferentes. Anúnciase a venda sen asegurar o mantemento da obra social. Anúnciase a venda sen asegurar sequera que a colección artística permaneza en Galiza. E vostede pretende convencernos de que é o mellor momento para vender.

O mellor momento ¿para quen, señor Feijóo? ¿Para os contribuíntes? Destináronse 9.000 millóns de euros de recursos públicos para sanear esa entidade e a súa venda vai permitir recuperar, sendo optimistas, o 15 % desa cantidade. Iso sen contar os 600 millóns de euros roubados aos estafados polas preferentes, 600 millóns do aforro dos galegos e das galegas.

O que se vai facer non é outra cousa que socializar as perdas para privatizar os beneficios, imputar ao conxunto da sociedade as perdas da banca, para que logo os beneficios sexan para o señor Botín, para o señor Fainé ou para o Guggenheim. Dános exactamente igual. É absolutamente impúdico.

E o mellor momento ¿para quen, señor Feijóo? ¿Para Galiza? Resulta que de todo o crédito que se concede no Estado, só o 3,39 % beneficia a familias e empresas galegas, a metade do que nos corresponde por poboación. Galiza é unha das poucas comunidades que ten un maior volume de depósitos que de créditos. ¿Sabe o que isto significa? Pois, mire, o que significa é que somos fornecedores de crédito

para outras partes do Estado. O que significa é que o noso aforro emigra. Súmelle a esta situación a venda dunha entidade que xestiona o 40 % do aforro dos galegos e das galegas e concede o 60 % do crédito. Como temos dito en moitos debates: o camiño expedito para o espolio do aforro dos galegos e das galegas.

E mire, señor Feijóo, o que vai acontecer é todo un síntoma do papel que lle atribúe o Estado español ao noso país. Novagalicia Banco vai ser vendida aínda que sexa unha entidade sistémica para Galiza. En cambio, Bankia, ese burato negro que absorbe a metade das axudas públicas á banca, non vai ser vendida porque é sistémica para España. E ese é o noso problema como país, señor Feijóo, aínda que vostede prefira ignoralo, que o que é vital para Galiza non é vital para España. Pasa co noso aforro, pasa co noso sector naval, pasa co noso sector eólico, coa nosa pesca, co noso leite... Coa súa complicidade, señor Feijóo, porque vostede actúa como cómplice necesario para o espolio deste país. Esa é a función obxectiva que vostede está desempeñando na política galega, señor Feijóo: o cómplice necesario para que se espolie este país. Si, señor Feijóo.

A crise, en contra do que dixo vostede hoxe pola mañá, claro que ten consecuencias agravadas en Galiza, froito da nosa dependencia. A crise en Galiza está provocando a destrución de gran parte do noso tecido produtivo, e non hai país que poida construír o seu futuro sen unha base económica propia. E vostede é cómplice, porque as súas posicións condenan a Galiza á irrelevancia política, e a irrelevancia política conduce á irrelevancia social e á irrelevancia económica.

Vostede pasou a vida xustificando a súa incompetencia dicindo que Galiza non tiña competencias. É un auténtico experto en tirar balóns fóra, en botarlles a culpa a outros. E en cambio non reclamou, desde que vostede é presidente da Xunta de Galiza, unha soa competencia, as que ten non as exerce, e permite ademais que sexan sistematicamente invadidas.

Mire, vostede podía exercer a insubmisión. O Goberno galego podía exercer a insubmisión. Pero exercer a insubmisión cos instrumentos legais que ten na súa man, señor Feijóo, non poña esa cara de sorpresa. Exercer a insubmisión cos instrumentos legais que ten na súa man. Podía recorrer a

Lei de costas por invadir as nosas competencias, pero ¿cal é o problema? Que vostede prefira que ENCE siga contaminando a ría de Pontevedra; ese é o problema.

Podía recorrer ante o Tribunal Constitucional o copago farmacéutico, pero vostede prefira obedecer a Rajoy a defender os nosos enfermos; ese é o problema, señor Feijóo. Podía recorrer a liberalización de horarios comerciais, que tamén invade claramente as nosas competencias, pero vostede prefira a ruína do noso comercio a incomodar a Madrid. Podía recorrer que a Unión Europea nos dite incluso o que se pode pescar nas nosas rías, sobre as que a Xunta de Galiza ten competencias exclusivas, pero prefira ser obediente a Bruxelas antes que defender os nosos mariñeiros. A súa posición conduce a Galiza á irrelevancia, e a consecuencia é a destrución da base económica deste país, a ruína económica deste país.

E, mire, aínda que vostede –polo que comentou na súa intervención hoxe pola mañá– prefira seguir abrazándose a un cadáver, o Estado das autonomías está nunha crise irreversible. Non son adiviño, señor Feijóo, non sei como acabará o proceso aberto en Cataluña nin o proceso que máis cedo que tarde de seguro que se vai abrir en Euskadi. Pero do que estou certo é de que Cataluña e Euskadi terán tamén, máis cedo que tarde, un novo status político, un amplo espazo de libre decisión. Pero vostede, en cambio, non fai absolutamente nada para que Galiza pinte algo nese proceso porque está ao servizo doutros intereses, non está ao servizo dos intereses deste país. Vostede prefira ser o colaborador necesario para que se espolie o noso país. Porque non se trata de copiar, señor Feijóo, trátase de ter un proxecto de país. O actual marco político –mal que lle pese– non dá máis de si, está esgotado, non serve para resolver os problemas dos galegos e das galegas; hai que superalo, hai que ir cara a un cambio de réxime co centro de gravidade en Galiza.

Mire, fronte ao tópico de que nun contexto de crise non toca falar de autogoberno, de dereito a decidir, de soberanía, non é posíbel corrixir as brutais desigualdades xeradas pola globalización se non é apostando pola soberanía; non é posíbel exercer a democracia sen soberanía. Pero ademais nun mundo globalizado, se non tes un poder político propio, non pintas nada, outros deciden por ti. Resúmeo á perfección un vello refrán irlandés ao que fai sempre alusión a miña compañeira Ana Pontón: as bandeiras non dan de comer, pero, se

non tes unha bandeira, cómente. Se non tes unha bandeira, cómente, vostede que dicía que non.

Mire, ¿vostede nunca se preguntou como é posíbel que a frota pesqueira galega teña máis dificultades hoxe para faer nas augas comunitarias, nas augas da Unión Europea, que antes de que o Estado español entrase no daquela Mercado Común? ¿Nunca se formulou esa pregunta? ¿Nunca se preguntou como é posíbel que, mentres outros países incrementaron desde aquela notabelmente a súa cota pesqueira, a cota pesqueira galega cada vez sexa máis reducida? ¿Nunca se preguntou iso? Pois ¿sabe por que é?, porque outros deciden por nós; así de simple, así de fácil.

Mire, pónolle outro exemplo: Noruega; un país, por certo, que ten moitas semellanzas con Galiza. A pesca e o sector naval... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, por suposto, ten moitas semellanzas con Galiza se tiveramos un poder político propio que apostase polo aproveitamento das potencialidades e capacidades do noso país. *(Aplausos.)* Non sexan tan ignorantes, perdoen. *(Murmurios.)* Mire, en Noruega como en Galiza a pesca e o sector naval son sectores económicos estratéxicos. Resulta que Noruega non forma parte da Unión Europea, pero é un país soberano que se preocupa cando negocia coa Unión Europea de defender os seus intereses estratéxicos. ¿E cal é a consecuencia? Que a pesca e o sector naval noruego cada vez pesan máis en Europa, xusto ao contrario do que pasa con Galiza.

Mire, señor Feijóo, pese a toda a retórica de galeguidade coa que encheu o seu discurso hoxe pola mañá, vostede é presidente dun país no que non cre. Vostedes din que non se pode vivir por riba das nosas posibilidades, cando o problema de Galiza é que nos impoñen vivir por debaixo das nosas posibilidades. Claro que estamos convencidos de que Galiza pode, de que os galegos e as galegas podemos, ¡por suposto!, se outros non deciden por nós.

Mire, temos un país que é un auténtico verxel; a terra máis feraz, máis produtiva da península. Vostede mesmo o recoñecía na última sesión de control, aínda que cometese o atrevemento de atribuír a feracidade do país ao seu Goberno, como se fora un mérito do seu Goberno. Si, refírome a cando afirmou que en Galiza hoxe hai moitos máis pés de árbores que hai só cinco anos como un éxito da súa política forestal. ¿E como non os vai haber, señor Feijóo, se está todo absolu-

tamente a monte? ¿Como non os vai haber se vivimos nun país tan rico que se se pecha unha estrada en cinco anos está comesta polo bosque? ¿Como non os vai haber?

Mire, Galiza, cando eu era cativo, era por si soa unha potencia pesqueira mundial; a Galiza daquela chamábaselle “la despensa de España”. Nun mundo onde centos de millóns de persoas non teñen comida que levar á boca, vostede preside un país que ten capacidade para producir moitos máis alimentos dos que necesita para o seu consumo. ¿Pero cal é hoxe a realidade? Que a maioría dos nosos alimentos, dos alimentos que consumimos, son importados. Resumíao con marabillosa retranca galega o Carrabouxo, ese personaxe do gran debuxante Xosé Lois: “-¿Por que importamos leite?” “-Porque non importamos nada”. Ese é o problema, señor Feijóo.

Galiza sofre aínda as consecuencias dunha integración no Mercado Común Europeo feita de costas aos nosos intereses. Por iso o nacionalismo galego opúxose daquela á integración naquelas condicións, mentres todos os partidos estatais votaban a favor en Madrid.

Galiza sofre as consecuencias dunhas políticas que favorecen o abandono do campo, cando todo país avanzado fixo da transformación do campo un pilar do seu desenvolvemento. Un sector primario que sirva de soporte a unha potente industria agroalimentaria. Un sector primario que asegure o desenvolvemento sostíbel, contribuíndo a conservar a natureza, contribuíndo á calidade alimentaria, a manter un rico e variado comercio de proximidade. Pero para iso Galiza ten que ter capacidade de decisión sobre os seus recursos agrarios e pesqueiros.

Mire, Galiza produce o dobre de electricidade da que necesita para o seu consumo interno; isto nun mundo onde a dispoñibilidade de enerxía é un factor económico fundamental. Pero o Goberno español fixo unha tarifa eléctrica única para todo o Estado que impide que Galiza poida extraer beneficios da produción de electricidade. Foi un conservador, o señor Víctor Moro, señor Feijóo, o que falou do espolio enerxético de Galiza. E, aínda por riba, o Goberno español pretende repercutir na tarifa eléctrica o canon eólico creado por vostede. ¿Cal será a consecuencia? Pois, mire, a consecuencia será: as nosas minas de lignito esquilmadas para alimentar centrais térmicas mentres Galiza tiña que

apandar coa chuvia ácida; os nosos vales asolagados para construír centrais hidroeléctricas mentres os seus habitantes tiñan que emigrar. Os beneficios da xeración eléctrica emigraron, e aínda por riba os galegos e galegas teremos que pagar a electricidade máis cara. O mesmo modelo colonial que vostedes querían aplicar en Corcoesto e outros proxectos de megaminería.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: E agora vén a este debate coa medalla de que se para Corcoesto. Mire, esa medalla hai que poñerlla á sociedade que loitou na rúa para parar esa barbaridade. *(Aplausos.)*

Mire, hoxe falounos tamén de renovábeis. Seguindo o seu estilo, veu con novas promesas para tapar os seus fiascos: os 14.000 postos de traballo que seica ía crear o concurso eólico. Pero o certo é que as renovábeis eran un sector no que Galiza estaba á vangarda, cunha inmensa capacidade de crear emprego e de crear valor engadido. E hoxe está na ruína por un decreto do Goberno español que decretou a paralización das enerxías renovábeis. Por iso, señor Feijóo, por cousas como estas Galiza ten que ter capacidade de decidir, neste caso sobre os seus recursos enerxéticos e mineiros.

Mire, señor Feijóo –e xa vou concluindo, señora presidenta–, os galegos e galegas, efectivamente, temos demostrado sobradamente termos iniciativa, capacidade de traballo, cultura de aforro, pero para tirar proveito desas capacidades necesitamos unha banca pública galega que evite a emigración do noso aforro; necesitamos unha política industrial que aposte porque os ciclos produtivos se completen en Galiza e que aposte tamén por favorecer o consumo dos produtos galegos, para acabar con situacións vergoñentas como que producimos leite e a maioría dos iogures que consumimos son importados; ou que producimos o 50 % da madeira do Estado español e a maioría dos mobles son importados. E para iso necesitamos un goberno que mire polo noso en vez de actuar, señor Feijóo, como un auténtico cabalo de Troia, subvencionando a deslocalización de empresas galegas ou facendo que os principais beneficiarios das contratas públicas en Galiza sexan os grandes grupos empresariais madrileños con concursos a medida, como van facer co complexo hospitalario de Ourense.

Para tirar proveito das nosas capacidades é necesario que a creación de emprego sexa a prioridade...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...de verdade, non simplemente unha reclamación retórica. Fortalecendo o investimento social e produtivo en vez de desmantelalo; promovendo a conciliación e o reparto do tempo de traballo; apostando polo coñecemento, polo I+D+i, por afortalar as nosas universidades, porque o talento da mocidade contribúa ao progreso do noso país. E para facelo posíbel, señor Feijóo, Galiza ten que ter dereito a decidir.

Castelao dicía: “nós non somos separatistas, vós sodes os separadores”. Permítame, por tanto, que conclúa cunha última cita de Castelao –o das medallas, señor Feijóo–: “Nós comprendemos...”

A señora PRESIDENTA: Remate.

O señor JORQUERA CASELAS: ...que a un galego, a un vasco ou a un catalán que non queira ser español se lle chame separatista. Pero eu pregunto, ¿como debe chamarse a un galego que non queira ser galego, a un vasco que non queira ser vasco, a un catalán que non queira ser catalán? Estou seguro de que en Castela a estes compatriotas lles chamarían bos españois, modelo de patriotas; cando en realidade son traidores a si mesmos e á terra que lles deu o ser. Estes si que son separatistas”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, rectifique, non sexa traidor a si mesmo, non sexa traidor á terra que lle deu o ser.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra don Xosé Manuel Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Bueno, asumo, fago propia a intervención do portavoz do BNG, co seu permiso, claro.

Coa venia da Presidencia, señorías.

Señor Núñez, cada vez que vostede, como esta mañá, anuncia un plan, as boas xentes corren a acubillarse en refuxios antiaéreos. ¿Cantas vítimas máis serán precisas, cantas vítimas máis, das agresivas políticas antisociais que os seus amos ditan e vostedes executan? ¿Cantas máis cumprirán para que vostedes entren en razón e rectifiquen? ¿Cantas vítimas, inclusive mortais, tanto as evidentes, as que aparecen cifradas, como as non evidentes, que fican na sombra até que analistas serios e sensíbeis revelan que son tamén vítimas das súas políticas austericidas, dos salvaxes recortes nos servizos públicos que atenden ás necesidades dos cidadáns do común en sanidade, asistencia aos vellos, discapacitados e demais seres dependentes, de protección ás mulleres acoasadas por energúmenos machistas, e así seguido?

Cando se fala do emprego que enxendra unha actividade laboral, adóitase computar os empregos directos, cifrados con exactitude, e mais os indirectos, calculados só por estimación. Mais é frecuente que a magnitude dos indirectos sexa meirande que a dos directos. Pois nisto das vítimas das súas antisociais políticas ultraliberaís acontece algo análogo, só que en termos case que “porno” de traxedia social e humana.

Vítimas mortais evidentes dunha irresponsábel Administración ferroviaria, como as da catástrofe de Angrois o verán pasado, ou dunha xenófoba e ata racista política da Unión Europea, como a recentísima traxedia dos frustrados inmigrantes africanos en Lampedusa.

No actual estado de cousas cómpre que haxa cadáveres a esgalla sobre a mesa –horrorosa expresión– para que se cuestionen determinadas actuacións do poder. E só actuacións, nunca as directrices políticas ou os compromisos podres que determinan esas actuacións. Bótanse vostedes a choromicar con bágoas de crocodilo, actúan como pranteiras alugadas e morra o conto. Por iso rexeitaron a nosa iniciativa conxunta co BNG para que o Parlamento constituíse unha comisión que participase na necesaria investigación extraxudicial da traxedia de Angrois. E por iso tamén a Unión Europea non vai modificar a súa antihumanitaria política en materia de inmigración.

Pero logo están ademais as vítimas opacas, que só as plataformas de autodefensa cidadá e mais os profesionais

honestos e valorosos dos servizos mutilados por vostedes ousan revelar. Colectivos de psiquiatras que avisan do medre das cifras de suicidios e advirten que non se deben a que á xente se lle dea por se tirar a vida en masa, senón porque cada vez hai máis cidadáns en condicións límite de existencia. Cidadáns que se mobilizan para impedir desafuzamentos de xente ao borde da miseria cando a vítima se autoinmola berran que “*no es un suicidio, es un asesinato*”. Médicos que advirten do ascenso da mortalidade dos vellos que non se medican por mor do repago dos fármacos ou porque as súas familias xa non poden pagarlles a estancia en residencias axeitadas. Cardiólogos que denuncian o aumento de mortes por recortes nos servizos, deterioración e alongamento dos traslados en urxencia, que ás veces se converten nun viacrucis profano, especialmente no medio rural galego. Médicos e sanitarios que cualifican de homicida a decisión de que os pacientes de enfermidades crónicas ou graves, dende o cancro até a sida, teñan que pagar polo tratamento extrahospitalario e polos remedios. Ou até unha deputada madrileña do Partido Popular que sobreviviu á catástrofe de Angrois e apostrofou como terroristas aos presidentes de Renfe e de Adif, non a Antón Santos. Non sei se tamén menten os seus cando se saen da partitura oficial.

¿É que vostedes non senten arrepiós perante estes dramas, nin tan sequera un lene arreguizo no seu corpo? ¿Ou é que teiman en negar as evidencias ou en descualificar como mentiríns antidemócratas os cidadáns e profesionais que se arriscan a denunciar a situación? ¿Carecen vostedes de sensibilidade? ¿Son vostedes de pau? Pois a nós conmóvenos o padecemento das xentes que lles confiaron a vostedes, aquí e no Goberno central do Estado, a misión de garantir os seus dereitos e liberdades, defender os intereses da maioría social, preservar o seu benestar, respectar a súa dignidade como seres humanos e cidadáns libres.

Velaí están as vítimas non mortais dos crimes sociais que consuman as súas reaccionarias políticas antidemocráticas no máis xenuíno sentido da palabra, pois que son políticas que disparan contra o pobo, no que debe residir a soberanía en toda democracia.

A nós conmóvenos e alporízanos a situación das xentes do común que lles deron o seu voto, e mais das que non llelo deron, para que gobernasen para eles, e tópanse con que vostedes fan todo o contrario, ao servizo de plutócratas, especu-

ladores, corruptores corruptos, ese enxamio de meigas chuchonas realmente existentes que ditan as criminais políticas que vostedes executan sen escrúpulo ningún.

Nin sequera ten vostede, señor Núñez, escrúpulos para proclamar que Galicia cumpre. Si, claro, cumpre cos estafadores que esbullan aos cidadáns deste pobo secularmente maltratado. Cumpre como cumprían os labregos servos que aínda hai cen anos pagaban os foros aos amos das terras que os condenaban á miseria ata que morrían ou emigraban, como morren agora os cidadáns máis desvalidos ou emigran os mozos e mozas, a empezar polos mellor preparados.

Entrementres, vostedes esméranse en mentir e enganar todo o que faga falla, que é moito mentir e enganar, ¡abofé! Estarrican o pescozo como galo no poleiro e outorgan –iso si– medallas que levan o nome de Castelao. Pois é de Castelao aquela conmovedora e acusadora estampa cun pé que dicía: “Non son pastores que vaian a Belén, son labregos que van pagar os foros”. Agora non son labregos os que pagan foros aos amos da terra, para empezar, porque vostedes empurraron a clase labrega á estrema do exterminio e teiman na desertización do mundo rural. Os foreiros de arestora sono, en variada medida, todos os cidadáns do común; todos pagan foro aos amos dos cartos alleos, que, para máis, cando lles convén, roubanlles aos lexítimos donos como coas preferentes e as hipotecas. Os amos dos cartos pagados en impostos e contribucións abusivas polos de abaixo que deberran financiar servizos públicos e sociais, pero que vostedes desvían dese destino para tapar os buratos negros da corrupta banca española e alemá.

Vostedes son simplemente os recadadores dos trabucos impostos aos cidadáns reconvertidos en servos, son os que cometen os atracos que ordenan os seus amos. Son vostedes cipaio ao servizo dos poderes que maltratan ao pobo que os pariu e dálles mantenza e até votos, como llelos daban aos caciques denunciados e retratados por Castelao no seu tempo, o da primeira restauración borbónica, a precedente desta segunda que está arestora a dar as boqueadas.

Velaí a primeira relación de feitos, velaí un boceto da faciana máis visíbel do estado da nación galega que estamos a analizar e debater. Porén, por debaixo desa faciana máis visible e evidente, a que a xente percibe e padece na súa vida cotiá, por debaixo –digo– están as claves que dotan de sen-

tido esta situación e permítennos comprendela e interpretala. Porque só se a interpretamos e comprendemos en profundidade poderemos sentar as bases dunha alternativa real e efectiva para transformar esa realidade atroz e estarmos en condicións de resolver os problemas do común cidadán galego, dunha alternativa que pasa por unha creba restauradora da democracia protagonizada polos propios cidadáns.

Para empezar, este é para nós o debate do estado da nación galega, para vostedes non. Para vostedes é o debate do estado da Autonomía, ou, como diría Pilar García Negro, da *autoanemia*. E aínda sei que oficialmente chámase debate de política xeral, ou sexa, algo así como caldo de verzas sen unto. Non bromeo, as palabras non son neutrais e o léxico non é inocente. Porque este é o debate do estado dunha nación, a galega, subsumida nun Estado que a nega, porque nos impón o dogma de fe de que nese Estado só hai unha única nación, que chaman española. Impóñennos dogmáticamente que a nación vén definida polo Estado e non pola realidade histórica. Así, a nación galega simplemente non existe, e punto, que diría Fraga Iribarne. Murguía e Otto Bauer, por caso, eran estúpidos ignorantes; Fraga e José Antonio Primo de Rivera, sabios infalíbeis. Empezamos ben.

Digo empezamos porque nesa negación da nosa identidade como nación radica a orixe ideolóxica do secular calvario e da catastrófica situación actual padecida polo pobo galego. Mais o grave é que vostedes, que disque son galegos de nación –como dirían os ilustrados do XVIII–, asumen a negación que fai o Estado da nación de vostedes, co que resulta que non son nados, nin ben nin mal, en Galiza, non se consideran fillos dela. Para vostedes Galiza é un simple territorio como título VIII da Constitución. Cousa que constitúe un sensentido, en aberta contradición co feito de que un territorio é tan só a base física do asentamento do pobo que o habita. Claro, un territorio non pode ser suxeito de dereitos políticos, só un pobo pode ser tal cousa. Así teñen resolto vostedes o problema: se Galiza é un territorio, o pobo galego non existe ou é un apéndice dese territorio que non pode ser suxeito de dereitos políticos, ou sexa, de soberanía popular e nacional. ¡Vaítes, vaítes!

Pero a cousa complicase máis aínda cando resulta que o Estado español, que domina e nega a nosa nación galega, resulta ser, á súa vez, un simple protectorado dun novísimo imperio europeo, a Unión Europea, que é un disface dun

cuarto Reich alemán –iso si, sen exército nazi polo de agora–. Se consideran que estou a disparatar, recoméndolles que lean ou boten unha ollada a *La quinta Alemania*, o recente libro do solvente xornalista Rafael Poch, Ángel Ferrero e Carmela Negrete; “*Un modelo hacia el fracaso europeo*” reza o seu elocuente subtítulo.

E se coidan que reducir o Estado español á humillante condición de protectorado é un delirio mental do Beiras, consulten prestixiosos especialistas en teoría do Estado e demóstrénlles vostedes que non constituíu unha abolición da soberanía das Cortes españolas a contrarreforma constitucional operada nun santiamén –e pola porta de atrás– hai agora dous anos, para sometérense, sen remusgar, ao pacto fiscal imposto pola Merkel. Valente recital do famoso patriotismo constitucional español, do que tanto fachendearan para acusarnos de traizón aos que profesamos nacionalismos emancipadores fronte ao chauvinismo opresor deste Estado.

Os traidores á Constitución fórono vostedes, porque dende esa contrarreforma as Cortes non son soberanas para aprobar os orzamentos necesarios para atender as necesidades dos cidadáns, se os ingresos ordinarios non abundan e cómpre incorrer en déficit, pois que o pacto fiscal prohibeo ou restrinxeo a ínfimas porcentaxes e mais por riba impón a prioridade de destinar os ingresos a pagar aos bancos a débeda pública, enxendrada á súa vez polo rescate da corrupta banca especuladora; rescate feito cos cartos pagados en impostos polos mesmos cidadáns que agora aturan os recortes na sanidade, o ensino e demais servizos públicos e sociais para que o Estado poida pagar esa débeda pública aos bancos rescatados.

Ou sexa, os ladróns entran nunha casa, levan todo o que poden arrepañar, despois dilapidano e logo chaman á Garda Civil e aos xuíces para que obriguen aos donos da casa na que roubaran a que lles repoñan o botín dilapidado. E se as vítimas do roubo queren acudir ao amparo da xustiza e non teñen os cartos que lles roubaran para pagar as leoninas taxas impostas polo ministro Gallardón, ficarán na situación de indefensión, que a Constitución proclama que en ningún caso se pode producir. O patriota constitucional Gallardón aboliu pola súa conta impunemente ese precepto da súa Carta Magna, coa garantía de que o sicario do seu partido que preside o Tribunal Constitucional non lle vai emendar a plana. ¿É iso ao que vostede se refire, señor Núñez, cando di que Galicia cumpre?

Non pensen que estou fóra do tema neste debate, porque estou a deseñar o escenario político no que se desenvolve a actual traxedia do pobo galego, un escenario estruturado en tres círculos superpostos de diámetros sucesivamente maiores: Galiza, o Estado español e a Unión Europea. Nese escenario o acontecer político galego está cada vez máis supeditado á gravitación das decisións adoptadas no centro da Unión Europea e repercutidas aquí dende o centro do protectorado español.

Recordareille, señor Núñez, o que con outras verbas lle argumentaba eu cando da súa investidura. Se a “nosa” Autonomía funcionase realmente como autogoberno do pobo galego, a dinámica democrática debería operar de abaixo arriba: as decisións deste Parlamento e da Xunta, adoptadas en exercicio do noso autogoberno, deberan ser respectadas e asumidas primeiro polo Estado e logo pola Unión Europea. Ese sería o modelo funcional democrático.

Mais funciona mesmamente ao revés. É a Unión Europea quen decide por nós e contra nós, logo trasládalle a súa decisión ao Goberno de Rajoy, quen llela retransmite a vostedes para que a acaten servilmente, mesmo se invade as competencias de autogoberno establecidas no Estatuto de Galiza. Incluso vostedes teñen a desvergoña política de invocaren reiteradamente esas decisións para eludiren as súas responsabilidades. Inutilmente. Bruxelas dixo..., Europa non sei que..., hai que ser respectuoso. Inutilmente, iso si, porque medra cada día o descrédito de vostedes perante os cidadáns agredidos por esas decisións. Os cidadáns, que vostede se erixiu en portavoz deles, estaban berrando no Parlamento, ás portas, fóra, porque non os deixan entrar.

Como mostra ben recente, velaí a falcatuada do famoso *tax lease* cometida pola Comisión Europea, verdadeira operación de eutanasia contra o malferido sector naval galego para borrarlo definitivamente do mapa despois de trinta anos de acoso ao único complexo industrial galego potente e moderno.

Ante esta enésima fechoría da Unión Europea, Almunia, Rajoy e Núñez practicaron o patriotismo constitucional español en favor das españolísimas Holanda, Dinamarca, Alemaña e os seus estaleiros nas rías galegas do Báltico e do Mar do Norte. Non lles importou que ese ataque violase a lexislación fiscal española e ate o mismísimo Código civil.

Ou aínda a máis recente exclusión da frota pesqueira galega do caladoiro mauritano decretada tamén pola Unión Europea. Se iso non é traizón, só pode ser pusilanimidade de vostedes con corrupción e compromisos podres por detrás.

Porque ningunha de todas cantas decisións agresoras aos intereses galegos adopta a Unión Europea teñen consistencia democrática; porque ningún dos órganos das que proceden, foron elixidos directa nin indirectamente por sufraxio universal dos cidadáns. Aínda máis, porque eses órganos e os seus inquilinos son monecos do ventrílocuo que dita as súas ordes dende detrás dos bastidores dese escenario: a ruín plutocracia financeira especuladora –se non entenden o de plutocracia, vexan vostedes a obra plástica *The Ghost*, por exemplo, dos anos vinte e trinta– e ata delincente, que detenta un auténtico poder cuase omnímodo.

Agresións constantes ao campesiñado en política agraria, ao mundo mariñeiro en política pesqueira, aos traballadores asalariados en política laboral e salarial, aos pensionistas en recortes e roubos a prol dos fondos ladróns, ás pemes e ás familias a prol da banca que lles pecha as billas do crédito, ao conxunto do común dos cidadáns co desmantelamento do cativo Estado do medioestar e a conversión dos servizos públicos e sociais en negocio privado; e así seguido, nun ronsel interminábel. E as poucas veces que as directrices da Unión Europea son favorábeis, como en temas medioambientais, culturais ou lingüísticos, de protección das linguas chamadas minorizadas, vostedes fan caso omiso delas, como adoitan facer coas sentencias xudiciais que anulan as súas accións ecocidas ou etnocidas, mentres predicán cinicamente o respecto á legalidade e ás institucións.

En resumo, a dinámica política que os seus amos impoñen e vostedes practican, lonxe de ser democrática e ascendente, é autocrática e descendente. Baixo a camuflaxe dunhas institucións deseñadas como democráticas, pero progresivamente baleiradas de contido, exércese un poder autocrático, antidemocrático, antiautonómico, opresor e despótico.

Mesmo están vostedes a operar coa súa maioría absoluta nas Cortes un auténtico proceso deconstituínte, denunciado polos tratadistas e asociacións de xuristas demócratas máis solventes, mediante un regueiro de leis e decretos lei que consuman unha auténtica abolición das trabes mestras e contidos cardinais da Constitución de 1978.

E como un eco dese demoledor bombardeo esencialmente gopista, neste Liliput galego vostedes ametrallan a fráxil armazón do Estatuto de Galiza. Mesmo arremeten agora contra a autonomía das administracións locais e a funcionalidade das demarcacións xudiciais no peculiar territorio galego, non só incumprindo o mandato estatutario verbo da comarcalización e as parroquias, senón convertendo o mapa xudicial nun mapa mudo con oasis de cartón pedra, e arremetendo contra os concellos para empobrecelos, esganalos, maniatalos e convertelos en meras oficinas de xestión cotiá de recursos recortados e rixidamente predeterminados na súa aplicación.

Abusando dunha maioría absoluta que obtiveron no 2011 –mais que ben saben que non terían agora–, suprimen polas malas a necesaria autonomía dos concellos e dos gobernos municipais consagrada na Constitución e no Estatuto. Non é nada de estrañar se venderon a soberanía das Cortes á gran banca europea por unha cunca de ervellas. Pois agora o amo da Administración municipal galega xa é o Ministerio de Facenda, ocupado por un necio incompetente. O mesmo que fixeron coa autonomía das universidades, sometidas á chantaxe dese mesmo individuo. Iso si, todo o poder para as deputacións, que historicamente sempre foron –e nas mans de vostedes seguen a ser– as covas de caciques desaprensivos que denunciaban Castelao e os seus coetáneos da Xeración Nós. É un retorno ao franquismo sen Franco, combinado coa *Corte dos milagros* valleinclanesca.

Nestas condicións resulta evidente que xa non só o auto-goberno do pobo galego, senón as simples autonomías, son realmente inexistentes; son só imaxes virtuais proxectadas nunha pantalla que oculta unha constante acción de exterminio económico, social, cultural, ambiental e político do noso país. Vostedes actúan aquí como os parasitos, sexa no mundo animal, no reino animal ou no vexetal, que resultan tanto máis letais canta máis fame padece ou menos nutrientes recibe o animal ou planta parasitados. E coa fame que empeza a inzar e as espeluncas da pobreza que están a se agrandar nas clases traballadoras e a maioría social deste noso país, de seguir así, o partido parasitario acabará por matalo de vez.

Dixera eu ben antes de voltar a esta Cámara que a Xunta de vostedes era unha brigada de demolicións. Á vista dos resultados da súa actuación, rectifico: é un [...] (*Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*)

Vostede, señor Núñez, pasará ás crónicas –que non á historia– como o enterrador, mais un enterrador frustrado porque este país é imorredeiro –inmorredoiro, como diría don Ramón Otero Pedraio, meu venerado mestre–. Un país xeograficamente insólito, onde o eixo das variacións non vai de norte a sur, como na zona templada do planeta, senón da montaña ao mar, como no verso de Cabanillas. Un país a proba de lumes e de xenocidios, dondo e macizo, mesmo xeoloxicamente o máis antergo da península, bloque hercinián de granito e xistos que até ficou incólume dos cataclismos terciarios, que bateron nel e só o fixeron bascular formando a marabilla das rías atlánticas.

Como dixera Castelao, os amos aos que vostedes serven son uns imperialistas fracasados. Máis, aínda así, ¡claro que vostedes fan destragos a esgalla!, por iso cómpre desaloxalos canto antes dos habitáculos do poder que efemeramente ocupan.

A razón de ser das precarias institucións do Goberno tan só autónomo actuais teñen dous fundamentos. O primeiro éo exercer a expresión, garantía e defensa da identidade deste pobo como nación proclamada no seu himno oficial; do seu dereito como suxeito político dotado de soberanía; dos seus valores e patrimonio identitarios propios, tanto naturais como culturais, antropolóxicos e lingüísticos, e máis dos dereitos e liberdades dos seus cidadáns, todos, sen distincións. O segundo é conquistar, preservar e mellorar o benestar material, cultural e social da cidadanía galega toda, que só será realidade se este benestar o desfruta a maioría social, e non só unha minoría privilexiada.

Abonda repasar a acción política de vostedes para resultar evidente que non só vostedes non son leais a esas dúas ordes de fundamentos das institucións autónomas, senón que de maneira descarada vostedes utilizan o poder contra natura: contra a identidade deste pobo, tentando erradicar a consciencia del no imaxinario colectivo; contra a súa autoestima e dignidade, tentando convertelo nunha grea de servos; contra os seus dereitos e liberdades, tentando reconverter os cidadáns en súbditos e mallar neles se resisten ou se arrepoñen; contra o seu benestar material, tentando destruír o tecido produtivo, exterminar os non asalariados e autónomos e condenar de por vida ao paro ou á precariedade aos asalariados; contra o benestar social, desmantelando ou mercantilizando os necesarios servizos indispensabelmente gratuítos; contra o mundo da cultura, tanto autóctona como universal,

póndolle asedio para que morra por inanición. Só lles falta cualificar de arte dexenerada –como fixeran quen vostedes se cadra non saben, pero nós si– toda a creación literaria, musical pictórica, escultórica, arquitectónica ou artesanal de quen non faga pastiches ao gusto dos chimpancés. Contra a ciencia e a investigación, aplicando o bárbaro aforismo celtibérico de “que inventen outros” para condenar ao exilio –exterior ou interior– a mozos e veteranos homes e mulleres de ciencia, porque un país descerebrado é o ideal para a barbarie no poder; contra os ricos e sensíbeis ecosistemas agrarios e mariños para converter o territorio galego nun ermo a repartir en retrincos trazados a tiralíneas entre os seus amos, como os países subsahariáns ou Katanga.

Vexamos someramente o impacto das súas accións destrutivas nalgúns niveis e andares cruciais da armazón da sociedade e das institucións galegas. Encetemos o repaso por este Parlamento.

Nos vinte anos de presenza miña anterior nesta cámara, que inclúen os tres lustros da chamada era fraguiana, nunca vira eu nin padecéramos os deputados da oposición un tan descarado sometemento deste Parlamento e dos seus órganos reitores aos arbitrarios ditados da Xunta e do Partido Popular. O Parlamento fai o que a Xunta quere e como a Xunta queira.

No ano que levamos de lexislatura, nunca foi aceptada ningunha petición de comparecencia de ningún conselleiro ou conselleira formulada pola oposición. Comparecen cando lles peta, e por riba acumulando as peticións da oposición pendentes para inutilizalas. Tampouco o presidente da Xunta, agás nunha soa ocasión en todo o ano. Xa pode afundirse un sector ou empresa estratéxicos da nosa economía; espoliárennos e desapareceren as caixas de aforros; dispararse o desemprego en cifras exorbitantes; contárense por milleiros os cidadáns estafados polas preferentes ou botados das súas vivendas ao ventimperio; descubrirse publicamente a corrupción e o financiamento ilegal do PPG ou as súas inexplicadas amizades perigosas con narcotraficantes; acontecer a catástrofe ferroviaria de Angrois, etcétera: nada. O señor Núñez, impávido, non sabe, non contesta; non sae do seu tobo.

Por riba, cando ineludibelmente ten que someterse ás preguntas da oposición, non só non dá resposta ningunha, non

só mente e contradíse cada vez, senón que se erixe el en inquisidor dos parlamentarios que lle fan as preguntas –sen que a Presidencia da Cámara o chame ningunha vez á cuestión, xa non digo á orde–. Mais, nun inaudito exercicio de cínica soberbia, reclámanos a nós respecto ás institucións. Vale.

Este Parlamento está convertido nunha oficina de trámites, onde as iniciativas que chegan do Goberno para seren debatidas saen practicamente tal como entraran. E cando son da oposición, rexéitanse practicamente todas, tanto en pleno coma en comisión –e xa se contan por centos–. Vostedes, na práctica, néganlles a representación nesta cámara a todos os cidadáns que non os votaron a vostedes; para vostedes non existen como votantes, por tanto non son cidadáns. Mais, simultaneamente, vostedes predican o consenso. Enténdase ben, o consenso consiste para vostedes en que os demais digamos “amén” ao que vostedes propoñan e impoñan. Mesmamente como os contratos de subministro eléctrico de Gas Natural, por caso. E, se non pasamos polo aro, daquela somos “os do non”. Claro está que, perante estas aldraxes aos dereitos dos nosos representados, algúns indignámonos e revirámonos. Daquela aplícasenos un réxime disciplinario propio dunha institución penitenciaria. Se nos arrepoñemos, castígasenos de diversas maneiras: impónsenos o vocabulario que vostedes escollen e que nos prohibe utilizar adxectivos que figuran como tais nos dicionarios, porque vostedes deciden que faltan ao respecto ou á “hipócrita boa educación nacional-católica rediviva” que Wert e mais vostedes queren volver impor, ata se cadra con labazadas se non falamos “la lengua del imperio” nin comulgamos con rodas de muíño.

Chámasenos á orde mentres os seus faltan á orde impunemente. Bótasenos do pleno. Mesmo cando unha deputada nosa é insultada na súa condición feminina por un dos seus machistas, e arreponse, a presidenta –que é muller– expulsa á agredida no canto do agresor.

E logo está o réxime carcerario das visitas, que aquí son os cidadáns convidados ás sesións polos grupos parlamentares da oposición. É sabido que nos cárceres, se o preso ou o seu visitante non se portan ben, suprímenselle ao preso as visitas. Aquí, primeiro, tentouse converternos aos deputados en policías dos visitantes, mais como non aceptamos, castígasenos non podendo convidar a ningún cidadán cando nos portamos mal. E análogo réxime disciplinario téntaselles

aplicar nesta Cámara aos traballadores e traballadoras, como no caso das traballadoras da limpeza, maltratadas pola empresa privada coa que o Parlamento contratou –di externalizou– ese servizo.

Poderán pensar os cidadáns que me escoiten que estou a falar de cousas internas desta casa que a eles non lles interesan. Iso é o que vostedes pretenden, que pensen os cidadáns que o que ocorra dentro desta cámara é cousa dos políticos, que ademais somos todos iguais, e que ao cabo o Parlamento non vale para nada. É a maneira de crear as condicións axeitadas para poder converter un réxime formalmente democrático nunha tiranía, e é coñecida con precedentes históricos moi trágicos. Por iso quero alertar aos cidadáns. Aínda a risco de que algúns non me comprendan, na política cómpre facer unha honesta pedagogía tamén, que tildarán de demagogia vostedes, os auténticos demagogos, claro. Por moi inútil que poida considerarse, eu nunca renunciarei a tentar facelo. Por iso me indigna cando se din patrañas desde aquí, o pitorreo da xente do común. Isto, polo que respecta á institución sobranceira de todo réxime democrático, a Cámara de representantes dos cidadáns.

Mais está logo o eido fundamental, que é a sociedade civil, ou sociedade sen máis, a enorme agra aberta onde as xentes viven, traballan –se as deixan–, sofren e disfróitan; as xentes do común que nos outorgan o seu voto para que resolvamos os seus problemas, vostedes no Goberno e nós na oposición. En condicións normais, deberamos todos asumir que uns e outros representamos concepcións e intereses diferentes, e mesmo contrapostos, de diferentes e mesmo contrapostos segmentos da cidadanía. Niso consiste a dialéctica democrática.

Mais dúas cousas deberan estar claras: a primeira, que a razón e o coñecemento están repartidos entre uns e outros, non están só dunha banda, e inexistentes da outra; a segunda, que a vostedes correspóndelles gobernar e pola mesma adxudicárense os éxitos se acertan, mais tamén apandaren cos fracasos se erran. Pois non é así.

Seica vostedes son *sabelotodo*, e nós *sabelonada*, e seica se a realidade social é un fiasco e unha traxedia, vostedes non teñen responsabilidade ningunha, porque todo é culpa dos que gobernaron antes –a famosa herdanza–, esquecendo á mantenta que antes tamén gobernaron vostedes, non só na

lexislatura pasada, senón durante vinte e sete dos trinta e dous anos que levamos de Autonomía.

Vostedes son especialistas en estaren no Goberno e na oposición simultaneamente; no Goberno, para teren o poder e facer o que lles pete con el; e na oposición, para acusaren dende o Goberno a nós, á oposición, de todo canto mal padecen os cidadáns. Mais a realidade é á inversa: vostedes son os responsábeis dos resultados da acción de goberno realizada durante as seis sétimas parte do tempo que levamos de Autonomía, e os resultados están a vista, e os cidadáns son os paganos do fiasco.

Denunciara eu aquí, cando da súa investidura –hoxe fixo o segundo discurso de investidura, parece ser–, o espolio que están... –porque ademais desdixose do anterior, claro, porque hai que investirse outra vez, como a guerra das investiduras do Henrique IV de Pirandello– ...o espolio que están a padecer o noso país e o noso pobo nos diversos eidos da súa realidade.

Non teño tempo para facer unha redacción de agravios, que sería tan interminábel como a famosa lista de Don Giovanni, só que aquela era de mulleres violadas, e aquí dun país violado todos os días.

Só algunhas mostras moi actuais. No espolio enerxético. Hoxe rematou o prazo para recorrer o Real decreto 9/2013, devastador para o noso sector eólico, no que fomos vangarda até que chegaron vostedes. Foi recorrido por diversas autonomías; por vostedes, que eu saiba, non. Falou dunha comisión. Pero danlle 700 millóns de euros a Gas Natural-Fenosa para un suposto plan inversor, que constitúe unha estafa monumental, dito por técnicos e asesores da propia Xunta de Galicia, que desaconsellaron. Como foran estafas o Plan Mega e o de electrificación rural.

No exterminio do campesiñado, con vostedes na Xunta, pecharon 4.500 explotacións agrarias máis, mentres Galiza gasta cada ano 900 millóns de euros en importar alimentos que se podían producir aquí. E Alimentos Lácteos é un fracaso ruinoso de vostedes, por poñeren á fronte dous incompetentes tenentes de alcalde seus, no canto de persoas competentes.

No exterminio das clases traballadores asalariadas, xa son preto de 300.000 os desempregados, e case 125.000 sen reci-

biren prestación ningunha. Empresas sen problemas nas súas vendas están paradas e cos traballadores despedidos, como T-Solar ou Alfageme. Ao sector do automóbil déronlle 45 millóns en axudas, pero despide ou suspende contratos a centos de traballadores e deslocaliza auxiliares. E empresas que acoden a concursos públicos con temerarias ofertas á baixa logo despiden ou escravizan os traballadores, e con cartos públicos.

No torpedeo do ensino público, en todos os niveis, e o roubo á mocidade do seu futuro. En catro anos, 500 millóns menos para o ensino público, pero 1.000 millóns en catro anos para o privado concertado, incluídos os centros que segregan por sexo –a obsesión do sexto mandamento segue aí–. A metade dos titulados universitarios fóronse para fóra de Galiza nos últimos anos, e só no 2012 abandonaron o noso país 2.100 mozos e mozas de entre 20 e 34 anos cada mes. Desmantelan o ensino na Galiza rural pechando aulas e colexios. O decreto de comedores malla nas familias, empezando por mileuristas e o resto.

No asedio por fame ao mundo da cultura, ningún sector nin colectivo está a salvo, mentres dilapidan 9 millóns de euros ao ano no mausoleo fraguiano do Gaiás, que tamén será esa unha herdanza do bipartito –digo eu–.

No ataque racista e clasista ao noso idioma, trátano peor que a un idioma estranxeiro, e recrudecen o vello complexo diglósico de que o galego só vale para falar coas vacas.

Co patrimonio cultural, a Xunta actúa ao servizo de grandes empresas ás que o noso patrimonio impórtalles un nabo, só os seus lucros. ¿Pero iso non é un auténtico etnocidio?

Na demolición da sanidade pública, a sinistra historia do novo Hospital de Vigo é un atraco aos cidadáns. Vai custar catro ou cinco veces máis do previsto, en cartos entregados ás empresas encargadas dese hospital, que logo nolos cobrarán de novo ás arcas públicas. Van converter en negocio privado os servizos de alta tecnoloxía do Sergas, cun custo de case 100 millóns, regalados, de cartos públicos.

As xubilacións forzosas só se repoñen unha de cada dez, pero teñen vostedes o coallo de tramitar unha lei, chamada de garantías sanitarias, que é todo o contrario diso.

E logo o ecocidio. Incendios, como se estivésemos en guerra baixo bombardeos. Contaminación do aire, os ríos e as rías, que levan vostedes trinta anos sen atallar.

Barra libre aos destrutores das costas, carencia de ordenación territorial.

Coido que abonda para convertelos a vostedes en reos de crimes contra o benestar, a cultura, os recursos e o patrimonio natural dos cidadáns galegos.

—Vou rematando—.

Pero ante esta dramática e desesperante situación, porque como vostedes viven en habitáculos escuros, non palpan, non perciben a desesperación da xente, da xente normal, os dramas das casas, na nosa aldea, na miña aldea, no concello, ¿de que fala vostede, Juan Centella?

Pero ante esa dramática e desesperante situación..., *(Risos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...engadida á corrupción e descomposición moral do seu partido, da caste política que constitúe, e das institucións todas do actual réxime, incluída a Casa Real e a xerarquía eclesiástica, a maioría social deste país xa non cre en vostedes, nin nos seus gobernos nin nas súas maiorías parlamentares, e as consultas de opinión pónenno en evidencia, con porcentaxes que, en rigor deslexitimánonos por completo a vostedes. Conservan legalmente a maioría das Cortes nesta Cámara, porque llela deron os votos no seu momento, mais están deslexitimados, porque enganaron, trucaron o mandato electoral, están a facer o contrario do que prometeron, e se houbese agora eleccións, vostedes e Rajoy saben perfectamente que as perderían. Fagan a proba, se están tan seguros, ousen convocalas.

Mais o estado de ánimo e de actitude dos diversos sectores cidadáns é diverso, primordialmente de dous tipos: os que se senten impotentes, desesperan e se resignan; e os que se arrepoñen, autoorganízanse e combaten fronte a tanta barbarie no poder. Os primeiros veñen ser cidadáns pasivos, non á vontade, senón por falla de esperanza e de alento. Os segundos son activos, os que con toda a coraxe exercen

como cidadáns libres, por moi improbábel que consideren vencer e por moitas batallas cívicas que perdan.

Deses está a vir a marea de rebelión cívica que acabará co poder ignaro e autocrático de vostedes. A eses queremos nós reiterarlles o noso apoio solidario, o noso compromiso de combate democrático, con eles dentro e fóra desta Cámara. E aos demais, chamalos a unírense aos que combaten a ruindade do poder actual. E a todos, asegurarlles que hai esperanza, porque hai alternativa á actual barbarie.

Pondal escribira aquilo de que “a lus virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán”. Non aspiramos a tanto, inda que sempre o nacionalismo e a esquerda galega foron un faro de Fisterra alumeando tamén cara a dentro e non só cara ao océano. Dende a rebelión agrarista ao sindicalismo anarquista; dende Rosalía a Manuel Antonio e Ferrín; dende as Irmandades da Fala ao Partido Galeguista de Bóveda e Castela; dende os represaliados e exterminados na Guerra Civil á UPG, ao PSG e todo o que veu despois; pero tamén ao Partido Comunista de Galicia, ás Comisións Obreiras e ás Comisións Labregas nacionalistas.

Dende todo isto que ocorreu, nós estamos certos de que os cidadáns sempre acaban por derrotar os tiranos de calquera caste, e que a cidadanía galega mobilizada e ben artellada será o motor dunha creba democrática co apodrecido réxime actual, non só no recinto político galego, senón solidariamente cos demais pobos no ámbito peninsular, que Espriu denominara poeticamente “*La pell de brau*”, a pel de touro, aquí de touro de caste rubia galega, naturalmente.

É a hora da cidadanía exercente como tal. É a hora da soberanía popular no sentido propio da palabra. É a hora da reconquista dos dereitos e liberdades cívicas e políticas efectivas. É a hora de asumirmos os principios e a práctica dos valores republicanos. É a hora da rebelión cívica como motor da nosa emancipación. É a hora dunha creba democrática con este réxime putrefacto. Como cantaba a mocidade do meu tempo fronte ao franquismo, con Franco: “Venceremos nós”. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señor Beiras, facendo gala do que vostede dixo, que é un deputado con experiencia parlamentaria e un deputado con formación e experto, sabe que no seu discurso podería haber

moitas cousas que podía ter retirado, pero o único que lle pido é que o Goberno democrático de Galicia non é ningún comando de nada, é un Goberno elixido democraticamente, e, por tanto, aí si que lle pido que retire o cualificativo co que se dirixiu ao Goberno.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Pois moitas grazas.

Entón, ten a palabra a continuación, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta.

Señorías, membros do Goberno, saúdo ás persoas invitadas, señor presidente da Xunta de Galicia.

Hoxe escoitamos aquí un discurso melancólico, un discurso claudicante, un discurso que tivo que apelar á capacidade de sufrimento e de resignación dos cidadáns de Galicia, pero un discurso que estivo orfo de ambición e de obxectivos, un discurso de derrota.

Apelou vostede no comezo –e voltou tamén ao final– aos heroes civís de Angrois, para incluírse indisimuladamente nese grupo, xunto cos policía que perderon a vida, os brigadistas forestais, verdadeiros referentes éticos, señor Núñez Feijóo, que non só honramos, pero que deberían de quedar fóra deste debate político.

Pero nese retrato dos heroes civís de Galicia faltaba xente, e sobraaba tamén alguén. Faltaban, desde logo, nese grupo de honra as 33.000 persoas, os 33.000 fogares que neste momento non teñen ningún ingreso económico. Faltaban, señor Feijóo, os 96.000 fogares onde todos os seus membros están en paro. E faltaban os 662.000 fogares que, como vén de dicir Cáritas, se atopan neste momento no limiar de pobreza. E faltaban os centos de miles de fogares onde o único ingreso que existe é a pensión dos pensionistas galegos, que por certo cobran as pensións máis baixas de España. *(Aplausos.)*

Son todos eles heroes da resistencia civil fronte á claudicación e á desesperanza, pero son persoas que probablemente hoxe non se atoparon reflectidas no seu extenso discurso.

Nesa relación sobraaba vostede, señor presidente. Vostede está noutro marco, está no marco dos que teñen responsabilidades e foxen delas, está no marco dos que viven nunha gaiola de marfil e pasan por riba da sociedade real. Se quere coñecer unha faciana real, inmediata, urxente, deste país, vaia ver esa exposición que onte se inaugurou aquí, neste mesmo edificio, no Parlamento de Galicia, e comprobará como están a vivir o 20 % das persoas de Galicia. Comprobará situacións de anguria, das que vostede hoxe nin deu conta nin, sobre todo, ofreceu ningunha perspectiva de futuro.

Señor presidente, non é aceptable que, logo de cinco anos de goberno, a situación en Galicia sexa peor para case todos os sectores. Non é aceptable que sexa peor para os traballadores, pero que sexa peor para os desempregados, que sexa peor para os pensionistas e para os estudantes e para os enfermos. Non é de recibo, señor Núñez Feijóo, que, logo de cinco anos, neste país os traballadores estean sendo aplastados polos cambios laborais e retributivos e as clases medias estean sendo arruinadas.

Ten razón un premio Nobel, Krugman, cando di que desta crise en todo o mundo os ricos están saíndo moi ben, grazas a gobernantes como vostedes, defensores da minoría fronte aos intereses da maioría. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Feijóo, e o señor Rajoy e o Goberno do Partido Popular, están impulsando unha sociedade despiadada, con moitos perdedores e con moi poucos gañadores. Vostede anuncia hoxe obxectivos e medidas para resolver os mesmos problemas dos que falou aquí hai un ano. Señor Feijóo, ¿e os resultados? ¿Non toca falar hoxe dos resultados da acción do Goberno? ¿Vén hoxe vostede aquí falar dun estado abstracto da Autonomía sen dar conta dos resultados das distintas políticas?

Este debate só debe responder a unha pregunta: ¿vivimos igual, mellor ou peor que hai cinco anos? Para moitísimos cidadáns deste país a resposta é sinxela e rápida: moito peor. Para a maior parte das persoas do país a situación non mellorou. E vostede ten que dar conta do que fixo cos recursos que ten ao seu alcance. Vostede ten a responsabilidade das respostas á crise, e para iso ten instrumentos moi importantes. Vostede leva administrado en cinco anos 50.000 millóns de euros, vostede ten, ademais, todos os recursos da Administración pública e vostede ten tamén a capacidade normativa

deste Parlamento para poder fixar novas cargas ou facer unha distribución distinta.

Vostede e o seu Goberno están destruindo o Estado de benestar, que é unha conquista histórica de España —¡así de duro, señor Núñez Feijóo!—, vostedes estano destruindo deliberadamente. España chegou tarde ao Estado de benestar polas razóns históricas que todos coñecemos. De feito, en España, falar de democracia é sinónimo de falar de Estado de benestar. Foi construíndose ao mesmo tempo, mesmo foi o pacto da transición. “Amnistía e dereitos civís, Estado social e democrático de dereito”, así o define a Constitución.

Destruír o Estado social en España, señor Feijóo, é baleirar de sentido a Constitución, é reducila a unha arquitectura institucional. Vostedes están mesmo crebando un dos valores que o artigo 1 da Constitución define como esenciais na nosa sociedade, que é o valor da igualdade, e vostedes estana crebando de día en día. ¿Como non imos darnos conta, como non imos comprender, a enorme desafección que senten, sobre todo as novas xeracións, diante deste marco baleiro de obxectivos e que non lles ofrece unha alternativa de vida? Temos xa que falar en tempo pasado: houbo un Estado de benestar.

Baixo a dirección de vostedes estase producindo un cambio de modelo social para o que non teñen nin lexitimidade democrática nin mandato electoral. Están facendo o contrario do que prometeron. Voulles dar un exemplo desta mañá. Vostedes nas eleccións prometeron rebaixas fiscais. Hoxe vostede anunciou unha pequena rebaixa fiscal. Ata o de agora levan producido o maior incremento fiscal da historia moderna de España: vostedes teñen prorrogado o incremento do IRPF para o vindeiro ano —recentemente, señor Montoro—, teñen establecido taxas de todo tipo nos servizos públicos, implantado os repagos na sanidade e no ensino, incrementaron o IVE de xeito escandaloso, incrementaron o dos carburantes, o canon da auga, están asfixiando a maioría. E agora ofrécenlle unha cativa rebaixa: 84 euros como máximo para determinados colectivos de Galicia —por certo, a meirande parte dos posibles beneficiarios nin sequera están obrigados a facer declaración da renda—, e, sen embargo, vostede tense negado sistematicamente a incrementar os tipos marxinais do IRPF ás rendas máis altas. Para as rendas máis altas, absoluta tranquilidade fiscal; para as rendas máis baixas, multas, imposicións, recargas e tributos de todo tipo.

Hai uns días publicouse un ensaio moi interesante —do que lle recomendo a lectura— dun coñecido escritor, Muñoz Molina. Titúlase *Todo o que era sólido*; todo o que era sólido estase esvaecendo; todo o que era sólido nun Estado de benestar, con garantías retributivas, con garantías de posto de traballo, con estabilidade e dereitos para os traballadores está sendo destruído de xeito deliberado.

Vostedes fixeron unha reforma laboral para recuperar emprego. Ano e medio máis tarde —datos EPA—, Galicia, 20.000 novos parados; ocupados, 52.000 menos. Non dirá que é un éxito. Peor aínda, de cada 100 contratos novos en Galicia, 92 son temporais e soamente 8 indefinidos. ¿Ese é o modelo social de futuro: retribucións cada vez máis baixas, absoluta precariedade, perda dos dereitos laborais?

Vostede está demostrando que é un alumno avantaxado de Rajoy, porque Rajoy vai polo mundo alardeando de salarios baixos. ¿A iso lle chaman vostedes “a marca España” ou lle chaman “a marca Galicia”? ¿a que veñan aquí empresas coa garantía de que van ter salarios apenas por riba do límite de subsistencia e unha escandalosa rotación dos activos? E de portas a dentro ofrecía vostede hoxe resignación e capacidade de sufrimento.

A baixada dos custos salariais en Galicia con vostede, señor Feijóo, acada 900 euros/ano por traballador, cinco veces a media estatal; e por riba o señor Montoro di que “crecemento moderado dos salarios”. Oia, sobre a explotación, escarnio.

Quero sinalarlle dende agora as prioridades absolutas do Grupo Socialista: en primeiro lugar, a loita contra o desemprego; en segundo lugar, o mantemento dos servizos de carácter público, universal e gratuíto no ensino e na saúde; e, dende logo, unha política fiscal progresiva que grave sobre todo a riqueza. Sobre esas bases, señor presidente, podemos entendernos. Paréceme que está vostede un pouco alonxado.

O primeiro problema deste país é o paro. Non é un dato máis, é o problema; un problema que condiciona absolutamente todo o que ocorre. Vostede disto fala pouco. Mire, non falou no anterior debate de hai dezaioito meses nin no discurso de investidura, e hoxe pasou por riba; non é unha preocupación fundamental do Goberno que preside.

Vostedes, logo de gastar 50.000 millóns de euros do orzamento en cinco anos, non puxeron en marcha ningunha actuación relevante na loita contra o paro. ¿Que ocorre?, ¿non atopou ideas?, ¿non atopou recursos?, ¿simplemente non estaba na senda?, ¿ou é que os parados son invisibles? Como o señor Bárcenas e o financiamento irregular, o que non se nomea non existe.

Durante o seu mandato, señor Feijóo –non o esqueza–, o paro medrou en 125.000 persoas e hoxe hai 288.000, segundo a EPA, e os afiliados á Seguridade Social baixaron en 113.000; temos o duplo de fogares en paro que cando vostede chegou. O modelo que están implantando, de rotación de traballadores e parados, significa dispoñer dun exército de man de obra intercambiable que non xera dereitos e que ten menos protección.

Señor presidente, vostede non ten fillos, pero seguro que coñece persoas novas, ¿e vostede faílle un discurso coma o de hoxe? Porque, se llelo fai, notará probablemente o desinterese, cando non o menosprezo. ¿Sabe vostede que hai moitos mozos e mozas de máis de 30 anos que nunca tiveron un contrato laboral, que non teñen a experiencia de ter cotizado nunca á Seguridade Social e que teñen enormes probabilidades de que isto siga así indefinidamente? ¿Sabe que esas persoas teñen un nivel de formación moi superior ao que tiñan os seus pais e que están condenados por primeira vez na historia a vivir moito peor do que vivían eles? ¿É consciente dos dramas persoais que están ocorrendo con estas persoas? Persoas no momento cimeiro da súa vida, sen capacidade para ser independentes, para decidir e planificar o seu futuro. E vostede non lles ofrece nada. Teñen que aceptar hoxe, despois de escoitalo, que as institucións galegas non están para esa xente nova, que están para outra cousa. Desas persoas novas, unhas poucas van acadar empregos de 600 euros, polo menos, aquí, outras poucas van atopar empregos tamén de 600 euros en Alemaña ou en terceiros países e a meirande parte teñen moi difíciles probabilidades de ter un emprego. ¿E vostede é tan insensible que non ofrece ningunha alternativa hoxe? ¿Non lle chamará unha actuación contra o desemprego ao que onte puxeron no *Diario Oficial de Galicia*? Dous millóns de euros para que os concellos contraten algúns axentes. Son 288.000 persoas paradas. ¿Son tan invisibles para vostede que mesmo no orzamento reduciron á metade o gasto en políticas activas de emprego? É dicir, en Galicia, na época da bonanza económica, dedicá-

banse 400 millóns de euros á loita contra o desemprego e no momento da crise dedícanse 200. Esta é a situación. Iso si, agora as estatísticas europeas pónennos no noso sitio: estamos encabezando o ránking dunha das peores clasificacións de Europa, o ránking de destrución de emprego.

Vemos como os gobernos de dereitas, tanto o seu como o do señor Rajoy, dan un paso máis aló e deciden conxelar as retribucións das persoas pensionistas. Iso representa unha diminución real dos seus ingresos polo efecto da inflación. Onte un medio galego titulaba: “Un 20 % é o que van perder os pensionistas galegos”. A vostedes debe parecerlles excesivo que a pensión media galega sexa de 722 euros, e por iso a reducen por lei con efecto indefinido. Señor Núñez Feijóo, en Galicia temos as pensións máis baixas de España. Non conte co Partido Socialista para seguir diminuindo o poder adquisitivo dos pensionistas. (*Aplausos.*) Vostede nin os citou. En 105 minutos de discurso non falou dos pensionistas, non tivo interese. E a señora ministra do ramo, nun alarde de cinismo, tenta explicar que o que están facendo é garantir que sempre medrarán. Mire, medraron cando había o Pacto de Toledo, que foi o que permitiu que durante vinte anos os pensionistas tiveran un menor nivel de dependencia.

Hai uns días nun mercado atopeime cunha muller; mellor dito, interpeloume unha muller pensionista, viúva, cun fillo en paro e sen prestacións; e a unha semana de acabar o mes, máis ou menos, díxome que lle quedaban exactamente 15 euros para rematar o mes. ¿Vostede é consciente de qué se pode facer con 15 euros para alimentar unha familia durante unha semana? E a esa muller, que ao mellor hoxe escoitou este debate, ¿vostede que lle ofreceu?, ¿un euro e medio de incremento da pensión? Ao seu fillo, por suposto, nada; se está desempregado de longa duración, logo de escoitalo a vostede, pode asumir que así vai seguir indefinidamente.

¿Sabe vostede que os bancos de alimentos e Cáritas en Galicia están desbordados pola demanda? ¿É vostede consciente da tremenda situación de desgarrar que lle produce a calquera persoa que ten cargas familiares acudir a unha entidade desas características a demandar auxilio, sentir que a súa vida e a súa capacidade profesional non valen nada e escoitar hoxe que vostede nin os cita?

Un dato máis sobre pensionistas. A miles de galegos e galegas que fixeron posible, coas súas remesas, que durante os

anos 1960 e 1970 mellorara o nivel de vida en Galicia agora os están espoliando, poñéndolles sancións fiscais, penalizacións e ademais pedíndolles unha tributación con efecto retroactivo. Esas persoas nunca agocharon ningún ingreso, nunca foron defraudadores –tenos hoxe aí fóra na rúa, supoño que os terá recibido–. E, nun alarde máis do carácter tramposo do seu grupo, vostedes votaron aquí unha iniciativa deste grupo para instar a Axencia Tributaria a que se paralizara, e uns días despois no Senado votaron o contrario. É dicir, vostedes, realmente, ¿a quen están a defender? (*Aplausos.*) Amnistía fiscal para os grandes defraudadores, amnistía para as empresas que dan mordidas ocultas ao seu grupo e, en cambio, presión máxima sobre os que cumpriron toda a vida, que agora se ven espoliados. Os demais emigrantes, por certo, xa non existen; dende que deixaron de ser de interese electoral desapareceron do seu abano de problemas.

Falemos de servizos públicos. Vostede chámalle aforro farmacéutico ao desprazamento do gasto; antes os cidadáns pagaban impostos, agora pagan impostos e medicamentos. Eliminaron máis de 400 medicamentos da prescrición pública, que inmediatamente multiplicaron o seu prezo, ás veces o duplo ou o triplo. E agora queren que os enfermos crónicos que están obrigados a longos tratamentos –ás veces de por vida– tamén teñan que pagar cada vez que acoden ao hospital. Oia, señor presidente, ¿sabe que tipo de patoloxías son as que están neste grupo?, ¿sabe que hai aí persoas que teñen unha esperanza de vida taxada de meses e que vostede lles vai pedir que pasen por caixa antes de outorgarllela? Se non o fan en defensa da igualdade, polo menos actúen con humanidade, porque vostede mesmo recoñeceu que o obxectivo desa taxa non era a recadación. ¡Pero se o que van recadar é menos do que gasta cada membro do Goberno en publicidade baleira de contido e en autopropaganda! ¡Cada un deles! O que vostede dixo é que isto se facía para homoxeneizar a prestación farmacéutica. Homoxeneizar, ¿con que?; homoxeneizar, ¿para que?

Vostede aposta por unha sanidade que, antes de mellorar a saúde dos pacientes, produza beneficios aos grandes capitais, e ademais propón financeira con impostos sobre os carburantes: pagará o mesmo unha familia de renda alta que unha familia de desempregados, pero a repercusión na súa economía familiar será radicalmente distinta.

Para nós, señor presidente, a sanidade pública é irrenunciable e debe ser financiada solidariamente cos impostos. Se

vostede pretende que a atención sanitaria dependa da capacidade económica do paciente, vains encontrar sempre en fronte. (*Aplausos.*) Non conte con nós para impulsar un modelo de negocio que acabe co dereito á saúde en igualdade de condicións.

Agora hai convocada unha folga no sector sanitario provocada pola deterioración das condicións de traballo e de atención aos doentes, pola falta de recursos e pola redución de plantillas. Médicos e persoal de enfermería están falando estes días en todos os medios con orgullo do Sistema público de saúde; mentres que cando fala o Goberno, a Xunta de Galicia, fala con preocupación, coma se tiveramos un problema e non unha conquista extraordinaria.

Señor Núñez Feijóo, o sistema sanitario galego é perfectamente sostible na nosa economía. Os socialistas queremos que os cidadáns só paguen, e dunha vez, os seus impostos e que non teñan que pagar de novo nos hospitais e nos centros de saúde. Dende que vostede goberna restáronse 847 millóns do orzamento acumulado na sanidade, por iso hai menos médicos e máis listas de espera. E os novos hospitais e centros de saúde dos que vostedes falan continuamente a día de hoxe son todos virtuais; non pasaron do papel á realidade.

¿Esquece vostede, señor presidente, que se a esperanza de vida en Galicia é das máis altas de Europa, das máis altas do mundo na clasificación da OCDE, é precisamente pola extraordinaria calidade do Sistema público de saúde que vostedes se prestan a modificar? Se hai unha actuación indignante pola discriminación que supón, e da que imos pagar as consecuencias durante xeracións, é abandonar a igualdade de oportunidades.

En España, durante anos, mentres se ía creando unha clase media, existía un anxeio de igualdade de oportunidades; existía a convicción de que o único xeito de superar a limitación derivada da orixe social ou da posición económica das familias era mediante o acceso xeneralizado ao ensino e mediante a mobilidade social baseada no esforzo e no talento. A democracia recolleu esa necesidade, e especialmente a partir de 1982 multiplicou o número de universidades, de becas e de axudas, ata que, por primeira vez, alcanzamos o nivel de Europa. A universidade pasou a reflectir a composición sociolóxica do país e non a reproducir as elites dominantes. E en Galicia ocorreu exactamente igual.

Agora vostedes, da man do ministro Wert –un ideólogo da dereita máis reaccionaria– fan o camiño contrario: menos becas, menos axudas, máis barreiras de acceso, como reválidas e notas mínimas, menos oportunidades. Vostede, señor Feijóo, leva retirados 700 millóns de euros do gasto educativo, leva suprimidos 1.200 profesores e reduciron as becas universitarias nun 25 %. Mesmo agora están reclamando becas concedidas. Abandónase o principio de servizo público universal para introducir criterios economicistas de rendemento, avaliación, que son eufemismos para falar de novo da renda familiar ou da orixe social, como está máis que demostrado cientificamente. O único consenso que vostede acada en materia educativa é poñer a todo o mundo en contra e facer que se convoque unha folga contra a LOMCE; unha mobilización, por suposto, que os socialistas apoiaremos.

O ataque aos servizos públicos pola súa banda é totalmente ideolóxico. Vostedes, por exemplo, pretenden recadar 12 millóns de euros cos pagos nos comedores escolares, pero adica 103 millóns de euros á Televisión Galega, onde calquera información parcial está perseguida e só funciona como espello e altafalante do Goberno. As prioridades definenos, señor Feijóo.

Para negar o retroceso evidente dos servizos públicos vostede di que fan máis con menos, e pon un dato: o 80 % do orzamento é gasto social. Sen acritude, permítame que llo diga, neste punto, mente; como di o dicionario, falta á verdade conscientemente, porque a suma dos grupos III e IV do orzamento, que recollen o gasto social sobre o total consolidado, diminuíu en porcentaxe tres puntos respecto de 2009. E, sobre todo, baixou en cifras reais nada menos que en 1.224 millóns de euros. Señor Núñez Feijóo, baixaron o gasto sanitario un 9 % e o gasto educativo un 14 %.

E un apunte sobre igualdade. Esta mañá debeu de ter un lapsus, porque nun momento o escoitei falar dun centro de recuperación das mulleres. Será un lapsus. Recupéranse as especies; as persoas protéxense. (*Aplausos.*) Vostedes o que si teñen feito coas mulleres vítimas de violencia de xénero é reducir o orzamento drasticamente e ademais suspender todas as axudas dende xuño pasado. Espero que aí alomenos haxa unha rectificación.

Crecemento. O PIB, señor presidente de Galicia, retrocede de ano en ano e o paro aumenta. No ano 2008 –fíxese,

estaba vostede na oposición– dixo nesta Cámara que a situación galega era horrible porque había 162.000 parados. E inmediatamente, cando chegou ao Goberno, dixo que co orzamento do ano 2010 ía sacar a Galicia da crise –subimos a 200.000–; que o orzamento do 2011 ía ser a recuperación –subimos a 226.000 parados–; no orzamento do ano 2012 dixo: “Son os que van conter o paro” –chegamos a 265.000–; e superouse a si mesmo neste ano 2013 dicindo que “eran os orzamentos do remate da recesión e do comezo da recuperación” –estamos en 288.000–. Oia, ¿que nos espera dentro dun ano coas súas cifras? Porque o FMI xa adianta que, de creación de emprego coa súa política, antes do ano 2015, nada.

No emprego industrial, perderon 50.000 empregos sobre 200.000 –datos EPA–, cun mínimo investimento do estranxeiro –pode dar o dato, menos do 1 % do total de España– e un fracaso constante nos intentos de conseguir novas implantacións industriais.

Vostedes falan ás veces retoricamente dun novo modelo produtivo. Non existe nos orzamentos, non se aborda neses consellos da Xunta, tan baleiros de acordos e tan sobrados de informes publicitarios. Contra todas as tendencias internacionais, o investimento en I+D decreceu nun terzo, e agora fala de recuperar investigadores. ¡Pero se ten expulsado dúas de investigadores, entre eles algúns dos punteiros en España e en Europa! E paralelamente están suprimindo, reducindo, o gasto en universidades. De novo, cuestión de prioridades.

Unha das pancas tradicionais contra a crise é o investimento público. Estamos na cifra máis baixa dos últimos quince anos, e do que licitan o 40 % corresponde ao hospital de Ourense, paralizado; como paralizada está a autovía da Costa da Morte. Oia, ¿os da Costa da Morte non teñen dereito a estar preto dunha vía de alta capacidade? Non, foi vostede quen anulou un concurso, fixo trampa e ao final o deixou bloqueado. (*Aplausos.*)

E, en canto ao Goberno central, do que loou o seu investimento, quero lembrarlle que, de acordo coa Memoria do orzamento estatal, no ano 2014, soamente 4 millóns sobre 1.127, o 0,35 %, se corresponde con obra nova, o resto son proxectos que veñen do Goberno anterior. Ao César o que é do César.

Pero a pregunta é, señor Feijóo: ¿por que vostede agora é tan permisivo co Goberno de España? ¿Por que vostede, que censuraba tan intensamente o Goberno de España cando se facía o maior investimento na historia do país, agora garda silencio cando se produce un recorte na calidade de vida dos galegos? Gustárame que me contestara a esa pregunta. ¿Por que rebaixou vostede a exigencia ao Goberno de España cando máis o necesitan os cidadáns do país?

Vostede é o autor intelectual da frustrada fusión, da fracasada fusión, das caixas de aforros, levada adiante de xeito chapuceiro e insolvente con informes de auditorías á medida. Hoxe non hai caixas, o banco resultante está en venda e o seu futuro xa non depende de vostede. Polo camiño, o crédito esgotouse. Con vostede desapareceu mesmo o sistema financeiro. Había dúas caixas e tres bancos: Pastor, Etcheverría e Gallego; desapareceron todos. ¿Por que se rende diante da venda de Novagalicia Banco? ¿Por que se rende precisamente agora? ¿Por que permite que o FROB venda agora cando hai cinco anos de marxe? Se, como aseguran os directivos de Novagalicia Banco, o modelo de negocio está asegurado e a rendibilidade tamén, se, de feito, parece que hai tantos interesados en mercalo, ¿por que agora o Goberno galego renuncia a que siga existindo unha entidade financeira en Galicia, a que siga tendo aquí o centro de decisión? ¿Que gañamos en Galicia coa venda de Novagalicia Banco? Vostede xa pasa á historia por ter destruído dúas caixas e tres bancos. ¿Tamén quere ser o liquidador de Novagalicia Banco? Un banco galego é un instrumento imprescindible para o financiamento das empresas, para outorgar crédito e liquidez. Son as empresas quen crean o emprego e, sen crédito, non hai nin empresa nin emprego.

Concurso eólico. Bueno, simplemente este grupo presentou onte recurso de inconstitucionalidade contra unha norma, e fíxémolo en defensa da lexítima seguranza xurídica das empresas, que vostedes pasaron por alto nunha normativa absolutamente discutible. Vostedes introduciron a retroactividade negativa para as empresas e, polo tanto, puxeron en risco os investimentos realizados. Con vostedes as empresas si que perderon. E agora, cando anuncia timidamente que lles vai facer unha exención no imposto de transmisións patrimoniais, hai que poñer de manifesto que vostedes perderon no tribunal económico e administrativo unha reclamación do sector, que presentaron recurso e que probablemente o van perder, por iso agora empezan a rectificar

ofrecendo unha bonificación. Con vostedes nin os 13.000 empregos do proxecto industrial nin os 6.000 millóns de investimento.

O sector naval. ¡O sector naval! E vostede nos fala das palabras, das verbas, de dous presidentes de México. Eu pensei que había contratos, pensei que había algo, e resulta que agora soamente hai verbas. Esta é a situación. Pero, iso si, vostedes anunciaron milleiros de postos de traballo en Vigo e en Ferrol, como os anunciaron en Corcoesto, e agora o proxecto é inviable. ¿Por que non se mediron algo antes de facer ese anuncios? ¿Por que chegan a xogar de xeito tan irresponsable co estado de necesidade de tantas persoas paradas?

Señor Feijóo, as empresas están demandando facilidades para cumprir as obrigas tributarias e na Seguridade Social. Vostedes modificaron as recargas por atrasos do 3 % ao 20 % dende o primeiro día, e na Axencia Tributaria, cando as empresas solicitan adiamentos, contéstanolle que alí non están para financiar as empresas; a mesma resposta que nos deu o seu grupo cando nós presentamos a necesidade de modificación deste marco para as empresas aquí no Parlamento. Vostedes parece que prefiren que pechen as empresas antes que outorgar facilidades de pago.

Non lle falo do turismo por falta de tempo. Quede cun dato: os peores datos de ocupación de toda a cornixa cantábrica. Quede cun segundo dato: a menor rendibilidade de todo o sector hoteleiro do norte España. Algo, señor Feijóo, non se está facendo ben.

Doutra banda, non conseguen desfacerse do clientelismo. En contra da vontade do sector, entregaron o proxecto de Alimentos Lácteos a dirixentes populares; liquidado. O prezo do leite en Europa –falemos con claridade– neste momento está alto, pero a Xunta estase negando co sector ás medidas que poderían consolidalo.

No sector forestal, malia a enorme produción, Galicia importa madeira de calidade, destrúe emprego no sector e carece dunha planificación de futuro. Pero vostedes tiveron moita présa en desmontar o inicio dunha explotación racional dos montes iniciada polo Goberno Touriño, seguindo modelos doutros países. Hoxe, por certo, no sector forestal, vostede iniciou unha rectificación. ¡Benvida sexa!

Un dato máis, a sucesión nas explotacións agrarias: 1.300 en cinco anos. Pero cada ano pérdense 1.000 explotacións no agro galego, e iso probablemente vai ter unha consecuencia negativa nas axudas da PAC.

Señor Feijóo, seguramente vostede non se considera responsable, pero Galicia acusa a maior caída de poboación no conxunto do Estado. Encabezamos en Europa o despoboamento, o envellecemento e a desocupación do territorio –problemas decisivos para o futuro–, e cada mes 2.000 mozos marchan. Isto non pasaba antes de que vostede gobernara. Con vostede os galegos somos máis febles e ademais menos. Propoñemos unha política transversal en contra da deterioración demográfica de Galicia.

Se lle falo das leis de carácter económico, señor Feijóo, é que son de carácter propagandístico. A nova normativa de comercio non impide que pechen practicamente 20 comercios ao día e que baixara unha décima parte o persoal empregado.

A Lei de fomento da investigación e da innovación non evitou nin caída do gasto nin emigración dos investigadores.

Lei de política industrial, non ten orzamento.

Lei de emprendemento, esta si que é interesante. A lei de emprendemento, ¡joia!, non ten contido efectivo. ¿Sabe vostede cal é o montante de axudas que se prevén na memoria da lei, por empresa, por proxecto de emprendemento? ¿Qué-reño coñecer as súas señorías? 37 euros de media. Esa é a axuda para levar adiante o proxecto de investimento.

Señor Feijóo, ou engana o señor conselleiro de Economía ou vostedes non están falando seriamente, e iso que o papel terma de todo. Pero isto é o que poñen vostedes aquí na Cámara.

Financiamento. Para que se entenda claramente, vostedes están gastando os cartos de todos os galegos en pagar o aluguer, no canto de gastalos en pagar a casa. Endebedamento máximo, tanto en importe absoluto, case 10.000 millóns de euros, como en porcentaxe sobre o PIB, que ten dúas consecuencias:

Primeira: ninguén endebedou tanto a comunidade como vostede en tan pouco tempo.

Segunda: a débeda que vostede está comprometendo, para que a paguen os galegos do futuro, equivale ao orzamento dun ano. Ese si que é un verdadeiro legado da Xunta de hoxe aos galegos de mañá.

Ben, ¿e que fixo vostede con ese endebedamento? Nin impulsou a economía produtiva, nin abordou a loita contra o desemprego, nin mellorou os servizos públicos. Señor Feijóo, e todavía tería que sumarlle as cargas financeiras derivadas do xeito de construción –hospital de Vigo 66 millóns de euros anuais, servizos tecnolóxicos, hospital de Ourense–.

Señor Feijóo, para o Grupo Socialista cómpre impulsar unha auténtica progresividade fiscal, especialmente sobre a riqueza. Debe existir unha maior aportación impositiva no IRPF das rendas máis altas. Vostedes din que con iso hai pouca capacidade de recadación, pois direille algo, só cun punto máis sobre as rendas máis altas se terían cincuenta veces os ingresos que vai producir o repago da farmacia hospitalaria.

Recuperaron o imposto do patrimonio, a iniciativa deste grupo, paso adecuado pero insuficiente; hai que desenvolver novas figuras tributarias sobre algunhas actividades económicas como a banca.

E remato, señor presidente, a Xunta que vostede dirixe transmite esgotamento e falta de iniciativa. Non hai ideas, non hai actividade, non hai vontade de superar a situación. Vostede está presidindo un goberno burocrático, sen incidencia na vida real. Vostede pide consensos, pero evita acordos. E logo para falar di que hai que falar do Consello Consultivo, Valedor do Pobo ou Televisión. Sexamos serios, señor presidente.

Eu voulle propoñer aquí formalmente –e espero que a presidenta o teña en conta– que efectivamente nos comprometamos en saír de aquí con algúns acordos dos que necesita o país, acordos que son necesarios fronte a esta descrición da realidade que estamos facendo. Que os discutamos todo o tempo que faga falta de aquí ao mércores, a señora presidenta pode parar o reloxo como en Europa.

Propoñolle dous puntos para un encontro:

O primeiro, un plan de emprego neto, estable, no sector privado, que polo menos atenda a 30.000 persoas e que prime a aquelas que teñen menos dun ano de experiencia laboral ou que levan máis de doce meses de desemprego.

E unha segunda proposta, para facilitar que as empresas poidan funcionar, manter Novagalicia Banco como entidade financeira galega e non vendela a terceiros, para que haxa crédito, para que haxa liquidez nas familias e nas empresas. Vostede ten os recursos, si, si, isto depende do FROB, isto depende do Goberno de España, teñen a maioría absoluta en España, en Galicia, ¿por que non actúan?, ou, ¿por que actúan soamente contra a xente?

Dicía Cicerón –nun texto famoso– que a lei suprema é o ben do pobo. Vostede e o seu grupo teñen unha enorme responsabilidade, ata agora evitaron todo tipo de acordos políticos –están no seu dereito–, pero nin os problemas van a menos nin as cifras macroeconómicas crean emprego. É imprescindible pasar a unha política de crecemento de emprego.

Señor Feijóo, non se trata soamente de resolver o importante, tamén hai que atender o urxente, e hoxe hai que ofrecer futuro ás persoas, o que vostedes non fan.

Quero rematar con esperanza, quero rematar a pesar das enormes diferenzas con vostedes, facendo miñas unhas verbas que pronunciaba hai uns días nun debate coma este en Estados Unidos o presidente Obama. Sabe vostede que alí a rivalidade partidista ten bloqueado o Goberno e que se está producindo unha situación moi difícil. E dicíalles Obama aos congresistas: “Os que nos elixiron para estes postos –exactamente igual que aquí– teñen distintas orixes, distintas experiencias e distintas crenzas, pero as angurias que sofren son as mesmas. As aspiracións que teñen son comúns a todos. Un posto de traballo que permita pagar as facturas. Unha oportunidade de progresar e, sobre todo, a capacidade de dar aos nosos fillos unha vida mellor”.

Con ese espírito construtivo, señor presidente, reclámolle hoxe, no nome do Grupo Socialista, un cambio de política que devolva a esperanza ás persoas.

Teño dito. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moita grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Coa súa venia, señorías, galegos e galegas que presencian este debate.

Probablemente a palabra máis utilizada na xornada de hoxe e a máis escoitada sexa a palabra crise, unha palabra que, como vostedes saben, vén do grego, que significa separación, entendida no sentido de cambio, de muda, e que leva a outras palabras como, por exemplo, a elixir con criterio, é dicir, elixir con xustiza, que é o que hai que facer nun momento no que os cambios son necesarios, no que se impón abandonar o vello e elixir a ruta nova.

A crise, certamente, como xa dixo no seu día Zubiri, crea nos seres humanos unha sensación permanente. Dicía el: pese ao patrimonio cultural de anos que completa a ciencia moderna, o ser humano atópase na crise sumido na confusión, a desorientación e o desconcerto. E son moitos, efectivamente, os cambios que poden levarnos á confusión, á desorientación e ao desconcerto. Vivimos unha revolución técnica sen precedentes. Foi no ano 1969 a primeira vez que se conectaron catro universidades por Internet, e a World Wide Web existe desde o ano 91; é dicir, tardouse vinte e dous anos en poñer en marcha a rede de Internet, que é exactamente o mesmo que ten transcorrido desde que está operativa ata o día de hoxe.

Hai cambios económicos, con incrementos da produtividade agrícola, unha globalización do comercio, unha globalización financeira; cambios, en suma, que traen efectos moi perniciosos nalgúns casos –ben descritos pola economista Loretta Napoleoni co título *La economía canalla*–, pero tamén ten moitos efectos positivos.

A cambio, amplas capas do mundo abandonaron a pobreza extrema –a pobreza extrema desde o ano 92 reduciuse un 20 % no mundo– e ademais hai máis igualdade, un feito que ás veces se esquece. Desde o ano 1850, en que comeza a medirse a industrialización, a desigualdade no mundo crece constantemente ata o ano 92, cando comeza a globalización, e desde entón ata o de agora tense non só estabilizado senón mesmo reducido cos datos acordes do índice de Gini nas estatísticas internacionais.

Hai cambios demográficos. O mundo tardou douscentos cincuenta mil millóns de anos en acadar mil millóns de persoas, ata 1800 non chegamos aos mil millóns de persoas. Dende entón, en outubro do ano 2011 chegamos a sete mil millóns de persoas, co fenómeno das migracións e episodios tan lamentables como o de Lampedusa.

Un megacambio demográfico: o 50 % da poboación actual vive en cidades; no ano 2050 espérase que sexa o 70 % da poboación mundial a que viva en cidades. E no que se refire ás forzas económicas e ao peso de cada parte do mundo regresaremos ao futuro. Igual que o portavoz nomeado polo Grupo Socialista, faremos un regreso ao futuro no que a economía mundial será un 50 % nucleada en Asia, que era o que ocorría antes de 1820, pero nese ano a poboación china será por promedio máis vella que a poboación europea.

E, finalmente, hai cambios sociais, non estamos nunha sociedade de clases. As sociedades de clases foron substituídas por sociedades corporativas nas que a xente se apunta a partidos, sindicatos, grupos de presión de toda caste, clubs, etc.

En consecuencia, temos un mundo interdependente, un mundo interdependente no que a nosa economía pode depender de que os republicanos e os demócratas acaden un acordo antes de pasadomañá no Congreso dos Estados Unidos polo orzamento; a nosa vida e a de medio mundo. Os estados perderon poder, perderon poder e protagonismo na esfera política internacional; máis ben o que fixeron foi perder por dilución o seu poder, un poder que agora está distribuído en estruturas multinivel, os famosos círculos concéntricos dos que falaba Brañas e que hoxe se trouxeron aquí, círculos concéntricos que van desde o poder local, pasando polo poder autonómico, o poder dos estados e o poder dos organismos internacionais que aspiran a ser estado algún día como a Unión Europea.

Ese é o mundo no que estamos, ese é o mundo que trae novos problemas, ese é o mundo que está en crise, ese é o mundo que temos que pensar desde Galicia, desde as súas institucións, tendo sempre en conta que un non pode elixir nin os tempos que lle tocan vivir, nin os problemas que lle toca resolver, nin os que lle veñen agravados pola mala xestión anterior. Pero o que si pode elixir é a actitude coa que se afrontan os problemas. Podemos abordalos asumindo como propio o pesimismo zubiriano ou podemos abordalos tamén

asumindo o catastrofismo e as solucións utópicas ou máis radicais, como fixeron tantos profetas do desastre ao longo da historia –desde Malthus a Pareto, pasando polo famoso Wells e a súa tese de que o home ía perecer baixo as máquinas–. Ou podemos abordalos con realismo, con serenidade, tomando conciencia da situación, esquivando a tentación na que caemos tantas veces na historia de caer na euforia vital, pero tamén evitando caer no pesimismo máis sombrío.

E partindo do feito de que o problema non reside na gravidade dos males, senón na nosa capacidade de atoparlles un remedio, é polo que nós cremos que o presidente atinou co seu discurso desta mañá. O presidente aceptou falar da crise na súa tripla dimensión –económica, social e política– desde os ámbitos nos que é responsable, nos ámbitos nos que el, como presidente da Autonomía, ten que ser avaliado.

Falemos, polo tanto, en primeiro lugar, da dimensión económica. Sabemos cales son as orixes da actual crise, cales son as súas causas, o problema das hipotecas basura que saen no ano 2007, o efecto mundial, pero un efecto que foi asimétrico. Sabemos que en España ese modelo de crecemento que Camilo Nogueira chamou moi acertadamente de crecer ao “que che debo”, que levou a España a ter a economía máis endebedada do mundo –debiamos todos os actores económicos españois públicos e privados un total equivalente ao 400 % do produto interior bruto de España–, nos levou a que a crise no ano 2009 tivera a súa maior incidencia, cunha caída do 4,2 % do PIB, pese a que este ano o esforzo de gasto vía déficit público foi excepcional, acadándose o 11 % do PIB español.

A recesión danou un sistema bancario que, en teoría, dicían os socialistas responsables do Goberno daquela que era un exemplo para o resto do mundo. As billas do crédito pecháronse e temos unha recesión económica real. Unha recesión económica que en España nos levou a caer o 1,6 no ano 2012, afortunadamente en Galicia con moito menos impacto do 0,9.

É aí cando se producen as eleccións autonómicas, unhas eleccións autonómicas que moitos esqueceron, algúns non, que estiveron marcadas polo feito de que se lle dicía ao presidente que adiantara as eleccións porque Mariano Rajoy lle avanzara que se ía intervir España e despois, subsidiariamente, porque Galicia ía acudir ao Fondo de Liquidez Autonómica.

Pois ben, esas denuncias que facían, fundamentalmente, os voceiros socialistas é evidente que hoxe en día está claro que non se produciron, que estamos fóra da recesión, non da crise, senón fóra da recesión, que España vai crecer o ano que vén, está previsto, con constantes revisións á alza no entorno do 0,7 e Galicia unha décima máis en torno ao 0,8. (*Aplausos.*) Mellorou a balanza de pagos, o stock de débeda externa neta desde que goberna o Partido Popular está estabilizado, é dicir, as meigas chuchonas non chuchan máis. O esforzo de consolidación de todo o sector público é relevante, e fundamentalmente nun 25 % no ámbito fiscal.

Cómpre recordar –eu xa dixen esta cifra aquí– que duran- te o Goberno socialista España perdeu cinco puntos do PIB en presión fiscal, cousa que non ocorreu en ningún país de Europa, porque naquel momento se dicía que baixar impos- tos era de esquerdas, e deixaron os ingresos da Facenda pública española completamente desmoronados, con opera- cións tan curiosas para un grupo socialista como quitar o imposto sobre o patrimonio, e, por suposto, reducir a pro- gresividade do imposto sobre a renda, e, por suposto, favo- recer que as grandes multinacionais, que tiñan tipos nomi- nais do 33 %, cotizaran ben por baixo do 10 %.

Pois ben, fixemos tamén un esforzo fiscal progresivo. As familias e as sociedades reduciron o seu endebedamento. Ademais, temos uns índices de inflación moi baixos que dan seguridade aos axentes, despexan as dúbidas sobre as posi- bles perdas de poder adquisitivo e favorecen mesmo a quen máis sofre a inflación, que son as persoas con menores niveis de renda.

Evidentemente, estamos vivindo unha devaluación inter- na. Evidentemente, grazas a iso, a balanza comercial espa- ñola comeza a ir ben, o saldo comercial non enerxético de España arroxou un superávit por primeira vez en moitos anos. E todo iso, á súa vez, conleva que empezan a confiar os estranxeiros na economía española, redúcese a prima de risco –este ano imos aforrar 5.000 millóns de euros, que se poden dedicar a políticas sociais– e, por suposto, a bolsa sobe e, polo tanto, todos os cidadáns que teñen accións en bolsa están capitalizándose despois das perdas sufridas no pasado.

Ben, isto non foi o rescate que prognosticaba a oposición hai un ano, cando tivemos as eleccións, este é o resultado

dunha política económica responsable, que ademais en Gali- cia aínda dá mellores resultados.

Mantemos o diferencial positivo co PIB español –tres décimas no primeiro trimestre do 2013–; a taxa de paro está catro puntos por baixo da española; temos catro puntos menos de paro.

Evidentemente, a débeda ten mellorado moito desde que colleu o Partido Popular o Goberno; colleu o Goberno cunha débeda media superior á das comunidades autónomas, na actualidade xa estamos por baixo da media e continuamos a mellorar as ratios de débeda, sexa cal sexa a variable que se elixa: en función do PIB, en función dos ingresos non finan- ceiros, en función do número de habitantes, etc.

O índice de produción industrial vai mellor que o de Espa- ña. As exportacións e o comercio exterior superan ampla- mente as do conxunto de España. A confianza empresarial está a crecer tamén significativamente máis que en España. A cifra de negocio de industria en Galicia é positiva, en España aínda segue sendo negativa. A entrada de pedidos da industria evoluciona favorablemente.

E o resultado, o resultado é o PIB. Se vostedes collen un estudo recente sobre o impacto da crise, sobre a desigualda- de das rendas na economía española, recentemente publica- do en *Papeles de economía española* polo profesor Jesús Pérez Mayo, verán perfectamente que a Comunidade de Galicia –estou falando dunha fonte académica– é a cuarta que máis medrou nestes últimos anos. No ano 2008, cun índice 100, a media de España baixou ao 97,54, Galicia está no 99,86, e só dúas comunidades autónomas superan o índi- ce 100. E somos –como digo– a cuarta mellor Comunidade Autónoma con desempeño económico.

É evidente que todos estes datos non chegan ás familias, pero acabarán chegando, acabarán chegando porque xa sabemos que a creación de sociedades mercantís subiu un 2,7 nos últimos tempos en Galicia. Porque as empresas con constante crecemento –as chamadas empresas *gacela*– duplicaron os seus beneficios pese á crise.

Porque sabemos que pronto tamén chegará aos trabaja- dores do naval –simplemente recordo o que dixo hai ben nada o señor presidente de Barreras, por poñer unha persoa

neutra, que dixo que o flotel se construíra en Vigo un, e outro en Navantia, si ou si—.

E, por suposto tamén, favoreceremos ese traballo cunha resolución do problema do *tax lease*, que tamén foi un problema que o Goberno anterior non resolveu.

Os gandeiros galegos saben que por primeira vez o leite se paga como no resto de España en seis anos; é a primeira vez en seis anos que se paga o leite ao mesmo prezo que en España.

O sector de automoción recibe premios internacionais. O clúster da automoción é posto como exemplo, é o único clúster de Europa do sector da automoción que recibiu a mención do grupo de expertos en excelencia do clúster.

E, por suposto, imos continuar nesta liña. ¿Como? Pois coas medidas anunciadas: a Lei do emprendemento; evidentemente, mellorando a competitividade da economía cun financiamento adicional de 50 millóns de euros ao abeiro desta lei; poñendo un plan de relanzamento da marca de *Galicia calidade*; aprobando a Lei de economía social; creando a carteira de servizos de emprego; mellorando a subministración da enerxía, cun plan sectorial eólico de Galicia, un plan de acción integral da biomasa de Galicia, e tamén, no agro, cunha lei de mellora da estrutura territorial agraria. Todos eles, anuncios feitos esta mañá polo presidente.

Por suposto, continuar avanzando na innovación e na internacionalización.

E tamén facendo política fiscal. Cando hai unha persoa que ten que pagar catro euros porque ten que facer fronte a unha norma estatal estamos matando, somos sicarios, estamos escravizando a xente. E cando hai unha rebaixa do imposto sobre a renda, o dobre diso, ou o triplo, convértese nunha limosna que se dá á xente. Eu creo que é bo ter un pouco de coherencia cando se fala destas cousas. *(Aplausos.)*

E sobre o IRPF, convén recordar que, nestes momentos, Cataluña e Andalucía, que son as dúas comunidades que teñen o tipo marxinal máis alto do imposto sobre a renda, están no 56 %. Galicia está no 52, xunto con Navarra é das máis baixas. Por baixo só ten a Madrid, 51,9 —case nada— e

a continuación as tres facendas vascas: Guipúscoa, Biscaia e Álava.

Ben, o 56 % —como unha referencia— é o segundo tipo marxinal máis alto que hai no imposto sobre a renda no mundo. Téñeno máis alto nada máis que o Estado de Suecia —ao que case chega despois de abandonar Islandia, pasou a Noruega, o señor Jorquera case quere chegar en temas fiscais a Suecia—, que está por riba do 56 % que teñen Andalucía e Cataluña, e Aruba, que é un país das Antillas neerlandesas.

Ben, nós cremos que estamos nuns tipos marxinais das rendas suficientes, e que o que hai que facer é incrementar a progresividade pola vía que elixiu este Goberno, que é baixándolles o imposto ás rendas máis baixas, e mantendo os tipos marxinais máis altos, que están nos límites do que calquera facendista sabe que é un límite psicolóxico da facenda, e que a partir de aí o único que se promove é a emigración, o que se promove é a fuga de capitais e, polo tanto, a fraude fiscal, que está moi relacionada —lógicamente— coas tarifas dos impostos.

Imos continuar racionalizando a Administración e, por suposto, imos continuar facendo todo isto porque os índices de confianza así o indican, estamos abandonando a recesión, e a confianza do consumidor, a confianza empresarial, incrementase en Galicia e en España.

Temos, en segundo lugar, unha crise social. Hai que recoñecer, en primeiro lugar, o éxito da autonomía. Acaba de publicar o Instituto Valenciano de Investigacións Económicas o índice de desenvolvemento humano, e o que di é que desde o ano oitenta, é dicir, dende que temos autonomía, ata o ano 2010 Galicia mellorou desde o posto trece das comunidades autónomas ao posto dez. Ou incluso desde o posto catorce, coa nova metodoloxía da ONU, ata o posto dez.

Polo tanto, a autonomía serve para que en Galicia os índices que miden a educación, a esperanza de vida e a renda nos din que estamos a mellorar.

Evidentemente, a desigualdade estimada na crise demostra que algúns países sostiveron o seu nivel de igualdade previo á crise. Hai algúns países como Italia, Estados Unidos ou Suecia onde a crise xerou un deterioro moderado das desigualdades. Pero hai outros países —entre eles Francia e, sobre todo,

España— nos que se destaca —neste caso negativamente España— por rexistrar un dos maiores crecementos da desigualdade desde o inicio da recesión. Concretamente, se vostedes collen datos Eurostat verán que no ano 2005 España estaba na media da Unión Europea no índice de desigualdade, e que se deteriorou un 5 % no período que transcorre dende o ano 2005 ao ano 2011, o cal é mérito —loxicamente— de quen fixo esas políticas, que, entre outras cousas, permitiron que caera a recadación fiscal un 5 %, e que ademais permitiron que se incrementara a desigualdade.

¿Cal é a taxa rexional de pobreza en España? Remítome a outro traballo recente: Jesús Pérez Mayo, tamén en *Papeles de economía española*. Ano 2005, deixa de gobernar o Partido Popular, en Galicia o índice de pobreza é do 19,7, e a media de España é o 19,8. Remata o ano 2008, o índice de pobreza en España é do 19,6 e o de Galicia subiu ao 21,0. É dicir, pasamos de estar na media, lixeiramente por baixo, a estar por riba no índice de desigualdade.

Ano 2011, último dato coñecido, España 21,8, Galicia 18,8. Ben, isto é o que din as estatísticas, que estamos reducindo a taxa rexional de pobreza, que a estamos reducindo con relación á media, e, evidentemente, para o ano 2012 a previsión é que España teña un índice de pobreza do 21,1 e Galicia do 18,8.

Loxicamente, non estamos satisfeitos con isto, pero, loxicamente tamén, comprenderán vostedes que lles recorde estes datos para explicarlles que se estamos mellor que a media é porque algo terá feito o Goberno. Entre outras cousas, señor Méndez, eu lamento, porque eu comprendo que sendo socialista isto debe de doer, sendo un socialista que ten unha visión da dereita un tanto peculiar, e en todo caso ahistórica, porque non é a dereita que moitas veces cren que teñen.

No ano 2006 vostedes gastaban un 70 % dos orzamentos en gasto social, homoxéneo; no ano 2008 chegaron ao 69 %; na actualidade está no 77 %, e este ano o orzamento que vai entrar aquí a semana que vén vai estar preto do 80 %.

Polo tanto, o gasto social incrementouse en nove puntos. A media dos gobernos de Feijóo en gasto social é nada menos que do 74 %; tres de cada catro euros gasto social. A época da que vostede formaba parte no Goberno queda no 69,5 %, non chega a sete de cada dez euros. (*Aplausos.*)

Isto explica por que en Galicia hai menos incidencia da pobreza, hai máis igualdade, pois que teñamos 6.491 prazas máis de residencias, centros de día, centros de alzheimer, discapacidade e escolas infantís. Que a risga, só neste ano, se incrementase un 50 %; por certo, algo que se incrementa pese a que vostedes dicían que non era un crédito ampliable, e que non ían chegar os cartos.

Incrementáronse en tres millóns de euros, outro 50 %, as axudas de emerxencia social. Mantívose o complemento das pensións non contributivas. Blindouse o orzamento destinado a axudas para entidades que xestionan comedores, albergues e casas de acollida. Ampliouse o orzamento dos servizos de axuda no fogar para persoas con dependencia.

En resumo, estamos gastando no conxunto dos gastos de inclusión social un 26 % máis. E, por suposto, mantendo ou sendo a segunda Comunidade Autónoma coa maior porcentaxe de servizos na atención á dependencia, o 70 %, é a sétima con maior número de persoas atendidas.

Estamos ademais non só coa xente que ten problemas estruturais na súa vida, senón tamén coas persoas que teñen problemas concretos.

Desafiuzamentos. Este Goberno firmou un protocolo, hai uns días, con sete entidades financeiras para evitalos. Abriu unha oficina de información en Santiago. O señor conselleiro e vicepresidente do Goberno, o señor Rueda, asinou co poder xudicial, a través do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, co Consello Xeral do Poder Xudicial e mais coa Fegamp un acordo polo cal se suspenden os desafiuzamentos para que os servizos sociais de cada cidade galega teñan dez días para buscar ou axuda económica ou o realoxo que evite o problema.

O presidente anunciou no discurso de investidura —e puxo á disposición dos galegos que teñen que sufrir esta desgraza vital, que é perder a súa propia primeira vivenda, a súa propia casa 500 vivendas de protección oficial, das cales xa están ocupadas en torno ás vinte, vinte e cinco.

E imos seguir protexendo a xente, imos seguir coa Lei de inclusión social, que vén do diálogo social, que ademais ten a virtualidade de compatibilizalo con traballos esporádicos e, polo tanto, tamén de favorecer a empregabilidade das persoas en risco de exclusión social.

E imos seguir coa Lei de accesibilidade, un centro de recuperación integral para mulleres vítimas de xénero, así chamado desde hai algún tempo.

E, por suposto, tamén imos seguir no ámbito social –señora Adán, vostede é que menos debería de rirse sobre este nome– (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). En todo caso imos seguir protexendo a xente, porque isto de que vostedes protexen os débiles, e nós non, é falso. Porque son os nosos familiares, son os nosos veciños, porque nós vimos do pobo, que é o que nos vota, e estamos con eles e imos seguir axudando (*Aplausos.*)

Sanidade. A caída do orzamento sanitario en España, que é efectiva, é dunha media en todo o Estado de 150 euros por persoa. Estou falando do período 2010-2013, en Galicia caeu case á metade, 86 euros, é das comunidades nas que menos caeu o orzamento por persoa da sanidade.

¿Iso que permite? Pois, pese aos déficits que deixou a sanidade, eu, cando se fala de gasto desprazado, pois recordo o informe do Consello de Contas do ano 2008: 600 millóns de euros de déficit no Sergas, 600 millóns de déficit, cunha advertencia do Consello de Contas dicindo que perigaba a sostibilidade do sistema de saúde de Galicia. Iso é o que vostedes deixaron no 2008. Pois ben, pese a todos eses déficits, en Galicia está funcionando a sanidade sen implantarse ningún copago asistencial. Temos implantada unha receita electrónica que permite que as persoas que teñen que adiantar os cartos non teñan que adiantarllos ao Estado para que despois llos devolva, senón que cando se chegue ao tope xa non o recuperen. O que leva a que o barómetro sanitario de 2012 diga que o 82 % dos galegos valora a tarxeta sanitaria e a receita electrónica, mentres que en España a media está no 30 %. A xestión integrada xa está implantada en toda a comunidade. O 77 % dos galegos –segundo o barómetro sanitario– opina que a coordinación entre a primaria e a especializada é correcta, cando a media estatal está no 63 %. A xestión de listas de espera faise con máis racionalidade, atendendo fundamentalmente aos de prioridade 1. Incrementouse a capacidade resolutiva tanto en atención primaria coma en hospitalaria. E, ademais de todo iso, estamos construíndo o hospital público Álvaro Cunqueiro, de Vigo, o do Salnés, o Hospital da Costa, o Complexo Hospitalario da Coruña e o Complexo Hospitalario de Ourense, máis quince centros de saúde que están en fase de licitación ou de proxecto. (*Aplausos.*)

E como a señora Prado é escéptica respecto dos meus comentarios espero que lle preste un pouquiño máis de atención ao informe que acaba de presentar a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública –que é pouco sospeitosa de ter ningún vencello co Partido Popular de Galicia–, que di que no ano 2010, en termos de calidade do sistema sanitario, Galicia ocupaba o número 15 –de 17–; no 2011, o 14; no 2012, o 12; e no último feito público, no 2013, estamos de sexta. Pois, señora Prado, o certo é que este Goberno se preocupa polo social e tamén pola sanidade. (*Aplausos.*)

O que é importante na sanidade son outras cousas. ¿Que é importante na sanidade? Primeiro, ter conta da súa importancia; segundo, facela sostible; e, terceiro, saber o que se quere. E cando un di un día 6 de outubro que é accesorio que un hospital o xestione unha empresa se o Goberno a controla e o día 10 de outubro di que se rectifique, e súmase aos defensores dunha sanidade só pública, a un dálle a impresión de que non sabe moi ben o que quere cando falamos de sanidade. (*Aplausos.*) E imos seguir. Estamos a tramitar a Lei de garantías sanitarias.

En educación o investimento por alumno en Galicia é de 7.000 euros; en España, de 6.000. As ratios de profesor/alumno no ensino non universitario en Galicia están en 10,4 alumnos por profesor; en España, en 11,5. O fracaso escolar reduciuse en Galicia ata o 20 %, a media de España é o 25 %. Por suposto, incrementamos o número de persoas que van aos comedores escolares: había antes 472 centros con servizo no ano 2008, agora son 604. E o resumo é que as taxas de idoneidade e graduación en ESO son catro puntos superiores ás de España, do 78 %; as de bacharelato son cinco puntos superiores ás de España, do 55 %; e en formación profesional, no grao superior, dous puntos, que en España están en 21 % e aquí no 22 %. Todo iso mellorado nos últimos dous anos nos que supostamente o único que fixemos foi non preocuparnos nin da educación, nin da xente, nin dos seus problemas, nin de sacar o país da situación na que nolo atopamos, herdada evidentemente de quen nola legou.

Nós imos seguir estando ao lado da xente. ¿Preferentes? Persoas que cobraron o cen por cento: Catalunya Banc, 17 %; Bankia, 31 %; Novagalicia Banco, 66 %. O total recuperado polos que tiñan preferentes en Galicia é o 84 % dos

seus aforros de media. E díganme vostedes se hai unha soa entidade que se aproxime a esta cifra en toda España. E iso foi porque este foi o primeiro goberno que se preocupou por estas persoas, polas que tiñan o problema das preferentes. *(Aplausos.)*

Do mesmo xeito que nos imos preocupar polas persoas que están sufrindo, por un problema de mala información, as sancións de Facenda, que nós estamos intentando que llelas saquen. E, por certo, o señor ministro de Facenda dixo que se estaba analizando caso por caso e, evidentemente, que nos casos nos que non houbera ánimo defraudatorio se ían suprimir.

En definitiva, señorías, estamos coa xente porque queremos resolver unha crise social, que tamén afecta ás instancias políticas e que xera unha crise política. Pouco despois das eleccións, o CIS fixo a súa enquisa postelectoral, e aquí métennos a todos no mesmo saco. O 72 % dos galegos pensan que, estea quen estea no poder, sempre busca os seus intereses persoais e que os políticos non se preocupan moito da xente coma eles. Isto é o que hai. Di Habermas, recentemente, noutra entrevista, que nesta crise económica ou financeira hai moito máis de crise política da que no discurso público se está admitindo. E nós tamén estamos de acordo. Un constitucionalista do período de entreguerras dicía que as constitucións veñen coma a auga, pero mesmo cando non se van coma o vento ocorren cousas estrañas que non tiña ningún previsto. E é verdade que estamos vivindo un desprestixio das institucións e nomeadamente un reto que vén fundamentalmente dun movemento soberanista que o que está é intentando atallar, ou romper, ou rachar co marco de convivencia que nos demos todos no ano 1978. E nós entendemos que a Constitución española é a constitución da solidariedade, unha solidariedade que ten dúas dimensións: a persoal –artigo 1, artigo 14– e tamén a territorial –artigo 2–. E son, evidentemente, estes riscos de ruptura os que poñen en risco os elementos de solidariedade da nosa Constitución.

Nós, señorías, tamén nisto estamos con Galicia. O 76 % dos galegos non son nacionalistas, o 75 % dos galegos séntense tan españois como galegos e tan galegos como españois. Iso é xusto o que sentimos nós. E, señor Jorquera, eu lamento moito terlle que dicir que nós, ademais, o soberanismo non o compartimos non só por crenzas senón tamén

por interese, porque hai riscos reais para a nosa calidade de vida. O PIB per cápita en Galicia era o 90 % do PIB per cápita español no ano 2010 –últimos datos dispoñibles–. Ese mesmo ano a renda dispoñible era o 94 %, é dicir, catro puntos de PIB de capacidade de gasto, de consumo e de benestar que teñen as familias en relación co que producen en termos de produción bruta.

En segundo lugar, as pensións –din que non falamos das pensións–. Señor Méndez, hai dúas ameazas ás pensións: que volvan vostedes e as volvan conxelar –esta é a primeira ameaza que teñen as pensións–, e a segunda ameaza que teñen as pensións –que é máis grave– é a ruptura da caixa da Seguridade Social. Galicia é a segunda comunidade con máis déficit para pagar as pensións, estamos falando dun déficit no ano 2012 de 2.700 millóns de euros. E, loxicamente, a nós isto preocúpanos e por iso tamén estamos en contra do soberanismo.

E, finalmente, tamén porque o financiamento autonómico é o que é, e está funcionando. Antes da repartición, a capacidade fiscal bruta de Galicia é o 84,5 %, e a capacidade de gasto posterior á repartición dos fondos do sistema de financiamento autonómico –que require moitas melloiras–, é o 105,5 %. É dicir, superamos a media grazas á redistribución que fai o propio sistema de financiamento económico.

Loxicamente, no Grupo Popular, cando vemos que membros desta Cámara van apoiar que Cataluña pida a súa independencia, que queira romper a caixa da Seguridade Social, que queira deixar de contribuír á facenda pública española, pois nós quedamos sorprendidos. Porque, certamente, se a un lle preocupa Galicia, o primeiro que lle debería de preocupar é que non se rompera a unidade dun Estado constitucional democrático que é solidario con quen o necesita. *(Aplausos.)*

Pero tamén estamos preocupados polas posicións do PSOE sobre esta cuestión. O Partido Socialista o 6 de xullo do pasado verán presentou 14 propostas de reforma constitucional. Na número 6 din que a Constitución ten unha gran indeterminación sobre a repartición dos fondos polo sistema de financiamento autonómico –cando estamos falando de que o que prima é o principio de solidariedade persoal e territorial–. E o que propoñen é o principio de ordinalidade nos

mesmos termos nos que estaba no Estatut de Catalunya. Ben, eu o único que quero dicir é que o Partido Socialista ignora o que di a sentenza do Tribunal Constitucional sobre o Estatut de Catalunya: *“La determinación de cual sea el esfuerzo fiscal que hayan de realizar las comunidades autónomas es cuestión que corresponde sólo regular al Estado tras las actuaciones correspondientes en el seno del sistema multilateral de cooperación y coordinación constitucional previsto”*. Este é o noso sistema e este é o que imos defender. E nisto gustaríanos que o Partido Socialista de Galicia fose coherente co que fixo e co que dixo no pasado ao respecto.

Señorías, no mundo hai en torno a 3.000 ou 4.000 nacionalidades. O mundo sería distinto se todas elas tiveran un estado propio. De feito, só o 4 % dos estados legalmente constituídos no mundo representan a un único grupo étnico ou a un grupo cultural homoxéneo. Nós sentímonos galegos, sentímonos españois e sentímonos europeos; é dicir, o mesmo que o 75 % dos galegos. E sobre esta cuestión temos que recorrer aos clásicos e afirmar cos ilustrados aquilo de *“¿que é a patria? A patria é aquela que nos permite vivir baixo as leis en liberdade”*. Esa é a nosa forma de velo e, polo tanto, reafirmo e apoio o goberno que quere vivir baixo a legalidade que marcan o Estatuto, a Constitución española e a Constitución europea.

Por suposto, a dignificación da escena política ten que ver tamén coa corrupción. O Goberno do PP en Madrid presentou 40 medidas nun plan de rexeneración democrática. De momento a única persoa do Partido Socialista que o apoiou é a nova presidenta andaluza, que dixo que quería facer un pacto contra a crise da política, precisamente contra a corrupción. Nós estamos en condicións de facelo tamén en Galicia, na Comisión Anticorrupción creada, e pendente do seu ditame, nesta Cámara.

E nós particularmente queremos tamén reforzar a dignidade política do propio Parlamento de Galicia. Nós non imos utilizar os cualificativos que se utilizaron aquí para falar do Parlamento de Galicia. O Parlamento de Galicia é un ámbito de liberdade, é o máis lonxano que hai dun cárcere. E certamente a mellor proba é que quen está nun cárcere non pode saír, e certamente de aquí calquera pode saír. *(Aplausos.)* O que pasa é que quen decide quen sae ou quen entra non é un, é o pobo galego. E iso é o que fai diferente o Parlamento de Galicia dun cárcere.

E non vou insistir moito máis sobre isto, pero simplemente quero dicir que pensamos que reducir o Parlamento a un espectáculo de vetos e broncas conspira contra a democracia e contra a estabilidade política. E nós non imos entrar neste xogo. E é máis: preguntámonos que pensaría Brañas, que pensaría Castelao, que pensaría Piñeiro, se asistisen ao degradante espectáculo que ás veces ofrece esta Cámara á cidadanía galega despois de ter loitado pola existencia de institucións propias de Galicia. *(Aplausos.)*

Un ten a impresión de que a oposición moitas veces ten unha mensaxe que está perfectamente expresada nun par de pintadas que hai na porta de saída do Parlamento. Aí hai dúas pintadas que din as dúas o mesmo: *“Feijóo, culpable”* –punto–. Culpable é intercambiable, pode ser de calquera cousa. Iso é o que fai a oposición. É dicir, que Feijóo é culpable. ¿De que? Pois xa se verá. Hoxe tocan preferentes, pois toca culpable das preferentes; se toca sanidade –pese a uns resultados que son moi dignos dadas as circunstancias–, pois tamén é responsable.

Pois nós pensamos que o discurso do presidente desta mañá foi un discurso a favor da concordia. E concordia vén –como saben vostedes, especialmente algún compañeiro filólogo– de *cor-cordis*, corazón en latín. Quen ofrece unha política de concordia, fronte a aqueles que o que presentan é plenamente e permanentemente a discordia, non pode ser tachado de non actuar co corazón. E a vantaxe deste Goberno é que actúa coa cabeza e co corazón, porque ofrece políticas sensatas, razoables e de concordia. Un pode estar de acordo ou discrepar co presidente, pero ninguén pode negar que hoxe ofreceu diálogo, transacción e moderación.

Estamos nunha fonda crise –e volvo ao comezo–. Estamos nunha crise económica que xera unha crise social, que xera unha crise política, que se retroalimentan entre si. E nós queremos saír da crise e queremos facelo porque queremos aproveitar o cambio para conseguir unha Galicia que cree emprego e que cree crecemento, ese é o cambio que nós queremos. E de entrada temos algo bo, que é un bo Goberno, temos un Goberno estable. Estes días un vello comunista, o señor Napolitano, cando entrou en crise Italia porque se perdeu a maioría que había no parlamento, dixo literalmente: *“Non necesitamos campañas electorais continuas, necesitamos continuidade nas accións, nas decisións e medidas de goberno para resolver os problemas deste país”*. Tiña razón

Napolitano, afortunadamente en Galicia o que temos é un goberno con continuidade nas accións, nas decisións e con medidas de goberno para resolver os problemas deste país.

Señorías, o presidente fixo unha oferta de pacto xeral, está a realizar unha política responsable, como se demostra polas cifras de déficit, polas cifras de débeda; unha política eficiente, como se demostra na recuperación dalgúns dos nosos sectores estratéxicos; unha política baseada na cooperación e no diálogo, que fomenta o emprendemento, que promove unha planificación dos recursos públicos e do territorio, que ademais quere que Galicia se abra ao exterior –porque aí é onde está o noso futuro– e, sobre todo, unha política solidaria tanto no interno, entre nós, entre os galegos, como cara a fóra. É dicir, está facendo unha política na que demanda unión de esforzos, e nós pensamos que, por Galicia e por cada un dos galegos e galegas que están atravesando enormes dificultades, paga a pena facer o esforzo de apoiar o noso Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos a sesión coa intervención do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, moitísimas grazas por estas aportacións e por este debate, que se está desenvolvendo coa normalidade dunha importante sesión, que é a do estado da Autonomía, de Galicia, once meses despois dunhas eleccións e menos de dez meses despois de que tomara posesión o novo Goberno da Xunta de Galicia.

Señorías, vou intentar facer unha aproximación ás cuestións plantexadas polos voceiros. E algunhas delas, se mo permiten, gustárame centralalas, dado que boa parte deles coinciden nalgúns cuestións que –creo– deben ser tratadas de forma conxunta.

Señor Jorquera, “este vaise i aquel vaise”, creo moi procedente traer a colación o ano de Rosalía e os 150 anos de ani-

versario de *Cantares Gallegos*. Como vostede sabe, a emigración xuvenil non é un fenómeno novo nin inclusivo en Galicia. Si é certo, señoría, que o importante é, por suposto, falar con rigor sobre todo e tamén sobre este problema. E por iso o rigor é o que sinalan os datos oficiais e os fluxos migratorios estimados, señoría, coas fontes do Instituto Nacional de Estatística ou do Instituto Galego de Estatística, o que vostede queira. E acreditan que no ano 2012 os xoves galegos entre 20 e 34 anos que se foron acadaron a cifra de 10.489, é dicir, un 2,1 % da poboación nesta franxa de idade. E en España, señoría, un 3,86 %. É dicir, señoría, cos datos do Instituto acredítase que saen máis mozos doutras comunidades autónomas que de Galicia, e que sae case o dobre de mozos na media de España dos que saíron de Galicia. Por iso, señoría, é moi importante dar os datos para que a xente poida formar opinión sobre un problema que eu comparto, pero que, dende logo, non é un problema superior en Galicia respecto do resto das comunidades autónomas, senón que é inferior.

Señoría, se vostede quere coller os datos do Instituto Nacional de Estatística, reflicten que, segundo a estatística de variacións residenciais entre os anos 2002 e 2012 –datos oficiais definitivos–, o ano no que saíron máis mozos de Galicia foi cando gobernaba o bipartito, no ano 2007. En total, 13.970. E no ano 2012 saíron de Galicia 1.000 xoves menos que cando gobernaba o bipartito. Señoría, estes son os datos do Instituto Nacional de Estatística e supoño, en consecuencia, que para vostede son igual de veraces que para nós.

Os datos da pobreza, señor Jorquera –que sen dúbida é un dos problemas da crise económica–, son datos que tamén reflicten unha situación mellor en Galicia ca no resto de España. E por iso hai que plantexar un problema real e aceptar que temos un problema, pero non dicir que o problema da taxa de pobreza en Galicia é superior ao do resto de España, porque, como vostede diría, estamos faltando á verdade. En Galicia –último dato pechado do ano 2011– estamos nunha taxa de pobreza do 18,8 %, e en España tres puntos máis. E se quere vostede coller os datos de pobreza da última serie do Instituto de Estatística Nacional, acredita que a taxa de pobreza no ano 2008 era superior en Galicia á que é no ano 2011. Por iso, señoría, estes son os datos, e eu estou convencido de que vostede, que os manexa igual ca min, deberá de modular a súa crítica sobre a situación peor en Galicia ca no resto de España, porque simplemente, señoría, é faltar á verdade.

Señoría, por suposto que me preocupan os emigrantes retornados e as pensións xeradas no estranxeiro. E por iso a proposta da Xunta é a proposta aprobada por unanimidade neste Parlamento. E por iso a conselleira de Facenda remitiu por escrito á Axencia Tributaria e ao ministro de Facenda exactamente a proposta de resolución que aprobamos neste Parlamento. Non é necesario facer públicas todas as reunións que podemos ter cos ministros do Goberno de España, non levo nin a prensa nin as cámaras da Televisión Galega. O pasado martes, antes de saír para Bruxelas, tiven unha reunión co ministro Montoro e este era un dos puntos da orde do día, onde lle reiterei que Galicia non vai dar un paso atrás na proposta aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*) E, en consecuencia, señoría, imos seguir traballando co mesmo rigor e coa mesma sistemática. Seguiremos insistindo no que insistiu o Parlamento. E eu pídolle á Axencia Tributaria de Galicia que adopte as instrucións recibidas pola Axencia Tributaria Española e polo ministro de Facenda de España. E se non as adopta é evidente que terá, en primeiro lugar, un rexeitamento do Goberno, do seu presidente, e espero que de todo este Parlamento.

Pero, señorías, é evidente que, cando vostede me di “¿que fixemos do naval?”, vostede foi parlamentario moito tempo alá, e vostede durante moito tempo sabe o que facía o naval alá, é dicir, en Madrid. E vostede foi durante moito tempo, moitísimo tempo. Eu non estiven nin un só día de parlamentario nas Cortes Xerais. En consecuencia, vostede sabe como durante a presidencia europea do señor Rodríguez Zapatero non se levantou o veto do naval. Vostede era parlamentario nas Cortes Xerais, eu non. E vostede sabe perfectamente como atopamos o naval cando chegamos á Xunta de Galicia. Recordo aínda cando os altos cargos do bipartito aparecían polos estaleiros, por exemplo, Barreras. Iso si, posteriormente, uns meses máis tarde, quebrou. E recordo como atopamos o naval, como Vulcano, quebrado; e o naval de Marín, a piques de suspensión de pagos.

E, señor Jorquera, se vostede cre en Galicia —estou convencido de que si—, polo menos acepte que a anterior Consellería de Economía e Industria e o Goberno na pasada lexislatura, e esta Consellería de Economía e Industria e o Goberno nesta lexislatura, seguimos co naval como un dos problemas fundamentais de Galicia. Destinamos 84 millóns de euros de impostos dos galegos a reflotar o naval. E cando parecía que estabamos en condicións de competir, chegou o

Partido Socialista Obreiro Español e o comisario europeo, o señor Almunia, e dixo que había que devolver axudas desde o ano 2007, todas, e que había que quebrar os estaleiros, que había que quebrar os armadores e que había que quebrar as entidades financeiras que buscaron un sistema de *tax lease* que ata o ano 2011 ninguén puxera en cuestión.

Polo tanto, señoría, ou vostede ou os seus socios saben perfectamente como atopamos o naval. E eu estou convencido, señoría, de que vou seguir contando co seu apoio. Pero gustaríame que, polo menos, aceptara que nos dedicamos a traballar no naval, non vou dicir máis que o bipartito, pero estará vostede comigo en que menos non.

Mire, señoría, sobre o dique, os primeiros en solicitar un estudo de avaliación de viabilidade fomos nós. O primeiro en buscar un *pool* investidor para o dique fomos nós. O primeiro presuposto da Xunta de Galicia en ter unha partida para o dique flotante de Ferrol foi o presuposto do pasado exercicio. ¿Onde estiveron vostedes durante catro anos sen nin sequera ocorrérseles o dique flotante de Ferrol? (*Aplausos.*) Señorías, ¿onde?

Señorías, non só cremos que hai que dar carga de traballo, senón que estaremos todos os días do noso mandato exixindo a Navantia que cumpra os seus compromisos. E dicímosllo a unha Navantia cuxo presidente está nomeado polo PP. E eu lamento profundamente, señoría, que cando vostede tivo responsabilidades de apoiar o Goberno non dixera exactamente o mesmo ca nós a ese presidente de Navantia do Partido Socialista Obreiro Español que estivo catro anos sen un só contrato en Navantia de Ferrol.

Pero, señoría, presionamos o Goberno para que fixera por primeira vez unha consulta formal á Comisión Europea. Por primeira vez está plantexada. Señoría, vostede sabe exactamente igual ca min que os problemas do naval non son dende que tomamos posesión, senón que o naval foi unha auténtica carreira de obstáculos para levantar as empresas en quebra que atopamos, para solucionar unha estafa que pretendía o comisario europeo, o señor Almunia, e que tiveran que pagar os estaleiros españois, efectivamente, polos intereses dos estaleiros e do *lobby* holandés que copa a Comisión no ámbito da competencia europea. Señoría, alí estiveimos todos, estivo o secretario xeral da UXT, o secretario xeral de Comisións Obreiras, o lehendakari vasco, o presi-

dente do Principado de Asturias e mais eu e o ministro. Estimamos todos, señoría. Lamento que polo menos iso non o puxera vostede en valor.

Señoría, sobre a exemplaridade na política é evidente que vou seguir con este compromiso. No meu Goberno non hai ninguén imputado, nin ninguén condenado, nin ninguén baixo un sumario. E, en consecuencia, señoría, intentarei seguir con ese compromiso. Alá os gobernos e alá cadaquén. Señoría, se quere vostede falar de cidades concretas creo que este non é o momento nin o lugar, pero, se quere vostede, falaremos. O que si lle digo é que, se fala vostede de alcaldes ou de concelleiros imputados, quero recordarlle que a todos eles os apoia o Bloque Nacionalista Galego, e todos eles son alcaldes grazas aos votos do Bloque Nacionalista Galego. E se gañasen as eleccións, eu estaría de acordo porque creo na presunción de inocencia, pero despois de perdela non parece razoable que vostedes sigan apoiando os imputados que perderon as eleccións. *(Aplausos.)*

En todo caso, señoría, ese é o seu problema, non é o meu. Sigo crendo na presunción de inocencia con independencia do partido ao que pertenza esa autoridade ou ese cargo.

Señoría, desafiuzamentos. Puxemos 500 vivendas á disposición dos que teñen os problemas de desafiuzamentos, vostede o sabe. Levamos 25 solicitudes, todas atendidas. E, en consecuencia, señoría, reitero que todos aqueles que teñan un problema en Galicia como consecuencia dun alzamento da súa vivenda, teñen á disposición non só esas vivendas, senón o asesoramento legal e o apoio do Goberno da Xunta de Galicia.

Señoría, non vou entrar no asunto da política fiscal, porque, como vostede pode imaxinar, o seu colega e o meu, o señor Méndez, falou tamén diso. Se lle parece, facemos un bloque ao respecto. Pero recórdolle que vostede tamén apoiaba os gobernos cun slogan fantástico: baixar impostos é de esquerdas. E, en consecuencia, señoría, supoño que daquela se levaba baixar os impostos, e agora resulta que os que baixaban os impostos ás rendas altas agora din que nós temos que facer o que eles non facían. En todo caso, seguro que falaremos diso.

Señoría, permítame tamén que sobre o tema das pensións fagamos un comentario conxunto, dado que volveu saír ese asunto, loxicamente.

Señor Jorquera, eu sei que en materia de infraestruturas vostede traballou e fixo todo o posible no seu cargo nas Cortes Xerais, cónstame. Pero vostede recordará igual ca min que moitas veces se lles dicía que si aos presupostos do Estado porque se incluían partidas específicas que garantían que o AVE chegara a Ferrol e a Lugo. ¿Que pasou con esas partidas específicas, señor Jorquera? Oito anos poñendo partidas específicas para o que o AVE chegue a Ferrol e a Lugo, e agora, señoría, despois daquelas partidas que vostedes conseguían despois de arduas negociacións, ¿esas partidas vostede bótaas de menos? Eu tamén. Pero o que si lle digo é que o AVE chega a Galicia a pesar da crise.

Queríamos reformar o Estatuto de autonomía para conseguir algo histórico: que o 8 % dos presupostos de España se invistiran en Galicia. Agora invisten o 13,1 % dos presupostos de España en infraestruturas en Galicia e parécenos insuficiente. Estou convencido, señor Jorquera, de que vostede está razoablemente satisfeito con ese 13 %, convencido.

Señoría, vostedes alá co que din, pero escoitei que dicía que hai rapaces que levan un bocadillo á clase porque non poden pagar os comedores escolares. E a pregunta, señoría, é: cando vostedes gobernaban e había 10.000 prazas menos de comedores escolares, ¿eses rapaces qué levaban á clase onde nin sequera había o comedor escolar? *(Aplausos.)* Señoría, ¿que levaban exactamente á clase?

Por iso, señoría, vostede e eu somos da mesma época e sabemos perfectamente que as cousas melloraron para ben, e que temos máis comedores escolares agora que en bonanza económica. E vostede e eu, que estamos de acordo en que os que teñen máis paguen un pouco máis, estamos de acordo en que algúns pais paguen o que non poden pagar outros. O último dato que temos recollido, a data de onte, é que 80 % dos pais e das nais galegas non pagan o comedor, ou como moito pagan un euro, o 80 %. Señor Jorquera, eses son os datos de onte e, en consecuencia, imos seguir polo mesmo vieiro.

Vostede fálame dun sistema de financiamento e gústalle a proposta de Euskal Herría. De Euskal Herría, señor Jorquera, estou convencido de que se refire vostede ao pobo vasco, que non se refire vostede a aquelas ideas que tiñan algúns nacionalistas en Euskadi de que Euskal Herría era Euskadi, Navarra e o sur de Francia. Señoría, sobre o sur de Francia

non podo opinar de momento. O que si lle digo é que no asunto do financiamento non se deixe levar polas modas nin se deixe levar por algúns aos que non lles interesa nada Galicia, señoría. Vostede representa a Galicia; o seu compañeiro de Bildu, non, e o seu compañeiro de Esquerra Republicana tampouco. *(Aplausos.)* E en consecuencia, señoría, mire ben o que di e mire ben cales son as súas propostas.

Señor Jorquera, vostede de boa fe díxolles aos que estaban atrapados polas preferentes e polas subordinadas que non aceptaran a arbitrase, de boa fe, estou convencido. Porque se vostede soubera que, de facerlle caso, ninguén cobraría, agora vostede non sabería o que dicir. A xente fíxolles caso aos que de boa fe lles dicíamos que a solución de Europa para as preferentes e as subordinadas non era outra cousa que a arbitrase administrativa. Hoxe, 40.000 familias percibiron e cobraron o cento por cento do que tiñan investido, 40.000. E imos seguir na sede xudicial. E eu pregunto: señor Jorquera, ¿vostede cre que ao señor Mas lle botan a culpa das preferentes de Catalunya Caixa? ¿Vostede cre que ao señor Ignacio González lle botan a culpa das preferentes de Bankia? Eu asumo a responsabilidade toda, incluso esa, o que non podo aceptar é que me diga que non temos traballado coas preferentes máis ca ninguén en España, máis ca ninguén en España, señoría. *(Aplausos.)*

Señoría, sobre o tema das caixas lamento que ao final o BNG e o Partido Popular de Galicia non mantiveran a unidade. Mantivémola ao principio, e eu sempre lle agradecerei ao BNG a proposta que fixo para apoiar a fusión das caixas galegas, sempre. Cuestión distinta, señoría, é que cada un ten a historia que ten. E eu sei exactamente cando o gobernador do Banco de España me chamou para dicirme que as caixas galegas non tiñan capacidade de seguir en solitario. O que me sorprende é que os gobernos do bipartito, e o BNG especialmente, non tiveran ningunha información da situación das caixas, ningunha. A pregunta é: ¿é que non lles pasaban ningunha información o Partido Socialista Obreiro Español no Goberno? ¿Ou é que vostedes non tiñan ningún interese en dicirlles aos directores das caixas que non podían seguir nesa carreira aloucada por levar as caixas ao precipicio? Señorías, as caixas non mudaron dende o mes de abril, no que tomei posesión, ao mes de xuño, cando o gobernador do Banco de España me advirte de que as caixas non poden continuar en solitario. Non mudou a situación das caixas en 60 días, señoría. En consecuencia, seguro que poderemos falar con máis amplitude ao respecto.

Mire, señoría, vostede quere unha banca pública galega, esa é a súa proposta coñecida. Vostede quería unha banca pública galega cando había 53 bancos en España, e segue querendo unha banca pública galega cando hai nove bancos en España. Non mudou a súa proposta, paréceme coherente. O que non me parece coherente é que vostede queira unha banca pública galega en Europa, porque non as hai, señoría, non as hai. E en España non as hai. E, en consecuencia, se vostede non está de acordo con España nin está de acordo coa Unión Europea, enténdoo. Pero eu son español e europeo igual que galego. E, en consecuencia, teño que moverme en España e en Europa; e vostede tamén, gústelle ou non lle guste.

Señoría, non vou falar de Noruega, porque, como é natural, xa me gustaría ter a capacidade enerxética de Noruega. Pero se vostede quere falar de Noruega propoñolle que revise o financiamento da sanidade pública en Noruega e, se quere, debatemos noutra ocasión ao respecto.

Non vou aceptar, señoría –porque creo que non é razoable nin os galegos mo piden–, a insubmisión, non o vou facer, non vou facer a insubmisión. Recorrerei cando non estea de acordo cun proxecto, denunciarei cando non estea de acordo cunha actitude. Agora, dende aquí propoñer a insubmisión ao Estado de dereito..., comprenderá que son presidente porque prometín ou xurei o Estatuto e a Constitución e, en consecuencia, non vou violar nin o Estatuto nin a Constitución. *(Aplausos.)*

Señorías, sobre o asunto das renovables, entendo perfectamente a súa inqueda, que comparto. Pero aquí non caeu o concurso eólico, aquí caeu o sistema eléctrico e o sistema bancario. E, en consecuencia, o que pasou é que o sistema financeiro caeu e non hai financiamento para o sistema eólico. E o que pasou é que herdamos 28.000 millóns de euros de déficit tarifario e non hai subvencións como as que había antes para facer un gran negocio coas enerxías renovables. Vostede sabe igual ca min que o anterior concurso eólico que vostedes propoñían –que, por certo, causou bastantes desgustos no Goberno bipartito, e ás hemerotecas me remito– poñía cero recursos para Galicia. Aprobamos un canon eólico que supuxo 100 millóns de euros para os concellos e a Xunta de Galicia, e agora propoñémonos aprobar un canon mineiro. E a pregunta que nos facemos é como a vostedes, levando a Consellería de Industria un nacionalista, non se

lles ocorreu un canon eólico e un canon mineiro en Galicia para os galegos e para que se invista nos concellos onde existe o sistema eólico e o sistema mineiro, señoría. ¿Como non se lles ocorreu? (*Aplausos.*)

Señoría, non vou facer mofa coas medallas Castelao. Alá vostede se cre que merece a pena facer mofa con todas as mulleres e os homes que teñen as medallas Castelao, será o seu problema e a súa responsabilidade. O que si lle digo, dado que está na Cámara o presidente Fernández Albor, é que das medallas Castelao, instauradas polo presidente Albor, sabe bastante o presidente Albor, e sobre o que dicía Castelao tamén. E, se quere, podemos traer cousas que dicía Castelao, porque Castelao, diga vostede o que diga, non era independentista nin soberanista. E, en consecuencia, creo que hai que respectar a Castelao, as medallas Castelao e a todas as mulleres e homes que teñen a medalla Castelao. Eu, polo menos, respéctoo, incluídos aqueles aos que o Goberno bipartito lles outorgou as medallas Castelao, sen dúbida.

Señoría, quero dicirlle que non teño ningunha dúbida de que nos podemos entender se vostede quere. Eu quero. Entendémonos na anterior lexislatura sobre algunhas cousas importantísimas, entendémonos sobre o catálogo farmacéutico, ese polo que o Partido Socialista nos levou ao Tribunal Constitucional e nos denunciou por dicirlles ás multinacionais que cando un medicamento está con dez anos de patente non pode seguir cun prezo coma se fora un medicamento novo. Non, eses son medicamentos xenéricos e teñen que baixar o prezo. Vostede apoiounos, e eu pídlle que me siga apoiando, porque sabe vostede que o principal problema que ten o sistema público de saúde é que destinamos 1.000 millóns de euros aos fármacos. E vostede sabe igual ca min –porque lle interesa a sanidade pública– que, se non somos capaces de buscar un modelo para parar isto, chegará un momento en que non teñamos diñeiro para a tecnoloxía nin para as infraestruturas. E vostede sabe igual ca min que iso é un problema. E non é un problema deste presidente e deste Goberno, que tamén, senón que é un problema dos galegos e das galegas. Porque, se a esperanza media de vida hoxe supera os cen anos, e os que están nacemento nos paritorios do Servizo Galego de Saúde terán unha esperanza media de vida superior aos cen anos, sabe vostede que ou buscamos unha fórmula ou, se non, dentro dunha década teremos problemas irreversibles para o Sistema público de saúde. E eu invíto a axudarme nese asunto, do mesmo xeito que nos axudou co catálogo de medicamen-

tos e do mesmo xeito que puxo un pouco de orde cando noutras filas da oposición este asunto se tomaba de broma.

Señoría, eu –reitero– creo que ben vale a pena falar. Dende logo, nós imos intentar falar con todos. Si lle digo que nos ámbitos da cultura, señoría, en axudas ao audiovisual, facemos coma o bipartito. Non, exactamente non, o bipartito, entre o ano 5 e o ano 8 deu 19,5 millóns; e nós entre o ano 9 e o ano 12 demos 20,4, un millón máis, demos un millón máis. Nas axudas ás industrias culturais o bipartito deu, na lexislatura, menos de 6 millóns, e nós 7 millóns e medio. En todo caso, xa sei que nos gustaría dar máis, por suposto, porque hai películas e produtos audiovisuais en Galicia que son dos mellores do país, sen dúbida, sen dúbida. O que ocorre, señoría, é que vostedes tiñan 10.500 millóns de euros e nós temos 8.300, e esa é a gran diferenza substancial entre uns e outros.

Señor Jorquera –insisto–, invíto a dialogar sobre a sanidade pública. Creo que é moi importante, e cónstame que o BNG ten a mesma preocupación que o Goberno comparte neste asunto. Supoño que terá vostede as súas propias receitas, e espero que esas receitas sexan unhas receitas útiles para os galegos. Estou convencido de que, se aí puideramos chegar a acordos, fariamos un gran servizo á sanidade pública do noso país.

Ao portavoz de AGE-Izquierda Unida só lle quero dicir que non sei exactamente como afrontar a súa brillante intervención, porque “refuxios antiaéreos”, “Lampedusa”, “criminais recortes”, “comandos de especial exterminio”, “enterrador”... Señor Beiras, só lle quedou dicirme que eu era de Resistencia Galega, menos mal que non o dixo, e eu agradézollo. Só me quedou escoitar que eu pertenzo a ese grupo terrorista. Estou convencido, señor Beiras, que nin o pensa nin estou en ningún grupo terrorista.

Pero é evidente que vostede dá unha serie de mensaxes e fai unha serie de aseveracións cando di que as deputacións son a cova dos caciques. Creo que neste debate están os catro presidentes das deputacións, ou polo menos estiveron durante algún tempo. Non sei a cal deles se refería con maior exactitude ou maior intensidade. Supoño, señoría, que se referiría a todos, porque dixo “as deputacións” e, en consecuencia, señor Beiras, quero recordarlle que teña coidado se quere gobernar nalgún sitio algunha vez.

Señoría, sobre o *tax lease* non lle podo aceptar –e dígollo con cordialidade– que vostede me equipare ao señor Almunia. É evidente, señor Beiras, que vostede é un personaxe singular. Que eu sexa o culpable do *tax lease* vaia contarllo vostede aos do sector naval, que seguro que están de acordo con vostede. O que si me gustaría saber exactamente, despois de tanto tempo, é o de que iso de que Galicia cumpre vostede o considera un tema menor. Mire, nas aldeas –non sei onde vostede naceu–, nas aldeas ensinábannos dúas cousas: que hai que pagar o que se debe e que non se pode gastar máis do que se ten. Eu comprendo que, en casas con grandes patrimonios e grandes facendas, iso se encargaba a alguén; (*Aplausos.*) nós, que tiñamos dificultades para chegar a fin de mes, encargábanos todos, señorías, todos, na casa, todos, todos.

Agora ben, señoría, cumprir significa blindar o autogoberno de Galicia. Cumprir significa que na Facenda autonómica mande a Xunta de Galicia, e non o ministro Montoro. Cumprir significa non acudir ao Fondo de Liquidez Autonómica nin acudir a que nos paguen porque somos incapaces de pagar o que debemos. Iso é cumprir. E por iso, señoría, dentro dos grandes debates territoriais –como vostede chama– de España hai algúns que son presidentes de comunidades autónomas rescatadas e intervidas, hai algúns que nin sequera teñen o Estatuto de autonomía en vigor, porque teñen unha comunidade autónoma intervida. E nós, que mantemos todo o noso autogoberno en vigor, con todas as nosas competencias estatutarias e constitucionais en vigor, resulta que a vostede isto lle parece pouco. Moi ben, señoría, non sei cal é o seu modelo, porque non sei exactamente a que ideoloxía representa vostede hoxe, nesta sesión. ¿A unha ideoloxía soberanista? ¿Separatista? E despois, señoría, ¿pacta vostede con Compromís do País Valenciano no Congreso dos Deputados?

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, ten unha chamada á orde.

Faga o favor, non ten a palabra, ten a palabra o presidente. Faga o favor.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señor Beiras, non ten a palabra!

Ten a palabra, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non sei se na prensa merecen todos os reporteiros os mesmos cualificativos que me refire a min. O que si lle digo é que lin na prensa que vostede vai facer un pacto con Compromís por Valencia. Bueno, ben, está ben. Eu crin que lle valían os representantes do BNG nas Cortes Xerais, ou se non que lle valerían os representantes de Izquierda Unida nas Cortes Xerais, pero xa vexo que vostede utiliza Izquierda Unida e os nacionalistas e os valencianos segundo lle convén en cada momento.

Nós non, señoría. Nós temos unha coalición cos galegos, o noso xefe non é un señor de Valencia nas Cortes Xerais. E, en Galicia, señoría, nós presentámonos ás eleccións coas mans limpas e coas nosas papeletas, e dicimos: se gañamos, queremos gobernar, e se perdemos, iremos á oposición. E por iso son tan importantes as regras do xogo democrático.

Xa sei que se a señora Merkel se presentara a presidente da Xunta de Galicia, estaría na oposición –cónstame–. Sen embargo, a señora Merkel, sen maioría absoluta en Alemaña, desde o mesmo momento en que se pecharon as urnas, en todos os landers alemáns, sabía que ía ser a presidenta da República Alemá, porque a diferenza entre Alemaña e Galicia é que alí se respectan os resultados electorais e aquí non, e por iso sería importante, señoría, avanzar neste asunto da Lei electoral, (*Aplausos.*) moi importante, señoría, moi importante.

Mire, señoría, vostede critica que esteamos xubilando os médicos que cumplan a idade de xubilación. A verdade é que temos que decidir entre centenaes de médicos formados en paro ou os médicos que chegan á idade de xubilación, aceptar a regra da xubilación dos empregados públicos. E optamos por darlles traballo a moitos médicos que están en paro. E eu comprendo, señoría, que aquí hai moitos intereses: de coñecidos, de familiares, de amigos –cónstame–, pero o que si lle digo é que temos que aceptar e temos que decidir, e creo que estamos facendo un bo servizo para rexuvenecer os hospitais con médicos formados que teñen 30, e 30 e poucos anos, e que teñen dereito tamén a traballar.

Agora, é evidente que cada un ten unha forma de ver as cousas. Nós temos esta forma de entender a función pública.

Mire, señoría, como vostede estivo catro anos fóra do hemiciclo, non sabe que na pasada lexislatura –oito, perdón–, pois estivo catro do Goberno do Partido Popular despois do bipartito, digo que non sabe vostede que nunha lexislatura, entre o ano 2009-2012, contestamos a tantas preguntas como todas as lexislaturas nas que vostede foi deputado, máis oito anos que vostede non foi deputado, é dicir, contestamos máis preguntas que en toda a historia do Parlamento autonómico de Galicia; máis, señoría, máis; *(Aplausos.)* en catro anos, máis. Señoría, formuláronse en todas as lexislaturas, dende o ano 1981 ao ano 2009, 35.873 preguntas, e nós contestamos, en catro anos, 38.533 preguntas.

Señoría, sométome ás sesións de control, todas, e dende logo o meu grupo non me fai preguntas amañó, para ver o que digo. *(Risos.)* Non, non, o meu grupo non fai preguntas, señoría, como vostedes saben. Vexo que o señor Beiras non miraba aquilo do bipartito cando se facían preguntas ao presidente; está no pleno dereito, señor Méndez, a facelas, pero cando menos chocaba.

Agora ben, digo que en dez meses de lexislatura desta, en que vostede é deputado, respondéronse case a 2.800 preguntas, é dicir, 280 preguntas por mes. As solicitudes de documentación, estamos remitindo 14 expedientes por mes, exactamente o mesmo que remitiu o bipartito e o señor Méndez, que levaba as relacións parlamentarias, seguro que lle dá a estatística exactamente igual que a nós.

Polo tanto, este Parlamento está vivo, señoría, e este Parlamento actúa e ten máis vigor e máis actividade e control ao Goberno que calquera outro parlamento autonómico. E este Parlamento, señoría, está aprobando as leis, e ten, nada máis e nada menos, que doce leis entregadas este Goberno en dez meses.

Señoría, en Euskadi houbo eleccións o mesmo día que en Galicia, e en Cataluña houbo eleccións en novembro do mesmo ano que Galicia, é dicir, o ano pasado. En Euskadi aínda non teñen presuposto, e en Cataluña aínda non teñen presuposto; nós aprobamos o presuposto ás tres semanas de tomar posesión.

Habilitamos o mes de xaneiro, e en febreiro Galicia tiña un presuposto vixente. E este venres, durante a semana do estado da Autonomía, volvemos aprobar un presuposto, e iso significa que non desmereza vostede a actividade parlamentaria, porque estamos no Parlamento máis fecundo e de máis actividade de todas as comunidades autónomas.

Eu non falarei aquí da Cidade da Cultura, salvo dicir, señor Beiras, que debería tamén vostede mirar a documentación que lle pasan, porque se quere vostede falar do que investía cadaquén, pois ¿sabe canto investiu o bipartito na Cidade da Cultura? 137 millóns de euros, máis que ningún outro Goberno nunha lexislatura.

Agora ben, se vostede segue pensando que a Cidade da Cultura é un programa do Partido Popular, e dese señor ao que chama señor Núñez, ¡alá vostede! Descoñece a realidade das cousas, descoñece a historia de Galicia, e vostede dáme a sensación de que está un pouco atrasado na historia económica e na historia social de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, o que fixemos na Cidade da Cultura é destinar dous edificios a outras finalidades e concentrar os edificios da Cidade da Cultura noutros dous. Fusionamos a biblioteca e o arquivo nun edificio e abrimos o museo. Noutro edificio está todo o corazón tecnolóxico de Galicia, traballando 150 informáticos da Xunta de Galicia, e noutro están traballando distintos emprendedores, relacionados co sector TIC, e espero dar boas noticias no próximo mes sobre a capacidade de atracción da Cidade da Cultura para empresas do sector TIC.

Agora ben, o que fixemos, ademais, foi parar a Cidade da Cultura, e eu comprendo que cando os seus compañeiros estaban no Goberno non a pararon, e nós tivemos que parala. Agora, se a vostede iso tamén lle parece mal, que o seu Goberno non a parara e que nós a paráramos, debería poñerse de acordo.

Señor Beiras, con todo o respecto, aínda que vostede non mo teña a min –ese é un problema seu, ese é un problema seu, eu téñolle todo o respecto aínda que vostede non mo teña a min, entre outras cousas por razóns de que cando ía á facultade vostede xa estaba neste Parlamento–, señoría, eu estou de acordo en que ao Goberno lle corresponde gobernar, e é o que estamos a facer, é o que imos seguir facendo, é o que imos facer durante toda a lexislatura, e por iso, señor

Beiras, aínda lle queda moito tempo para xulgar dende a oposición o labor do Goberno. Pois quero dicirlle que aínda lle queda, como mínimo, ata final do ano 2016, e xa veremos, e xa veremos... (*Aplausos.*)

Agora ben, señoría, vostede volve pedir hoxe, solemnemente, a convocatoria anticipada das eleccións; é a segunda vez que o propón. Eu recordo a primeira vez que o propuxo nesta Cámara, foi cando vostede presidía o Pleno constitutivo desta IX lexislatura, como deputado máis veterano, que dixo: “espero e propoño que se fagan outra vez as eleccións”, ao cabo dun mes de facer as eleccións. Pois, señor Beiras, hai que ser demócratas; xa fixemos as eleccións, e este é o resultado, señoría. Temos un Goberno estable, temos maioría absoluta, imos seguir gobernando e non vai haber eleccións anticipadas, (*Aplausos.*) non as vai haber, non as vai haber, señoría. Non vai haber eleccións anticipadas en Galicia, porque sería unha enorme irresponsabilidade, e eu estou convencido de que a vostede non lle gustan as irresponsabilidades.

E é irresponsable facer unha oposición de camiseta e de pancarta, porque iso non trae ningunha proposta intelixente nin ningunha proposta alternativa. Decía o compañeiro Puy que hai aí un letreiro que di: “Feijóo, culpable”. Se xa o sei, señor Beiras, se xa o vivín nas miñas carnes cando fixen o discurso de investidura, que non veu saudarme ningún líder de ningún partido político. (*Murmurios.*)

Agora ben, esa é a responsabilidade de cadaquén, e ese é o talante democrático da oposición. O que si lle digo é que traer camisetas a esta tribuna que digan: “*Chávez, te lo juro, votaremos a Maduro*”, é a maior proposta que lle escoitei ao seu grupo parlamentario nesta sesión de investidura, (*Aplausos.*) a maior.

En todo caso, señores de AGE-Izquierda Unida, o que poidamos facer xuntos, teñen vostedes a man aberta, permanentemente –créano ou non–. Se vostedes propoñen algunha cousa concreta, poderemos ver se estamos de acordo ou non. Estivemos de acordo na repartición deste debate, e efectivamente se acredita que neste debate os partidos da oposición teñen máis tempo para falar que no Congreso dos Deputados e que en ningunha outra cámara autonómica, e por iso AGE tivo unha proposta sensata, e eu lamento que os outros partidos da oposición non aceptaran unha proposta sensata de

AGE-Izquierda Unida. Pero nós si a aceptamos, esta e calquera outra que veña cun mínimo de interese, de planificación e de rigor.

Señor Méndez Romeu, benvido ás súas responsabilidades como voceiro do principal partido da oposición. Somos vellos coñecidos neste Parlamento, cada un nas súas responsabilidades, e eu agradezo moito o seu ton e a súa postura de plantexar o seu discurso e propoñer unha serie de cuestións que sen dúbida imos avaliar.

Vostede dime que fixen un discurso derrotista; eu escoiteille ao parlamentario Jorquera que fixera un discurso do mundo feliz. Hai que poñerse de acordo, polo menos niso, señoría; ou é derrotista ou é do mundo feliz, pero así isto non funciona. O que si lle digo é... (*Aplausos.*) que creo que non fixen ningún discurso derrotista nin de mundo feliz, fixen un discurso como sei, nin máis nin menos.

Señoría, eu non falei dos 30.000 nin dos 60.000 nin dos 90.000; eu falei de todos, dos 260.733 parados e paradas que temos en Galicia. E por iso, cando vostede me fala das pensións, supoño que todo o Parlamento –e, por suposto, os que temos na tribuna– se recordarán da situación na que atopamos as pensións despois de que o Partido Socialista Obreiro Español saíra do Goberno de España, primeiro, durante catorce anos, no ano 96, quebradas, e agora, oito anos despois, no ano 2011, que temos que utilizar o Fondo de Reserva para poder pagar as pensións e a paga extra de Navidad. E por iso, señoría, que un socialista queira falar das pensións, eu agradézoo moito, pero si lle digo que o único partido que durante os últimos dez anos conxelou as pensións foi o Partido Socialista Obreiro Español, onde vostede, por certo, tivo un alto cargo antes de vir para Galicia.

Polo tanto, se quere falar de pensións, ¿de que pensións quere falar? ¿Das pensións que estaban quebradas no ano 96 e que tivemos que facer un Pacto de Toledo? ¿Ou das pensións que deixaron no ano 2011, que a vostedes a Unión Europea lles dixo que tiñan que conxelar as pensións si ou si, e o señor presidente Rodríguez Zapatero tivo que conxelar as pensións si ou si, simplemente por unha decisión de Europa porque estábamos indo á quebra do sistema das pensións?

Señoría, o seu partido gobernou en España vinte e dous anos, será sen dúbida protagonista de moitas cousas das boas

noticias que tivemos en España, pero o que non podo aceptar é que o bo o fixo o Partido Socialista e o malo o fixeron outros. Nas pensións, señoría, temos un problema enorme de mantemento porque vostedes non propuxeron nin inxectaron durante dous anos o que tiñan que meter no fondo das pensións e foron descapitalizando ese fondo (*Murmurios.*), e agora resulta, señoría, que temos outra vez que poñer diñeiro nas pensións entre todos, señoría. (*Murmurios.*) Por iso, señor Méndez Romeu, cando vostede me di que os socialistas non van aceptar ningunha conxelación das pensións, serán os socialistas de agora, os desta tarde, porque vostede sabe perfectamente coma min que iso —como diría vostede— non é rigoroso.

Señoría, di que Galicia está moito peor que hai cinco anos. Os galegos non estamos de acordo con iso; non eu, a maioría. Dígoo porque hai catro anos xa están co balance pechado e xa están xulgados. Hai menos de un ano examinámonos do balance dos catro anos, e foi 38 escanos na primeira lexislatura e 41 escanos na segunda lexislatura. Polo tanto, o balance dos catro primeiros anos, señoría, xa o temos decidido; pero non eu nin vostede, o pobo de Galicia que votou en liberdade. (*Aplausos.*) E, polo tanto, niso de que estamos peor, a xente, señoría, non está tan de acordo. (*Aplausos.*) Non está tan de acordo porque sabe como estaba España no ano 2009 e como estaba España en outubro do ano 2012, que foi cando votaron. E, en consecuencia, despois de votar, se lle parece —aínda que podemos falar dos cinco anos, se quere, pero o digo por unha cuestión práctica—, se quere falamos do último ano. Porque hai catro os galegos déronlle unha maioría ao grupo parlamentario e ao Partido Popular de Galicia suficiente para volver estar aquí facendo o primeiro debate do estado da Autonomía.

Señoría, se vostede quere falar de como estamos —e eu enténdoo perfectamente—, vostede sabe igual ca min que a taxa de paro en Galicia é catro puntos mellor que a media do paro en España. E vostede sabe perfectamente que o paro rexistrado, desde que tomei posesión nesta segunda lexislatura, baixou 18.000 persoas a 30 de setembro. Seguro que será un trimestre difícil, pero hoxe temos 18.000 parados menos que en decembro do ano 2012.

Vostede sabe que nos últimos datos do PIB somos a segunda comunidade autónoma con menor recesión económica no ano 2012. E vostede sabe que conseguimos equipar

rar cero, é dicir, non baixou no último trimestre, cando España aínda seguía baixando no último trimestre coñecido do ano 2013.

Vostede sabe que as exportacións en España se incrementaron o dobre e que somos a segunda comunidade autónoma de maior exportación; somos a terceira comunidade autónoma con maior índice de produción industrial e somos a segunda comunidade autónoma onde máis se incrementou a confianza empresarial.

Vostede sabe todo isto, e como vostede sabe todo isto, sabe tamén que segundo a EPA en Galicia estamos co 22,4 % de paro e en España están co 26,3 %. E se vostede quere coller modelos, ¿que modelo me propón, señoría? ¿Andalucía? ¿Asturias? ¿Que modelo me propón? Se me propón Andalucía, ten o 35,8 % de paro —e supoño que non lle vale—. Exactamente, señoría, ¿que modelo me propón? Dígoo para estar orientado nas súas propostas no debate. Señoría, Andalucía ten o 35,8 % de paro; Extremadura, o 33,7 %; Canarias, o 33,7 %; Castela-A Mancha, o 30,3 %; Murcia, o 29 %. A taxa de paro xuvenil, señoría, altísima —sen dúbida—, o 51 %; España, seis puntos máis.

Señoría, cando me pregunta que facemos cos xoves, un novo contrato de formación. É verdade que acabamos de empezar, pero cremos niso. Un impulso na formación. O 33 % das 14.000 persoas que se formaron son xoves. Se vostede quere comparar —lórico— a evolución do paro rexistrado no último ano, Galicia é a cuarta comunidade autónoma onde máis baixou o paro no último ano, exactamente 18.054 persoas. Só baixou o paro máis que nós en Baleares, en Castela-A Mancha e en Cantabria. En Galicia baixou o paro o 6,5 e en España baixou o 2,6. Se vostede quere coller o paro rexistrado desde abril do ano 2009, que é toda a lexislatura —os cinco anos dos que fala—, pois ben, desde abril do ano 2009 eu atopei unha Xunta, un goberno e unha comunidade autónoma cun paro rexistrado de 210.000 persoas; hoxe hai 260.733, é dicir, 50.000 máis. ¿Sabe canto subiu o paro no último ano do bipartito? 51.000 persoas. É dicir, no último ano do bipartito, nun ano, subiu máis o paro que nos últimos cinco anos.

Señoría, se vostede me di se estou satisfeito con isto, ¿como vou estar satisfeito co meu país que ten un 22 % de paro? Pero se vostede quere comparar sobre os cinco anos

anteriores ou sobre o último ano anterior, estamos de acordo, comparemos. ¿Vostede esta de acordo ou non está de acordo coas axudas á automoción? ¿Está de acordo ou non? ¿A que si está de acordo? Hai 625 millóns de euros investidos e Vigo neste momento está producindo 400.000 vehículos máis; un 35 % máis que o ano pasado. Apoiamos o cluster da automoción con 3 millóns de euros máis, e outros 17,5 millóns ímolos investir no CTAG, porque da automoción non só vive Vigo –que tamén–, senón que vive a área metropolitana e viven tamén moitas empresas de Ourense e de Galicia.

Por iso, señoría, cando vostede me di que temos o eólico perdido, ¿a que se refire vostede? ¿Ao eólico do bipartito, que se declarou ilegal no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia? ¿Refírese vostede, señoría, a que deixaron 28.000 millóns de euros sen pagar ás eléctricas do déficit tarifario? Cando o señor Jorquera fala dos intereses de Galicia, ¿hai algún interese que os socialistas poidan esgrimir en pagar 170 euros por megavatio á industria termosolar e á industria –desas cousas que puxeron nos campos de Castela e nos campos de Andalucía– dos paneis fotovoltaicos, que levaron, señoría, a un déficit tarifario de 28.000 millóns de euros? Ese é o problema do eólico, señoría. Non é o problema nin do BNG nin do PPdeG, é o problema dunha política enerxética irresponsable que se fixo en España nos últimos oito anos. E ese é o problema que temos agora, que hai que baixar as primas porque temos que pagar 28.000 millóns de euros de débedas acumuladas pola sorprendente actuación do Partido Socialista Obreiro Español cando dicía iso de que “o futuro está no vento”. Se aínda aceptaran que o futuro está no vento o eólico, aínda bueno, pero comprar aos chinos e comprar a outros países asiáticos as placas e meter grandes industrias termosolares en España... Iso si, ningunha eólica nin eléctrica fixo investimentos niso; sorprendentemente foron as construtoras, non foron as eléctricas. Foron as construtoras as que investiron en enerxía; ¡sorprendente, señorías! Foron as construtoras as que fixeron os parques fotovoltaicos e as termosolares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, Abengoa, Acciona, ACS, etc. (*Murmurios.*) Sorprendentemente as eléctricas non o fixeron, e agora resulta que isto o teñen que pagar os galegos, que non teñen enerxía eólica alternativa, señoría. (*Aplausos.*) Isto é o que atopamos, e supoño que vostedes estarán de acordo con isto. (*Aplausos.*)

Señorías, en todo caso quero dicirlles que o número de megavatios autorizados por este Goberno na anterior lexislatura e nesta supera os 740 megavatios. E quero dicirlles que as empresas que teñen adxudicados os parques eólicos desembolsaron nos plans industriais preto de 600 millóns de euros. E quero dicirlle, señoría –hoxe propuxémolo no debate–, que lles imos facer unha serie de propostas conxuntas ás empresas eólicas cun principio: o que non queira investir, que renuncie aos megavatios. Dixémolo desde sempre, pero agora ímolo concretar moito máis.

Señoría, cando vostede me fala do comercio e desa muller viúva coa que se atopou, cun fillo en paro –supoño que nun comercio da Coruña–, quero dicirlle que no comercio sabemos o que está pasando. As grandes superficies en Galicia multiplicáronse por catro durante o mandato en que vostede era conselleiro –saberá por que–, e o pequeno comercio está nunha crise adicional á crise da caída do consumo; vostede ten mostras máis que suficientes na cidade onde reside. É unha forma de facer política comercial. A vostedes gústanlles as grandes superficies descontroladas e a nós gústannos as superficies grandes controladas. (*Aplausos.*) ¿Para que? Para que o comercio tamén poida sobrevivir, señoría, para que tamén poida sobrevivir. (*Aplausos.*)

Agora, señoría, modificamos a Lei de horarios comerciais, potenciamos os mercados de abastos e melloramos os espazos comerciais –sábeo ben–. Aprobamos a Lei do comercio interior de Galicia e aprobamos a Lei de protección xeral de persoas consumidoras e usuarias. Pero é certo que o comercio ten un grave problema no noso país, igual que no resto de España.

Señoría, cando vostede me di que que fixemos no último ano, pois incrementar as exportacións o dobre que a media de España, un 15,7 %, e España un 7 e pico por cento. E a balanza comercial galega ten un superávit de máis de 2.000 millóns de euros. Iso significa, sen dúbida, que non temos capacidade para importar, por suposto, son o primeiro que o di, non fagamos trampa nas cifras. Sei que non temos capacidade de importar, por iso a balanza é tan positiva. Pero tampouco ten capacidade de comprar ningures, señoría, e a pesar diso, aínda sacando Inditex e aínda sacando PSA Citroën, a nosa balanza comercial, mellor dito, as nosas exportacións, son superiores ás da media de España. ¿Por que? Porque o 22 % das empresas que nunca exportaran

están exportando agora, e porque temos 6.000 empresas que están exportando en Galicia con normalidade. Estou convencido de que a vostede eses datos o enchen de satisfacción e de esperanza.

Señorías, ¿estamos de acordo ou en desacordo co control da débeda pública? Quero, se pode ser, que me digan cal é a súa proposta. ¿Críticanme por ter moita débeda ou por ter pouco presuposto? Dígoo, señoría, por isto de levar unha idea aos galegos. ¿Temos ou non que emitir a débeda pública autorizada para o próximo exercicio? ¿Cal é a proposta do Partido Socialista Obreiro Español? ¿Emitila ou non emitila? O que si lle digo é que Galicia é a terceira comunidade autónoma na que menos medrou a débeda pública dende a crise; a terceira na que menos medrou. Temos un 38 % menos de débeda pública que a media española. Ademais, o custo medio da débeda reduciuse un 25 % dende o ano 2007. E doulle outro dato: Galicia rematou o 2012 cun endebedamento inferior á media das comunidades autónomas en tres puntos. Polo tanto, eu estou preocupado igual que vostede coa débeda pública, por suposto, o que me sorprende é que en época de bonanza económica a débeda pública de Galicia en termos de PIB era superior á das comunidades autónomas, e agora, en época de crise económica, a débeda pública é inferior en tres puntos á do resto das comunidades autónomas. Sería bo, en consecuencia, que o Partido Socialista concretara a súa postura sobre a débeda pública; dígoo porque me parece que é algo fundamental.

É certo, señoría, que o País Vasco multiplicou por oito a débeda pública, pero tiña moi baixa; é certo que Murcia tamén multiplicou a súa débeda por seis; que Navarra –fíxese, Navarra– multiplicou a débeda pública por catro. Unha comunidade autónoma con concerto e sen débeda e multiplícala por catro, e o País Vasco, por seis.

Señoría, ¿exactamente que é o que o Partido Socialista nos propón coa débeda pública? Cando vostede di que a Lei do emprendedor tiña 37 euros por empresa –máis ou menos... Señoría, dixémolo, intentei trasladalo. Mire, durante a pasada lexislatura demos máis avais e máis préstamos que en toda a historia da comunidade autónoma. ¿Por que? Porque caeu o sistema financeiro. E ¿por que? Porque había moitas empresas que non tiñan circulante, e, se non teñen os avais e os préstamos da Xunta de Galicia, habería

moitísimo máis paro aínda. ¿Como pode desprezar 566 millóns de euros en avais e en préstamos participativos?

A lei que estamos aprobando –espero que teña o visto e praxe do Partido Socialista polo menos a maior parte da proposta– hoxe concretei que terá 40 millóns de euros para os emprendedores. Polo tanto, non hai problema sobre os 37 euros por empresa; ao contrario, multiplicamos por cinco o número de empresas que teñen avais ou préstamos participativos, sen dúbida.

Mire, señoría, é certo que en Alimentos Lácteos non acertamos. Pero é certo –e miro para algún da bancada da oposición que non imos concretar– que me pedían que investíssemos en Alimentos Lácteos, e agora aínda están pedindo que seguíssemos investindo en Alimentos Lácteos. Soamente pido que se poñan de acordo. ¿Temos que seguir investindo en Alimentos Lácteos ou non? Nós pensamos que non. Démoslle unha oportunidade e non resultou. Si estamos axudando a Feiraco para adquirir as instalacións de Clesa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, agora non, na pasada lexislatura, señoría, na pasada lexislatura.

Agora ben, vostede toca un asunto que para nós, para o Partido Popular, ten unha enorme importancia; toca vostede o Estado do benestar. E di vostede, nada máis e nada menos, que a sanidade pública é irrenunciable e que ten que seguir financiada por impostos. Estamos de acordo. Xa temos a primeira proposta de resolución aprobada espero que por unanimidade.

Agora ben, vostede cre que os impostos só se pagan no imposto da renda e que non se poden pagar posteriormente, como se as taxas ou as porcentaxes non foran impostos. ¡Son impostos, señoría! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E son impostos que discriminan perfectamente as rendas altas. Por iso me sorprende que vostedes nos criticaran porque aos pais que teñen recursos non lles financiamos os libros de texto dos seus fillos, ou que vostede nos critique no tema da sanidade.

Mire, señor Méndez, reducimos a lista de espera e vostede o sabe; 21 días menos nas patoloxías urxentes, de 37 días a 16. Os profesionais da sanidade pública fixeron 22.500 intervencións máis nos quirófanos do Servizo Galego de Saúde, en xornada de mañá, que o que facían no ano 2008.

¿Iso que quere dicir? Que hai un maior compromiso coa sanidade pública.

A receita electrónica é a mellor de España, co 100 %. E case cuaduplicamos a prescrición de xenéricos a pesar de que vostede –non sei se estaría de acordo ou non– nos denunciou –non vostede, perdón, o Partido Socialista Obreiro Español– ao Tribunal Constitucional. É a primeira vez que se denuncia a un presidente autonómico e a un goberno por aforrar; a primeira vez. Evidentemente, o Tribunal Constitucional non seguiu as súas propostas e hoxe en España todos abrazan os xenéricos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, no ano 2008, en plena bonanza económica, tiñamos uns xenéricos inferiores na prescrición ao 8 %, e agora estamos no 39 %. Ese é un bo dato para aqueles que cremos na sanidade pública, e vostede me consta que si cre.

O rendemento cirúrxico non é un tema menor, porque facer 22.500 intervencións máis nos bloques cirúrxicos do Servizo Galego de Saúde é todo un aplauso que merecen os médicos, o persoal de enfermería e auxiliares de enfermería do Servizo Galego de Saúde, todos. Por iso me sorprende que vostede teña algunha dificultade para aceptar que sabe exactamente igual ca min que o hospital de Vigo ou o faciamos así ou simplemente non se facía. E non vou referir o que me dixeron algúns no momento de traspaso de poderes –e non estou falando do presidente Touriño–. Se vostedes non tiñan un euro consignado nos presupostos, ¡nin un euro! Se soamente había maquetas, señoría, ¡pero as maquetas son baratísimas, pódollos asegurar! ¡As maquetas facémolas vostede e eu nunha fin de semana! O problema é que alí levan traballando máis de 1.000 persoas no hospital público de Vigo, señoría. E é exactamente igual de público que o hospital da Coruña; exactamente igual de público, señoría. *(Murmurios.)* Entón, ¿quen é o dono, señorías? Gustaríame saber quen é o dono dun hospital que paga a Xunta de Galicia, o cal sería sorprendente. *(Murmurios.)*

Pois ben, señoría, tardaron dez anos en facer o hospital de Lugo, ¡dez anos! Investiron 20 millóns de euros cada ano. *(Murmurios.)*

Non, non, señorías, creo que...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o tema da sanidade pública ben merece un respecto.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Tardamos en facer o hospital de Lugo dez anos. Investimos unha media de 20 millóns de euros cada ano. Vinte millóns por 10, son 200. ¿Que me propón? ¿Que nun hospital que custa 300 millóns de euros fagamos o que fixo o bipartito, investindo 20 millóns de euros cada ano? É o que me propón. ¿Cantos anos tardaríamos en facer o hospital, señoría? ¿Doce? ¿Trece? Non creo que esa sexa unha proposta razoable do Partido Socialista nin da socialdemocracia europea. E vostede sabe exactamente igual ca min que estou dicindo a verdade.

Señoría, no hospital de Ourense hai baños cada certo número de habitacións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cada dúas habitacións, efectivamente. É unha pena, señoría, que en época de bonanza non repararan que hai un baño cada dúas habitacións en Ourense e non fixeran todo un edificio de hospitalización en Ourense como imos facer en crise económica. É unha pena, señoría. *(Aplausos.)* É unha pena que non reparan niso.

Agora ben, señoría, doulle moita importancia á sanidade pública, e, señor Romeu, se vostede quere realmente falar da sanidade pública como falan os membros do Partido Socialista Obreiro Español que cren na sanidade pública, os ministros do Partido Socialista Obreiro Español que xestionaron a sanidade pública, chegamos a un acordo seguro. Pero mire, vostede sabe igual ca min, porque foi secretario de Estado das administracións públicas, que non hai ningunha Administración pública que poida incumprir unha lei. Polo tanto, se queren falar da sanidade pública con argumentos, a favor; se queren falar con soflamas, non contén con nós. Pero vostede é un home de argumentos, por iso sabe exactamente igual ca min que cando vostede di que se están pagando os fármacos das persoas que, se non os adquiren co seu diñeiro, está en risco a súa vida, non é verdade. Como un parlamentario que dixo aquí –e quedou todo tranquilo– que os medicamentos da sida se cobran. ¡Falso de toda falsidade! ¡Falso de toda falsidade!

E vostede, que sabe deste asunto, sabe que neste país non existen leis á carta: unhas cúmprouas e outras non as cumpro. ¿Que Estado de dereito puido facer o Partido Socialista durante 22 anos se cada presidente autonómico ou cada alcalde fixera o que lle peta? ¿Ese é o Estado democrático e o Estado de dereito que propón o principal partido da oposición en Galicia? Estou convencido de que non, e por iso creo que debemos de valorar as verdades que a xente ten dereito a coñecer.

Señoría, o pago dos medicamentos que se entregan nos hospitais está aprobado desde hai máis dun ano. Ninguén dixo nada. Non fun interpelado desde abril do ano pasado sobre este asunto. Non me fixeron ningunha pregunta. O real decreto é de abril do ano 2012, non pasou nada. E resulta que cando se vai aplicar empezamos a dicir o que non dicíamos antes. Mire, señoría, señor Romeu, os medicamentos que se administran no domicilio e son recollidos na farmacia hospitalaria, ata ben pouco se recollían nas farmacias das rúas. E se eses medicamentos se recollían nas farmacias das rúas, pagábase o 40 % ou o 50 %, e agora páganse todos, como máximo, 4,2 euros. ¿Que quere? ¿Que volvamos a levar eses medicamentos ás farmacias para que as farmacias leven o 20 % da marxe comercial? ¿Ou quere que fagamos unha compra centralizada de medicamentos para aforrarnos o 20 %? Unha das grandes comunidades autónomas que propón a compra centralizada de medicamentos é Andalucía. ¿Que quere dicir? ¿Que se compren centralizadamente os medicamentos non llos van cobrar aos usuarios? Vostedes e eu sabemos que iso non é verdade.

Di vostede que hai unha serie de medicamentos que agora se pagan e antes non se pagaban. Non é certo, señoría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede dinos que é a primeira vez que isto ocorre. Mire, señoría, a señora Ángeles Amador, ministra do Partido Socialista Obreiro Español, fixo unha lista negativa de medicamentos e excluíu do sistema de financiamento 1.800 medicamentos. Neses non se pagaban 4 euros. Non, non, ¡neses pagábase o cen por cento do valor! Entón, ¿dende o Partido Socialista Obreiro Español como se pode falar con esta falta de rigor sobre as prestacións farmacéuticas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Excluíronse 1.800 medicamentos do Sistema Nacional de Saúde. O seu representante equivocouse flagrantemente facen-

do demagogia con isto. E eu non vou facer demagogia, nin cando o Partido Socialista falaba de que non pasaba nada —e teño aquí as citas, se quere trasládollas—, cando a señora Pajín, a posterior ministra de Sanidade, falaba de que, se hai que poñer algún copago, se poña, nin vou citar outros socialistas doutros ámbitos territoriais dicindo o que opinan da xestión sanitaria.

Polo tanto, claro que quero falar e pactar todo aquilo que queira sobre a sanidade, ¡teño todo o interese! Porque creo neste sistema e porque sabe vostede exactamente igual ca min que, ou facemos iso, ou haberá grandes dificultades. E eu estou convencido de que ningún socialista de boa fe quere que haxa dificultades no sistema. 1993, 69 grupos de medicamentos, 1.800 prestacións excluídas do financiamento da sanidade pública; este é o dato. Polo tanto, non fagamos demagogia, señor Méndez. Se eses medicamentos que se entregan nos hospitais os entregamos nas farmacias, pagarían o 40 % ou o 50 %. Entréganse nos hospitais e a culpa é que pagan 4 euros. Señoría, ¡claro que nos gustaría que non pagaran!, e claro que podemos facer demagogia con iso, ¡son 230.000 euros! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois entón, señoría, hai unha cousa que se chama coherencia e hai unha cousa que se chama compra centralizada de medicamentos, e no Sistema Nacional de Saúde están falando da compra centralizada de medicamentos. E se facemos isto agora, non o poderemos facer cando fagamos unha compra centralizada de medicamentos en dispensación hospitalaria. Polo tanto, señor Méndez, estou convencido de que vostede pode, sen dúbida, botar unha man neste asunto da sanidade pública se quere; e, se non quere, señor Méndez Romeu, eu vouno seguir intentando.

Señoría, remato, pero creo que o CIS —que é o instituto comunmente admitido como correcto—, a última enquisa do CIS, sinala que o 82,54 % dos galegos consideran a sanidade moi boa ou boa; e cando comparamos no período anterior o número de persoas que cre que a sanidade mellorou (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), é doce puntos superior ao resto de España. Polo tanto, temos unha sanidade pública en Galicia que o 82 % a valora positivamente, e en España tan só o 70 %. Temos unha boa sanidade pública, señor Méndez, asegúrolllo. Gustaríame, sen dúbida, poder pactar os temas de sanidade.

Señorías, remato sobre outras cuestións do Sistema de benestar.

Señoría, sabe vostede que tan só hai unha comunidade autónoma –Asturias e nós– que temos máis profesores por alumno; as dúas mellores de España, Asturias e Galicia. Sabe vostede que nos libros de texto o 70 % das familias teñen axudas, e que temos o compromiso de crear 18.000 novas prazas de comedores escolares.

Señoría, sabe que incrementamos un 38 % as prazas de formación profesional e que hoxe máis de 71.000 rapaces e rapazas están estudando en tres linguas no sistema público. ¿Cal é o seu modelo, señor Méndez Romeu? Dígoo para adiantar. ¿Andalucía? Teño os datos de Andalucía. A taxa de abandono escolar é cinco puntos superior a Galicia, e a de alumnos por profesor son 12,4 alumnos por profesor en Andalucía e en Galicia 10,1. Supoño que estará vostede de acordo con isto.

Señoría, cando vostede di que minto dando os datos do presuposto, permítame simplemente tres datos.

Mire, no ano 2009 o presuposto da dependencia eran 137 millóns de euros, no ano 2013, 275; no ano 2009 a risga tiña un presuposto de 22,8 euros, no ano 2013, 32,7; e no ano 2009 os comedores –que vostedes non necesitaban que ningún fora cun bocadillo– investían 18,7 millóns de euros, e nós 27,8. ¿Para que tanta demagogia, señor Méndez? Pero ¿non se dá conta de que nos coñecemos todos, que todos sabemos mirar as cifras e todos sabemos explicarlle á xente, mirándoa aos ollos, a verdade? ¿Por que di vostede que nós estamos restrinxindo o que estamos ampliando? ¿Por que di, señor Méndez, que non é certo o que estamos a dicir, cando estou dando datos dos presupostos de Galicia?

Señoría, ¡claro que creamos máis prazas de benestar! É certo, señor Méndez, vostede o sabe. Creamos un 44 % máis de prazas de centros de día e de residencias da terceira idade. Atopámonos con 19.000 persoas que cobraban a Lei de dependencia, e hai 39.000 persoas que están cobrando a Lei de dependencia todos os meses en Galicia, a pesar da crise económica.

Señoría, vostede sabe que á risga, cando vostedes estaban, se dedicaban 10 millóns de euros menos. E vostede sabe, señoría, que se incrementaron un 61 % as persoas que cobran a renda de integración social en Galicia. ¿Por que? Porque estamos destinando diñeiro e non nos chega, señor

Méndez, ¡e non nos chega! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, claro que vostede teña a seguridade de que nos asuntos do benestar estamos á disposición do Partido Socialista Obreiro Español.

Hai algunha deputada que me pregunta onde están. Se quere copia, señoría, temos 24 centros de día aquí, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 6 residencias e 49 escolas infantís. Pois nada, señoría, á súa disposición. (*Aplausos.*)

Señorías, en fin, espero, señor Méndez Romeu, que os datos que acabo de dar polo menos o tranquilicen desde o punto de vista de que estamos no mesmo camiño, orientados a blindar os servizos públicos, a pesar da caída abrupta dos ingresos das administracións públicas.

Señoría, non sei exactamente a que se refire vostede cando di que hai que incrementar a presión fiscal pero temos moita presión fiscal. Pois estou convencido de que en algo temos que concretar. Mire, nós baixamos os impostos por un valor de 116 millóns de euros e beneficiaron a 170.000 galegos e galegas –teño a lista, se vostede ten interese en coñecela–. Vostedes, cando estaban no Goberno, non soamente non subiron as rendas altas, o imposto da renda, baixárono, e, cando estaban no Goberno, non só subiron o imposto do patrimonio, eliminárono. E agora vén vostede dicirme que hai que subir os impostos ás rendas altas. Señoría, o que si lle digo é que para nós o prioritario é rebaixar os impostos ás rendas baixas, e por iso hoxe acabamos de comprometer que Galicia será a comunidade autónoma con menor imposto da renda das persoas físicas nas rendas baixas, moito máis que onde gobernan os socialistas. E por iso, señoría, creo que tamén nos podemos aproximar nese asunto, porque a vostede lle preocupan as rendas baixas, e a min tamén. Se quere despois falar doutras cousas, poderemos falar, pero que ben nos virían agora os 15.000 millóns de euros das acerías, ¿verdade, señor Méndez Romeu? Que ben nos virían agora os 6.000 millóns de euros do cheque bebé e os 400 euros que eliminaron da renda ás maiores rendas do país. ¿Verdade que eses 22.000 millóns de euros virían moi ben para rebaixar o déficit público en España? Estou convencido de que vostede está de acordo comigo.

Señor Méndez, remato. No tema das universidades, sabe vostede que estamos dando máis becas que o resto, e sabe

vostede tamén que puxemos as taxas universitarias da primeira matrícula máis baixas de España, e creo que debería de valoralo.

Señor Méndez, dime que gastamos moito na Televisión Galega, di que gastamos 103 millóns de euros. Non, señoría, gastamos 90. É verdade que gastamos 43 millóns de euros menos do que gastaban vostedes. E a pregunta é: se vostedes gastaban 43 millóns de euros máis, ¿que me imputan, señor Méndez?

Agora ben, neste momento a TVG é a segunda canle máis vista en Galicia e é a líder dos informativos en Galicia; supoño que os galegos a verán, porque, dende logo, vostede e eu a vemos pouco. O que si lle digo é que sería bo poñernos de acordo tamén nisto, se é posible, en fusionar os entes, pasar de tres a un e despois poñernos de acordo. ¿Vostede quere unha diminución drástica da plantilla da Compañía de Radiotelevisión galega? Dígao. ¿A vostede lle parece moito 90 millóns de euros de presuposto? Diga exactamente que propoñía. Creo que ben vale a pena ofertar ese asunto.

Por último, señor Méndez Romeu, sobre as caixas, se quere falamos das caixas, pero non creo que debamos neste momento perder moito tempo, porque houbo unha comisión de investigación. Hai alguén que me pediu unha comisión de investigación de Angrois e despois non participou na Comisión de Investigación das Caixas. Pero, bueno, como é natural, esa é unha actividade e unha actitude parlamentaria que eu non comparto —e non me refiro ao Partido Socialista Obreiro Español—.

O que si lle digo é que vostede tiña que saber moito de Caixa Galicia, señoría, porque a controlaron cando estaban no Goberno e formaban parte do seu consello de administración os principais cargos socialistas do Concello da Coruña. En consecuencia, sobre a situación de Caixa Galicia, probablemente vostede me poida dar máis información da que teño eu, porque, cando cheguei, como vostede sabe, estaba, segundo o gobernador socialista do Banco de España, nunha situación de suspensión e había que intervíla. Vostede sábeo igual ca min, estivo cinco anos no Consello de Administración de Caixa Galicia, supoño que ten información da caixa. E o que si lle podo asegurar é que vostede sabe que fixen todo o posible para poder estar discutindo agora do que temos que facer co sistema financeiro e cun banco domici-

liado en Galicia. Se non o chego a facer, señoría, isto agora non estaría enriba da mesa.

Si, remato, señoría, dicíndolle que, das propostas que me fixo, a de facer un banco público, esa é unha proposta vella do BNG; e non digo vella no mal sentido do termo, senón que leva facéndoa dende que eu veño polos pasillos do Parlamento, antes de ser deputado, simplemente sendo alto cargo da Consellería de Sanidade, despois como membro do Goberno e agora como presidente da Xunta. Non creo, señoría, que vostede me estea plantexando isto en serio, porque sabe perfectamente que as entidades nacionalizadas teñen que devolverse ao mercado e sabe perfectamente que temos que recuperar parte do diñeiro que puxemos. E por iso eu espero, señoría, que non me plantexe vostede isto en serio porque sabe que non hai capacidade ao respecto.

Dime vostede que non ampliamos a investigación, a innovación. ¡Señoría, pero se foi o ano que máis investimos en innovación, no ano 2013! Señor Méndez, ¿quere que lle dea os gastos exactos que investiui o bipartito? —Lamento ter que facer esta ampliación da intervención; señoría, mentres vou falando, vounos buscando para non interromper ao resto dos deputados.—

Mire, señoría, cando vostede me di nada máis e nada menos que o prezo do leite está subindo en Europa é certo, pero, cando baixaba en Europa, a culpa tiñámola nós, e, cando sobe en Europa, supoño, señoría, que, se eramos culpables, agora seremos menos culpables. Pero, cando ocorre algo fóra, é porque ocorre fóra e vai ben e, cando ocorre algo mal fóra, a culpa en Galicia a temos nós. Non creo que esa sexa unha forma de plantexar unha proposta razoable, vostede sabe que non o é.

Mire, señor Méndez Romeu, o turismo. A min gustárame concretar os datos, pero, sobre todo, non os datos meus, ou seus, que tamén, e, se non, fale vostede cos hostaleiros, fale vostede cos das Rías Baixas, cos das Rías Altas, fale vostede nas cidades e mire vostede a ocupación con respecto ao pasado exercicio.

E, por último, gustárame simplemente dicir, señor Méndez Romeu... Non por nada, senón simplemente por concretar, porque ás veces, evidentemente, ninguén está sometido á posibilidade de non cometer erros, e eu son o primeiro que

os comete. Pero eu, simplemente, lin a denominación exacta que plantexa a lei, e a Lei é a 11/2007, a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. E di, no artigo 49: “...la creación del Centro de Recuperación Integral de las Mujeres que Sufren Violencia de Género”. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, estou convencido de que no bipartito había problemas de comunicación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Imos esperar un segundo polo señor Jorquera, que coido que vai entrar xa. (*Pausa.*)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, o que está claro é que a súa verdadeira vocación é exercer de oposición da oposición; adícalle moito máis tempo e esforzo que a gobernar.

Permítame que sexa sintético. Dispoño nada máis de dez minutos e na súa réplica tocou tantos aspectos que inevitablemente teño que resumir ao máximo.

Sector naval. Pídlle un favor, sobre todo se fala da actuación do BNG no Congreso dos Deputados, e en particular me menciona a min cando eu era deputado no Congreso dos Deputados, non fale de ouvido. Mire, o BNG foi sempre enormemente crítico cos incumprimentos do Goberno Zapatero, como fomos moi críticos no xiro antisocial das políticas daquel goberno e exercemos unha oposición contundente. Pero ¿sabe cal é a diferenza? Que as mesmas propostas que o BNG levaba ao Congreso e que vostedes votaban a favor cando gobernaba Zapatero pasaron a votalas en contra cando gobernou Rajoy. (*Aplausos.*) Dou fe, que aínda era

deputado en Madrid; dou fe, as mesmas, as mesmiñas; ao mes seguinte do cambio de goberno no Estado xa as votaron en contra.

Pero, mire, do sector naval é que non contestou nada, agás tirar balóns fóra. ¿Demandou do Goberno central que exixa o levantamento do veto de Fene?, ¿que se levanten as restricións a Navantia para poder operar na construción naval civil? ¿Que hai do seu compromiso de dotar a Ferrol dun centro de reparacións do naval? ¿Que pasa cos contratos de Pemex, señor Feijóo? Non contestou a nada diso. E fixo unha crítica á política comercial de Navantia. Pero, mire, este Parlamento, froito dunha iniciativa lexislativa popular, aprobou unha lei do sector naval que habilita á Xunta –dado que Navantia é unha empresa pública que opera no noso país– a reclamar participación nos órganos reitores de Navantia, e vostedes non o exercen, cando é fundamental que o Goberno galego teña presenza nos órganos reitores de Navantia para que na súa política comercial se teñan en conta os intereses deste país. Se facemos caso da súa intervención, habería que concluír que o naval, os traballadores, están todos os días na rúa para felicitalo a vostede pola súa extraordinaria xestión.

Exemplaridade da política. Mire, non busque comparación, señor Feijóo, porque, aínda que é certo que unha imputación non presupón a culpabilidade, o BNG ten unha norma: ante calquera imputación por presuntos casos de corrupción, calquera cargo público do BNG dimite inmediatamente; en cambio, vostede é presidente non só de Galiza senón do Partido Popular de Galiza e vai camiño –o Partido Popular de Galiza– de figurar no *Libro Guinness* dos imputados. Pero, ademais, vostede falta á verdade, señor Feijóo, di que non hai ningún imputado no Goberno. Os delegados territoriais forman parte da estrutura do Goberno, e o delegado territorial de Ourense está imputado. (*Aplausos.*)

Desafiuzamentos. Vostede presume de que atenderon 25 casos. ¿Sabe cantos desafiuzamentos se produciron entre xaneiro e xullo en Galiza, segundo o Consello do Poder Xudicial? Tres mil dezaseis ao día. Estes son os datos, señor Feijóo, dado que quería datos.

Infraestruturas. Vostede volve facer de oposición da oposición. Ao que non respondeu é a que pasa agora coa conexión ferroviaria de Ferrol e coa conexión ferroviaria de Lugo. ¿Que pasa? Que non se vai facer, señor Feijóo.

Comedores. Mire vostede, en primeiro lugar, vostedes elevaron o prezo nun 40 % dos comedores escolares. En segundo lugar, a súa progresividade consiste en que pagan igual os que cobran 9.000 euros que os que cobran 90.000. E vostede establece unhas comparacións co anterior Goberno total e absolutamente fóra de lugar, porque, mire, todos os comedores vencellados ao uso do transporte público eran gratuítos, e non me compare a situación social daquela e a de hoxe, con tanta xente en paro e tanta xente en perigo de exclusión social; non é comparable.

Preferentes. Mire, a realidade é que hai 600 millóns que aínda non foron devoltos, que pretenden ser roubados. E todo o que se conseguiu foi grazas á mobilización, á presión dos afectados, non pretenda vostede vendernos outra cousa.

Caixas. Foron vostedes os que romperon o acordado, señor Feijóo, en primeiro lugar, aceptando unha modificación da Lei de caixas imposta polos antigos xestores desta entidade para que pilotasen o proceso de fusión á medida dos seus intereses, unha modificación da Lei de caixas á medida dos intereses dos sátrapas que levaron esas entidades á ruína; despois pactando reformas legislativas no Estado que abocaron ao escenario de privatización e bancarización de todo o sector financeiro; e, por último, aceptando a venda de Novagalicia Banco e ademais dicindo cousas como que en Europa non pode haber unha entidade pública, na Alemaña, e que na Alemaña non hai entidades públicas. ¿Sabe cantas entidades financeiras públicas hai en Alemaña, señor Feijóo? ¡Trescentas!, 300 entidades financeiras públicas (*Aplausos.*) en Alemaña. Documentese, señor Feijóo.

Vostede di que non pode exercer a insubmisión, e xustifícao dicindo que o seu deber institucional é defender o Estatuto. ¡Pero se están violando o Estatuto todos os días! ¡Deféndao, deféndao! iso é o que lle pedimos, (*Aplausos.*) que o defenda, que utilice os instrumentos legais que ten na súa man, como presentar recursos de inconstitucionalidade. E, por certo, ¿non hai comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular que se están negando a aplicar moitas medidas porque consideran que son lesivas para os intereses dos cidadáns e ademais representan unha invasión de competencias? E vostede, en cambio, a todo di amén. Esa é a realidade.

Canon eólico. Mire, por favor, falemos con rigor. O anterior modelo, o que defendía o anterior Goberno, o que con-

templaba era unha participación pública (*Aplausos.*) nos parques eólicos como mecanismo de retorno á sociedade, o feito de que se aproveite un recurso natural de todos os galegos e as galegas, como é o vento.

En segundo lugar, sabe vostede que o canon mineiro xa estaba contemplado na Lei de minería que impulsou o BNG naquel Goberno, e que non deu tempo a desenvolver, porque houbo –porque así o decidiron democraticamente os galegos, non digo o contrario– un cambio de goberno, pero xa estaba contemplado. Pero é que vostede, ademais, deixa sen contestar o fundamental: ¿acepta a pretensión do Goberno central de que repercuta na tarifa eléctrica que pagamos todos os galegos o custo do canon eólico establecido polo seu Goberno? Non dixo nada a ese respecto, señor Feijóo.

Demografía. Mire, señor Feijóo, hai un dito que é que hai mentiras pequenas, hai mentiras grandes e hai estatísticas. Eu invítoos a que lea o informe do Instituto de Economía, Xeografía e Demografía do CSIC –tamén estamos a falar dun instituto oficial– que demostra como a cifra de emigrantes habida nos últimos anos no Estado español e en Galiza –a que reflicte o INE– é moi inferior á realidade. Pero é que, ademais, vostede pretende negar algo que todas as persoas deste país poden constatar empiricamente, porque o vemos nas nosas familias, nos nosos centros de traballo, no noso entorno social, e é como cada vez emigran máis mozos porque non teñen futuro neste país. (*Aplausos.*)

Pobreza. Mire, os datos que aportei en nome do Bloque Nacionalista Galego son datos de Cáritas, Cáritas Diocesanas, señores do Partido Popular: 650.000 galegos e galegas en situación de pobreza; un de cada catro galegos.

Catálogo de medicamentos. Resulta que o diñeiro aforrado tiña que ir destinado a mellorar o sistema sanitario, e vostedes incumpriron ese acordo. De novo estamos ante un incumprimento dun acordo.

Cultura. Señor Feijóo, vostede falaba de datos, vou dar datos. Axuda para a promoción do talento audiovisual galego: 60.000 euros, a mesma cifra que en acondicionar expositores na Cidade da Cultura. ¿Saben canto gastaron vostedes en traer o Circo do Sol? –que non nos parecería mal noutro contexto no que non houbera que facer estas restricións– 215.000 euros. ¿Sabe canto gastaron no concerto de Björk?

Medio millón de euros. Ese é o seu apoio real á cultura galega. (*Aplausos.*)

Financiamento. Mire, o que dixo vostede de Euskal Herria –se tivera un pouquiño máis de tempo podería determe nesta anécdota– recordoume –e matizo que me merecen un extraordinario respecto os profesionais da Televisión de Galicia– unha anécdota protagonizada por un comentarista deportivo da TVG. Houbo unha época na que o Atlético de Bilbao contaba cun xogador que se chamaba Lizarazu, que era vasco, vasco-francés..., vasco. E vai o comentarista e di: “...o Atlético de Bilbao, que, tendo a Lizarazu, rompe a súa política histórica de contar con xogadores vascos... ¡Ai!, non, non, perdón, que é vasco, é vasco-francés; ¡ai!, non, é francés; non, é vasco...”. Mire, Euskal Herria existe, pertencía unha parte ao Estado español ou pertencía unha parte ao Estado francés. Euskal Herria existe.

Pero, efectivamente, eu referíame ao modelo de financiamento do País Vasco e de Navarra. ¿Pero cal é o problema, señor Feijóo?...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: Que o BNG desglosou aquí unha proposta e o porqué. Aínda non coñecemos a súa proposta. ¿Ten proposta o Goberno de Galicia respecto do modelo de financiamento que necesita este país? (*Aplausos.*)

E conclúo xa, porque teño que concluír.

Vostede apela ao diálogo para que sexan posibles acordos. O BNG neste debate puxo sobre a mesa multitude de propostas: asegurar a pervivencia de Novagalicia Banco como entidade financeira independente, que só é posible transformándoa nun banco público galego; un novo sistema de financiamento para o noso país; reformas fiscais realmente xustas e progresivas; tarifa eléctrica galega; que se demande do Estado –porque é competencia estatal– que se estableza unha quita ás hipotecas bancarias; que exista unha solución global e definitiva aos estafados polas preferentes, aos emigrantes retornados; que se volva ao consenso do Plan xeral de normalización lingüística; que se presente recurso de inconstitucionalidade contra o Decreto lei que castiga as enfermidades crónicas... A todo dixeron que non.

Señor Feijóo, conclúo eu tamén facéndolle unha petición: para dialogar, hai que escoitar. Por tanto, pídolle que abandone a arrogancia, a prepotencia, e que escoite, que escoite as forzas da oposición, porque tamén representamos os cidadáns, e que escoite a rúa. Para dialogar, escoite, por favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas. Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Señorías.

Vostede, señor Núñez, saíu hoxe aquí para me provocar, pero non lle vou entrar, porque, contra o que poida parecer, eu só me deixo provocar cando quero e me interesa. (*Murmurios.*)(*Risos.*) É porque non quero abusar de vostede, (*Risos.*) nin que acabe vostede –dialéctica e metafóricamente, claro– nun hospital. (*Murmurios.*) Por iso non lle vou aplicar os adxectivos que escribiu Eduardo Pondal nunha das estrofas do seu poema “Os pinos”, que é letra do himno nacional de Galiza, porque, se llos aplicase dende esta tribuna, pois diríame que o estou insultando.

Antes dicía, pola mañá, ou hai un pouco, que aquí non se poden utilizar adxectivos –están no dicionario, están na literatura– porque se consideran insultos, pero é moi significativo que cando vostede fixo o relatorio de léxico meu, así, apresurado –parece ser que escandaloso–, non se decatou de que era simplemente a tradución ao galego de léxico que está no *Tirano Banderas*, de Valle-Inclán, e tamén en *Lucas de Bohemia*. Recoméndolle que os lea, e entenderá ata que punto o seu nivel de incultura fai imposible que se poida dialogar seriamente con vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, vostede é unha persoa moi culta, si, aprendeu o Código civil e esas cousas... (*Risos.*) Cando era estudante, pasou moito tempo intentando catequizar un dos máis importantes líderes dos CAF recién nacidos para que entrase no Opus Dei –contábamo a min despois–. Íalle ás asembleas, pero despois dicíalle: Tes que meterte no Opus, tes que... (*Risos.*) Ata que lle dixo: Déixame en paz, porque xa está ben. ¿Verdade? (*Murmurios.*)

Ben, é vostede tan culto, coa prudencia propia das persoas cultas, que unha vez pola radio dixo que Picasso era cata-

lán. Supoño que os malagueños do PP bufarían. (*Murmurios.*) Si, díxoo vostede, está gravado. Algo así como aquilo de... ¿como era?, dun predecesor na Consellería de Cultura: “Carmina Burana”, que era unha gran cantante galega, non eran os *Cármina burana* daquel señor.

De todas maneiras, ten vostede máis veneno que un ofidio, pero fanado. (*Risos.*) Pero é a segunda vez que vostede agride aquí a miña intimidade e integridade como ser humano, cousa que eu nunca fixen con vostede. (*Protestas.*) Xa se ve. E non haberá unha terceira ¡eh! (*Murmurios.*)

Se eu quixese ter poder, hai moito tempo, se Ernest Lluch vivira –foi vítima dunha das formas de barbarie, naquilo de Larra: “*Aquí yace media España, víctima de la otra media* –o matada por la otra media–”, o meu amigo da alma, Ernest Lluch, desde os anos sesenta, podería testemuñalo. E xa que estamos nunha especie de “*mecachis que guapo soy, y a caballo que bien estoy*”, que é o que fai vostede, eu non son menos, porque tamén fixen oposicións a cátedra –vostede non, pero non é un demérito–. Eu, se quixese poder, puideren telo no primeiro Goberno do PSOE do Estado, pero eu son un perdedor, xa o dixeron por aí. Claro, ¿como non vou ser un perdedor se apostei por estar do bando dos perdedores?; é dicir, dun pobo que leva séculos sufrindo derrotas por xente coma vostede, (*Aplausos.*) por cipaio coma vostede, dende Mudarra e Chinchilla e a doma e castración de Galiza. É que parece que a historia non se move. Móvese, pero en espiral, e os que non teñen visión tridimensional e só ven plano pois pensan que é un círculo, por iso din que a historia sempre se repite. Non é verdade, e acabará con vostedes.

O seu método é patente. Tanto acabará con vostedes que, mire –non o fago eu nunca, cousas como esta–, acabo de recibir un correo electrónico dunha persoa que di –ademais en español, e non é un forofo *del nacionalismo separatista, independendista, soberanista* e non sei que máis lerías, e menos un amigo de Antón Santos, que está na cadea, ¿non?–: “*Estimado señor, reciba mi más sincera felicitación por su sensibilidad con el pueblo y con los que sufren. Toda mi vida me he sentido tendente a la derecha, siempre he votado al PP. Mi decepción es tan grande con este partido que nos está llevando a la ruina que supongo que ni mi familia ni yo le volveremos a votar. No hay más que amiguismo. Han llenado la Administración de ineptos enchufados. Ellos siguen felices, viendo como la sociedad se desangra. Gra-*

cias por lo que hace usted por los ciudadanos de Galicia.” (*Murmurios.*) Bueno, xa ve, os froitos que ten vostede coa súa soberbia.

Pero é máis, é que co seu método de difamación, de deturpación e de calumnias pílase antes un mentirán que un coxo, seica se di. O das deputacións –léolle textualmente o que eu dixen, porque o lin–: “Todo poder para as deputacións, que historicamente sempre foron, e nas mans de vostedes seguen a ser, as covas de caciques desaprehensivos, que denunciaba Castelao”. Así que non todas as deputacións.

A min o señor Besteiro paréceme que é unha persoa decente, ¿comprende?, a diferenza de vostede. (*Risos.*) (*Murmurios.*) É unha persoa decente. Eu o que dixen, e vostede detúrpaio, como retorce todo, porque non ten vostede moral nin ética, carece absolutamente de principios, é un desclasado, acomplegado da súa orixe, que cre que os demais somos señoritos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero recórdolle que debe ler *Os camiños da vida*, de Castelao, e saber cando falaba dos fidalgos progresistas e mesmo anarquistas e non da patulea, que só quería medrar e gabear na sociedade como fose, que é o que leva facendo vostede toda a vida.

Non me metín nunca coas súas orixes. Non podería face-lo, eu respecto as persoas. Pero o respecto hai que gañalo, como a credibilidade, e vostede leva moito tempo a botar por terra o respecto que podía ter, por iso non o merece, ¡e non o ten! Non o ten dos cidadáns, que adoptan a actitude e a dignidade de estar cos perdedores, se é necesario, e non cos que esmagan a xente, que menten e que non reparan en calumniar, que é a arma dos chantaxistas.

Mire, non quero estenderme e intentar razoar con irracionais, pero só vou facer un pequeno ensaio, porque é moi importante. Cando vostede fala... Se quere, despois seguí-molo falando, tomando un café, porque me parece que vostede en facenda pública foi alumno do profesor Puy... (*Risos.*)

A falacia do custo da sanidade pública e da privada. Vostedes sempre falan do custo da sanidade pública, da que pagan as finanzas públicas, pero para a sociedade o custo da sanidade é o custo da sanidade pública e privada. A diferenza é que a pública é gratuíta, é dicir, para todos os cidadáns

—os de arriba e os de abaixo— e finánciase con impostos progresivos que redistribúen renda, e a privada teñen que pagala incluso aqueles que non teñen cartos, e, se non, non a teñen. Esa é a diferenza. Ese é un logro da humanidade que vostedes queren botar por terra. Son un retorno ao troglodita, é o que pretenden vostedes, si, exactamente. E é unha falacia. Ou son ignorantes, ou non saben nada de facenda pública, ou menten adrede para que a xente que non ten capacidade de ser informada sobre que pasa cos cartos da sociedade na sanidade pense que vostedes están facendo solvencia pública.

E vou rematar. Só rematarei con dúas anécdotas porque veñen ao caso despois de escoitalos a vostedes. Unha é unha anécdota —en realidade un chiste— que se contaba cando Fraga Iribarne era ministro de Información. Era un viaxante de comercio que percorría pola súa profesión toda a Península, todo o Estado, lía nos periódicos inaugurouse tal pantano, fíxose tal cousa... e logo chegaba aos sitios e non había nada diso —como vostede cos hospitais que din que xa construíron e non están, etc.—. E entón decidiu ir visitar o ministro de Información. Foi ao Ministerio de Información, Fraga Iribarne recibiu-no, e cando lle contou iso, que vostedes din, e tal, e eu viaxo e non vexo nada, ¿sabe que lle dixo? ¡Menos viajar y más leer los periódicos! (*Risos.*) E vostede dilles aos cidadáns: ¡Menos viajar y más leer los periódicos! E os cidadáns din: ¡Estou farto de ler os periódicos que contan as mentiras que vostedes din!

Segunda anécdota. O médico de Muxía e un paciente amigo seu. Contáramo Gonzalo López Abente, o poeta parente e descendente de Pondal e tío dun íntimo amigo meu que morreu xa, de Gustavo Balboa. Era un médico de Muxía moi campechano, que moitas veces o que pasaba é que firmaba receitas no papel de fumar, logo, antes de entregalas, liaba o pitillo e queimaba a receita ao fumar o pitillo. E nunha ocasión un dos pacientes que enfermara gravemente era moi moi amigo del e foino visitar. E nunha das veces que o ía visitar o pobre do enfermo estaba nas últimas practicamente, pero, claro, el, como era amigo, empezoulle a dicir: mira, Manoliño, tes o fígado ben, tes o corazón ben, tes os bronquios ben e os pulmóns, tes o páncreas... E vai o amigo e dille: Eduardo, ¡resulta que vou morrer completamente san! É o que lle vai pasar a Galiza con vostedes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Beiras.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente. Señorías.

Señor Núñez Feijóo, eu tamén lle agradezo o ton cordial, o ton construtivo; mesmo algunhas maldades que vostede me dirixiu hai que entendelas dentro da lóxica parlamentaria. Non teño tanto tempo como vostede, por tanto, non podo entrar nalgunhas cuestións. Pero, se necesita información sobre algún dos extremos que lle preocupan, ao mellor incluso podemos axudalo.

Mire, *traduttore, traditore*. Quen traduce, traizoa. Eu non falei aquí de que Novagalicia Banco quedara como un banco público, iso díxoo vostede. O que defendemos aquí é que seguira existindo unha banca comercial privada, no sector privado. Son vostedes os que agora a van sacar do sector público ao privado, pero fóra do país. Son vostedes —e vostede de xeito moi directo— os que renunciaron a manter unha entidade financeira galega. Esa é a situación, e as consecuencias vainas pagar sobre todo o mundo empresarial galego.

Sen dúbida deron moitos avais, moitos préstamos; o Goberno anterior aínda deu máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, repase as cifras. E sobre todo atopou tempo para atender o sector do audiovisual, porque todo o que se estrea hoxe vén de alí. Mire as cifras do Igape, que llas pase o conselleiro.

I+D, ¿que lle vou facer, señor presidente? Sobre o PIB en Galicia avánzase e a partir de 2009 retrocédese; é o que hai, baixaron un terzo. Mire as liquidacións orzamentarias, mire o número de investigadores ou pregunte simplemente aos interesados.

Sobre o xogo das estatísticas, evidentemente, poderíamos pasarnos toda a noite discutindo, vostede colle as que lle interesa. Eu faleille sempre de datos EPA —datos EPA— de cando chega vostede, da EPA de hoxe; é o que hai. Vale con outra, pero o paro con vostede está fóra de control, medrando de xeito continuado; ese é o dato.

O orzamento, bueno, é outro caso interesante de como se poden discutir as estatísticas. Vostede cando lle interesa fai o orzamento non consolidado e desconta o gasto financeiro, o pago da débeda, como se iso non houbera que pagalo. Eu faleille de orzamento consolidado. Compare as cifras e non chega vostede ao 80 %; é lamentable pero é así.

E, finalmente, este debate resúmese nunha cuestión moi simple: ¿é que a xente vive mellor que hai cinco anos ou non? Este é o tema. Vostede di que hai un ano foi lexitimado polas urnas. Segue sen contestarme á pregunta: ¿viven igual, mellor ou peor?

¿Non ten imputados? Bueno, vexo aquí algún, arriba, na tribuna. En fin, ¡vostede saberá!

AVE, oiga, AVE. (*Risos.*) Pero, señor Feijóo, vostede prometeu un AVE a Lugo e Ourense co diñeiro da Xunta. Foi vostede, ninguén máis. ¿Xa se esqueceu tamén?

Lei electoral. Claro, Merkel, lei electoral. Oiga, vostede que quere cambiar a lei electoral unilateralmente, faltando ao básico compromiso dunha entidade democrática, ¿que quere?, ¿impoñer tamén que o que non teña maioría absoluta vai ter un plus para que vostede poida gobernar indefinidamente? Non podo crer que estea pensando niso. ¡Vostede non pode ter tal falta de conviccións democráticas! Falaremos disto probablemente en días vindeiros.

Anticorrupción. Mire, eu xa pasei por riba na primeira intervención. Non quería facer disto o eixe do debate, pero, xa que vostede se mete no tema, ¡vostede mesmo! Creouse unha Comisión contra a corrupción neste Parlamento por iniciativa deste Grupo Socialista; esa comisión está paralizada hai meses. Nesa comisión vostede negouse a comparecer, malia que había asuntos en Galicia dabondo notables como para, polo menos, ofrecer unha explicación. E agora mesmo estase producindo o abandono dos grupos. Este grupo non abandonou a comisión por mero sentido da responsabilidade e porque sería difícil de explicar, pero, oiga, ¡téñena bloqueada! ¿Que problema teñen vostedes con este tema?

Bueno, eu fíxenlle un plantexamento moi simple. ¿Están dispostos a pactar algo sobre a caixa, que siga sendo privada pero banco en Galicia, Novagalicia Banco? ¿Está disposto a pactar un plan de emprego? Fíxenlle unha proposta e non contestou porque vostede non quere falar do desemprego, pasou por riba. Pode botar todo o que queira en contra do Goberno que perdeu as eleccións –seguindo a súa propia lóxica, xa está deslexitimado polo resultado electoral–, pero, oiga, cando fale do Plan E e fale das beirarrúas, tampouco se trabuque –ou pregunte aos seus alcaldes–, porque con ese

plan –era un plan anticrise, un plan anticíclico– puideron traballar 800.000 persoas.

Seguridade social. ¡Oiga, que isto é moi forte! Mire, evolución do Fondo de reserva da Seguridade Social durante os gobernos socialistas de España. Aí o ten, sempre para arriba. E dende que chegaron vostedes está baixando. Isto é o que hai. Si, señor Feijóo, isto é o que hai: había 66.000 millóns e a ministra Báñez cada mes mete man nesa caixa. Bueno, ¡así están as cousas!

Pero eu non quero rematar sen falar de algo que me parece extraordinariamente procedente e sobre o que vostede tamén dixo algo na primeira intervención. Vostede nunca lle protestou ao señor Rajoy polas políticas regresivas, polas políticas de destrución da estabilidade laboral nin polas políticas de modificación a fondo do Estado do benestar. Pero tampouco vostede está protestando agora diante da irresponsable política territorial. Porque ¡claro que sabemos da deriva secesionista do nacionalismo catalán!, ¡claro que sabemos do que hai aí de interesado e do que hai aí de emocional!, e tamén do que hai de substrato racional. E vostede, que é un alto dirixente do Partido Popular de España, ¿que lle aconsella ao señor Rajoy cada semana? ¿Que siga tensionando?, ¿que siga provocando ese pulso a ver quen leva a bandeira máis grande á rúa, etc.? Non, así non se vai resolver o problema. Se hoxe a situación territorial en España está peor que hai un ano, en parte ten que ver co tancredismo tradicional do señor Rajoy; as cousas non se arranxan soas, hai que ter unha posición proactiva. E hai que ter unha posición proactiva porque a Galicia lle vai moito neste asunto. Primeiro, para defender a estabilidade de España, pero tamén para defender os nosos intereses territoriais. ¿Ou acaso dunha mala solución do novo financiamento autonómico non se van derivar problemas para Galicia? ¿Ou acaso non estamos perdendo xa contías importantes no financiamento co actual sistema polo efecto da crise e nas transferencias finalistas?

Señor Feijóo, para falar de Cataluña hai que falar dun xeito proactivo, buscando a integración, e sendo conscientes de que Cataluña é moi importante para todos, tamén para nós; é o 18 % do PIB de España.

E fai falta pedagogía política cos cidadáns. Eu cando me queixo aquí da Televisión galega é precisamente de que non

cumpre ese obxectivo. Sen dúbida terá moito ocio e, sen dúbida, dará moitas informacións que lle interesan ao Goberno; pero quen queira enterarse da grave situación territorial hoxe en España non o vai poder facer a través da canle pública que vostedes sosteñen. E iso ten que modificarse, porque é importante crear nos cidadáns unha conciencia do que está en xogo e facelo ademais lonxe de posicións interesadas en obter réditos electorais. ¿Ou teño que lembrarlle, señor Feijóo, como gobernaban vostedes cando non tiñan a maioría suficiente? Daquela todo o mundo valía; valía o PNV ou valía CiU. Entón hai que ter unha visión da política de España máis integradora. E vostede, dirixente importante do Partido Popular, ten unha enorme responsabilidade.

E unha última consideración. Vostede falou tamén na primeira intervención sobre o problema dos concellos. Bueno, ¿realmente cre en serio que os problemas locais de Galicia se arranxan coa fusión de dous pequenos concellos rurais? Por certo, un ano máis tarde, ¿economías de escala, postos de traballo creados, investimentos empresariais producidos...? Xa lle contesto, ¡nada! Por certo, mesmo está recorrida xudicialmente, ¡só faltaría que se actuase dese xeito! Recorrida xudicialmente porque había materia dabondo.

Ben, os municipios galegos, señor Feijóo, non son un problema. Vostedes, en cambio, no gran problema que é a reforma da Lei de bases, ¿van seguir mantendo a ultranza esa postura de desposuír e expropiar os concellos do seu abano de competencias? ¿Ese é o modelo que vostede propón? De cara á galería, impulsemos a fusión de concellos onde non ocorre nada se se fusionan, e que non teñen ningunha relevancia nin na débeda nin no déficit. E, en cambio, de cara ao Estado, propoñamos un modelo de expropiar, de poñer en valor as deputacións, que non están en condicións de asumir a carga deses servizos, e, polo tanto, de dar pasos acelerados cara á privatización dos servizos públicos locais. ¿Ese é o modelo que vostede plantexan? Que non llo di o Partido Socialista, que ten todo o arco parlamentario en contra no ámbito local, e sobre iso non lle escoitei ningunha relación.

Señor Feijóo, voume coa preocupación de non ter escoitado de vostede propostas concretas. Sen dúbida que recollemos a proposta de falar e falar sobre o sistema sanitario, e ao mellor entendémonos. Pida, por certo, un informe á señora conselleira de que pasou cos medicamentos hospitalarios, que non está vostede ben enterado. Pero do importante non

escoitamos nada: ¿loita contra o desemprego?, nin contestou. ¿Entidade financeira?, non sabemos. E dos demais asuntos, señor Feijóo, como ve, mantemos posicións cordiais, pero cordialmente confrontadas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta. Boas tardes de novo a todos.

Eu quixera antes que nada deixar ben claro algo porque creo que é importante, que é o compromiso do Grupo Popular, do seu Goberno e do Partido Popular de Galicia cos servizos públicos fundamentais do Estado do benestar, e particularmente coa sanidade.

Eu mencionei, na miña intervención anterior, unha serie de datos que non son datos da Xunta, son datos de organismos, e neste caso citei a Federación de Defensa de la Sanidad Pública —que é un organismo creo que perfectamente alonxado do que nós defendemos—, que di claramente que desde o ano 2010 ao ano 2013 Galicia pasou de estar no posto número quince pola cola no que é a clasificación de calidade da sanidade pública, ao lugar sexto, subindo todos os anos.

Dei tamén algún dato. Eu sei que hai xente á que non lle gusta que se lle compare con outras comunidades autónomas, pero o feito é que entre o ano 2010 e o ano 2013 o Goberno de esquerdas de Andalucía baixou 171 euros de media por habitante o gasto sanitario, e en Galicia foron 86, moi por baixo da media do Estado, de tal xeito que Galicia, efectivamente, ten un dos financiamentos per cápita máis elevados en materia de sanidade.

E reiterar..., eu comprendo que hai persoas que segundo, bueno, pois de quen sexa o que hoxe ocupa un cargo están en niños de víboras —eu non—, pero eu o que si quero que quede claro é que nunca ninguén do Partido Popular dixo nin se lle escoitará —supoño— nesta Cámara dicir que é accesorio que un hospital o xestione unha empresa se o Goberno a contro-

la. Nós nunca imos privatizar a xestión dos hospitais públicos, porque cremos na sanidade pública. Ben, a partir de aquí cada un pode sacar as conclusións que queira, pero, desde logo, o compromiso en defensa da sanidade pública do Goberno de Galicia, do Grupo Popular e, moi particularmente, do señor Feijóo –que disto sabe un pouco e de boa xestión sanitaria– pois é algo evidente. *(Aplausos.)*

Unha vez máis esquecese cando se propoñen pactos que se propoñen dous: un pacto polo emprego e outro que, xa de entrada, é imposible. Xa se explicou aquí claramente que todas as entidades públicas, é dicir, todas as entidades que foron rescatadas con cartos públicos europeos están condicionadas á súa venda e reintegro á sociedade, ao mercado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todas, en cinco anos, si. O que pasa é que hai que aproveitar o momento no que non se aperte un ao final da venda. Iso xa se lle explicou algunha vez, que se vostede ten un prazo para vender pois aproveitará o mellor momento e canto máis tarde en vender máis se ata, ¿non?

Por outra banda, varias veces xa se lles explicou aquí que é moi complicado xestionar unha entidade que sabe que vai cambiar de dono, porque é incapaz de facer plans de prospección, de futuro, etc., e, polo tanto, é razoable que se agora hai –como parece que hai– interese pola adquisición deste banco, que este banco pois se venda, e, se é posible –que é o que nós defendemos–, unha vez que se normalice esa situación, que se manteña como entidade independente.

Pero todos sabemos, polo tanto, que facer un pacto neste ámbito para que non se venda o banco Novagalicia Banco, ademais de ser contraproducente para a propia entidade, ten o problema de que non é viable.

Hai moitas outras cousas. Vostede, que lle interesa tanto a Televisión de Galicia, temos un acordo da pasada lexislatura. Na pasada lexislatura asinamos algúns acordos. Temos un acordo por desenvolver. A propia Lei da Televisión de Galicia, que está a punto de ser transformada, xa están integradas as tres sociedades e creo que nese ámbito podemos chegar a máis acordos, ademais doutros temas institucionais que supoño que o Grupo Socialista terá interese en manter. Tamén o que confiamos é que, cando negociemos algo, pactemos co Grupo Socialista, non nos pase como coa Lei de estabilidade orzamentaria.

Cando gobernaba Zapatero aquí apoiaron a Lei de estabilidade orzamentaria, mesmo a reforma da Constitución, que antes foi mencionada neste debate, e en canto perderon as eleccións o primeiro que fixeron foi presentar unha proposta de reforma da Lei de estabilidade orzamentaria que rompía e rachaba o principio de estabilidade orzamentaria. Nisto sería interesante que houbese capacidade de pactos, como tamén en materia local.

No último debate do estado da Autonomía deuse a circunstancia de que chegamos a varios acordos en materia local. E un deles dicía explicitamente que había que defender as deputacións, sobre todo para que se concentrasen na prestación de servizos e de apoio aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Bueno, pois, evidentemente, o discurso que hoxe escoitamos en relación con estas cuestións non se compadece nada co pacto que asinamos e que foi votado nesta Cámara en relación coa Administración local.

Ben, a min gustaríame citar unhas palabras non referidas a ninguén, e despois direi que son: ignorantes, tiranos, trogloditas, espoliadores, reos de crimes do benestar, ¿cantas máis vítimas para que entren en razón?, incluso mortais, políticas austericidas, crimes sociais das súas políticas, cometen os atracos, partido parasitario, brigada de demolición, comando especial de exterminio –que xa foi retirado, afortunadamente, pola presidenta–, o Parlamento é unha institución penitenciaria, somos reos de crimes contra o benestar, etc., etc.

Bueno, eu non sei se isto é o resultado do buzón dos indignados que montou un grupo político para traer propostas positivas ao debate do estado da Autonomía ou é unha forma de gañarse o respecto da Cámara. Eu sei que distintas persoas en distintas ocasións poden utilizar unha linguaxe máis grossa ou menos grossa. O que si vou facer é o mesmo que fixo o señor Beiras cando o señor Francisco Rodríguez o acusou de desertar do nacionalismo –cousa que estou seguro que o señor Beiras non fixo–. Limitouse a contestar que non contesta a infundios; pois nós tampouco imos contestar a infundios. *(Aplausos.)*

Agora ben, tamén para sentar algunha cuestión básica, vou permitirme recordar a Leo Strauss –isto dígoos para os máis maiores–. Leo Strauss dicía e utilizaba a expresión *reductio ad Hitlerum* para explicar que, cando unha discu-

sión se alonga demasiado, sempre aparecerá alguén que acuse de fascismo ou de nazismo a súa contraparte. Isto foi plantexado e como exemplo posto dunha falacia da asociación e argumento *ad nauseam* porque implica que xa non é necesario máis debate.

Máis para os novos, a Lei de Godwin –isto aplícase ás redes– é unha analoxía –que é a regra das analoxías nazis dun americano que se chama Mike Godwin– que di que a medida que avanza unha discusión na internet, *on line*, a probabilidade de que alguén lle chame a outro fascista ou hitleriano tende a un. É máis, hai algún sistema da internet, concretamente os grupos de noticias –*newsletters*–, que cando alguén lle chama a outro fascista ou hitleriano inmediatamente dá por perdido o debate a quen di iso e inmediatamente se deixa de discutir, porque xa non hai nada máis que discutir.

E todo isto nós o compartimos e entendemos que cada vez que nos chaman isto é porque non hai ningún outro argumento, se se reduce *ad Hitlerum* o debate ou se aplica a Lei de Godwin. Pero, por se acaso, sempre queda o que di Xaquín Marín, o xenial debuxante galego, que o 6 de xullo deste ano publicou unha viñeta na que un dos paisanos lle di a outro: “Canto máis nazi é un, máis nazis pensa que ten ao redor”. (*Aplausos.*)

E con iso vou simplemente rematar recordando que hai un libro moi interesante que se chama *Palabras como puños*, editado por Fernando del Rey, no que colaboran diversos historiadores españois, e no que di concretamente, con relación á Guerra Civil e á etapa da República, que ao igual que noutras partes de Europa a democracia pluralista, concibida como un vehículo para facilitar a alternancia e canalizar o conflito de forma pacífica, non era predilección entre a elite política española, e, de feito, os discursos moderados integradores, baseados na consideración do pluralismo de valores como algo positivo, apenas puideron abrirse oco. A dificultade para asentar un réxime democrático na España dos anos trinta tivo moito que ver co xeneralizado desprezo dos actores políticos cara á cultura liberal do pacto.

Ben, eu creo que hoxe aquí o discurso do presidente fixo exactamente o contrario: abriu desde a perspectiva liberal unha posibilidade de pacto; pactos que queremos facer con todos os grupos que estean dispostos a negociar con nós cun

único obxectivo, que é saír da crise, loitar contra o desemprego e manter os servizos sociais.

Hoxe presentou aquí unha serie de propostas. Ningunha delas foi comentada nada máis que moi paseniñamente por algún dos portavoces. Pero demostrou que hai unha política fiscal que ten unha compoñente solidaria moi importante, que hai un plan de racionalización e modernización da Administración pública, que estamos loitando por conseguir a competitividade da economía, que queremos poñer en valor a Galicia fundamentalmente a través dos recursos que nos aportan a enerxía limpa que se pode producir e a posta en marcha de plans de desenvolvemento da biomasa e, por suposto, abrir Galicia á internacionalización e conseguir con todo isto un crecemento solidario.

Nós practicamos a cultura do pacto. Nós estamos a favor de falar con vostedes e confiamos que ao longo do día de mañá sexa posible darlle a Galicia unha mensaxe de que aquí, ademais de discutir e de escoitar algún cualificativo que non imos á súa vez cualificar, somos capaces de poñernos de acordo no interese da cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta para pechar o debate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

É certo, señor Jorquera, que non se pode comparar mimeticamente o que ocorría no ano 2007 –nin no 6 nin no 5– co que ocorre e ocorreu a partir do ano 2009; iso é certo, sen dúbida. Por iso me sorprende que cando vostede di que non se pode comparar, por exemplo, nos comedores o que ocorría naqueles anos, onde o bipartito adicaba menos diñeiro que nós, e por iso o que me sorprende é que non estea de acordo coa nova política de comedores, dado que non ocorre o que ocorría antes. E por iso me sorprende que unha persoa de esquerdas coma vostede non estea de acordo en que hai pais e nais que poden pagar o comedor escolar. (*Murmuros.*) ¿Ou é que non está de acordo niso? Eu estou seguro de

que está de acordo, e que está de acordo tamén na nova política de financiamento dos libros de texto, e está de acordo dado que mudou a circunstancia de que esteamos incrementando a renda de integración social, máis que nunca. E vostede está de acordo en que apoiemos a máis entidades de iniciativa social, máis que nunca. E vostede está de acordo, aínda que non o dixo, en que lle baixamos o imposto da renda ás persoas físicas dos que menos cobran. Iso non o dixo, pero eu estou convencido de que vostede está de acordo con iso. E por iso nós consideramos que o crecemento, agora, ten que ser un crecemento solidario e por iso o crecemento solidario formou parte de boa parte da miña intervención esta mañá.

Por iso, señor Jorquera, claro que mudaron as circunstancias, e se vostede fora membro do Goberno ou presidente da Xunta, probablemente algunhas das cousas que eu fixen vostede as faría tamén. E non aceptaría en ningún caso que lle digan que vostede non está de acordo coa educación nin coa sanidade, porque –insisto– coñezo a súa capacidade e a súa responsabilidade e sei que iso o faría tamén.

Señoría, defendo o Estatuto; pídemelo que defenda o Estatuto. Estamos a favor, señoría, non fago outra cousa desde que tomei posesión: defender o Estatuto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por certo, benvido ao Estatuto, señor Jorquera. É moi bo defender o Estatuto. Por iso me sorprende que vostede encargue a súa representación a Esquerra Republicana de Cataluña ou a Bildu, que nin leron o Estatuto de autonomía de Galicia nin lles importa onde está Galicia. Por certo, se fora por eles, non tiñamos nin un quilómetro de tren de alta velocidade, ¿verdade que si, señor Jorquera, verdade que si? (*Aplausos.*) Por iso é fundamental, señoría, defender o Estatuto, fundamental.

Señoría, eu alégrome de que estea de acordo co canon mineiro, eu alégrome de que estea de acordo con nós.

Mire, no tema da emigración, se eu chegara a citar a Cáritas Diocesanas, imaxine o que se podía montar. Pero eu agradezo esa estatística tamén, pero eu teño que citar as estatísticas oficiais do Estado e as estatísticas oficiais de Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E por iso, señoría, como me preocupa ese tema, por iso son as taxas universitarias máis baixas de España e por iso temos unha política de becas universitarias por riba das comunidades

autónomas de España, e por iso aprobamos unha Lei do emprendedor, porque cremos que se a algunha persoa lle interesa emprender hai que apoiala desde todos os puntos de vista.

Mire, señoría, vostede di que Euskal Herria existe. Non vou competir con vostede en coñecementos futbolísticos, non, non, non; non o vou facer, porque me vai gañar seguro. Tamén me recorda aquel slogan publicitario: “Teruel existe”, ¿acórdase? Euskal Herria existirá, Teruel tamén din que existe. O que si lle digo é que eu non son francés, eu son español e teño que decidir entre ser francés, portugués ou español. Mire, son español e, en consecuencia, galego. Non sei o que é vostede, pero estou convencido de que tamén é o mesmo. (*Murmurios.*) É da Coruña, galego e español, (*Aplausos.*) e non francés. Euskal Herria, señoría, non sei o que é. O que si lle digo é que deixen de imitar a outros, señoría. (*Murmurios.*) ¡Se vostedes teñen formación e teñen estratexia suficiente para non ter que imitar os nacionalismos insolidarios de España!, que lles importa Galicia nada, nada, señoría, nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E vostede sábeo igual ca min. Agora ben, alá vostede, alá vostede.

Por certo, señoría, cando me din que investimos moito en concertos, ¡home!, señoría, non vou traer aquí o que investían vostedes nesas cousas. O que si lle digo é que nós estamos investindo o 50 % dos gastos de publicidade do que investía o Goberno do BNG e do Partido Socialista, o 50 %. E se vostede saca o Xacobeo 2010, que vostedes non tiveron e nós si, entón investimos unha terceira parte. ¿Que lle parece, señoría?

Entón, señor Jorquera, eu estou convencido de que podemos achegar posturas. Si, interésame a súa proposta nos temas sanitarios, porque creo que é o principal servizo público que prestamos. E temos que tomar decisións nos temas sanitarios. Manter a sanidade pública cento por cento, a favor; que estea financiada por impostos, a favor; que a titularidade e a xestión siga pública, a favor. Señoría, agora imos dotar de financiamento a sanidade pública, é o que me gustaría trasladarlle.

Señoría, eu non rompín o pacto de normalización lingüística, (*Murmurios.*) o pacto de normalización lingüística rompeuno o decreto do bipartito. ¿Para que sacar un decreto se tiñamos o

pacto de normalización lingüística en vigor? ¿Por que? ¿Por que non deixamos o consenso que atoparon vostedes cando chegaron ao Goberno? ¿Por que? ¿Por que non aceptaron o Plan de normalización lingüística, que consistía en que o 50 % das clases se dean en galego e o 50 % en castelán? ¿Por que? Vostedes romperon o Plan de normalización lingüística e nós restauramos o Plan de normalización lingüística, *(Aplausos.)* e iso é o que fixemos, señoría, e iso é o que fixemos.

Agora ben, señor Jorquera, seguro que os problemas dos desafuzamentos en Galicia por suposto que si. Sabe vostede que hai desafuzamentos de moito tipo: hai prazas de garaxe, hai segundas vivendas, hai residencias, etc. *(Murmurios.)* Nós tratamos a xente que nos vén, a todos, a través de todos os municipios, de todos os municipios, e se vostede coñece alguén que non o estamos asesorando ou dándolle unha solución, trasládeo, moi ben, señoría, moi ben, sen ningún problema, trasládeo.

O que si lle digo é que sabe vostede igual ca min que buscamos un sistema co Consello Xeral do Poder Xudicial, que buscamos un sistema para tentar evitar os lanzamentos nas vivendas habituais. Sábeo exactamente igual ca min, e, en consecuencia, se vostede coñece eses problemas, trasládeo á consellería respectiva ou ben aos servizos sociais dos concellos para que, se os concellos non atopamos unha solución, a atopemos entre todos.

Non podo ser máis franco, señoría. O que si lle propono é non imitar os nacionalismos insolidarios. *(Murmurios.)* Vostede e eu temos moito máis que ver que vostede e un señor de Esquerra Republicana de Cataluña, moitísimo máis, e xa non lle digo se temos vostede e eu moito máis que ver que vostede e un señor de Bildu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto,... ¡Ah!, ¿non temos máis que ver vostede e eu que un señor de Esquerra Republicana de Cataluña? Pero se se rin de nós pola noite e pola mañá, señoría, pola noite e pola mañá. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Comigo, non.

Señorías, reitero...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Jorquera –perdoe, presidente–, señor Jorquera, por favor, non ten a palabra; non ten a palabra, señor Jorquera.

Continúe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non sei por que incomoda a alguén dicir que temos máis que ver dous galegos que un galego e un catalán, pero eu, dende logo, vou seguir dicíndoo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Mire, eu non teño ningún interese en acabar no hospital esta noite, por suposto; creo que ningún dos que está aquí ten ningún interese en acabar no hospital; dígoo porque os hospitais están para casos de urxencia. E, en consecuencia, señoría, eu, dende logo, ao mellor non teño tanta cultura coma outros pero si creo que teño máis educación. E é fundamental ter educación, porque a cultura non está reñida coa educación e a educación é algo exixible a un político, e se alguén cre nomeando a cultura que pode non ter educación, equivócase profundamente. *(Aplausos.)*

Señorías, sobre o Opus Dei –que non teño nada en contra–, señor Beiras..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)* dáme a sensación de que diso sabe vostede máis ca min.

E tamén lles digo, señorías, que é moi importante saber o Código civil, señorías, porque niso se basea a sociedade occidental, no dereito romano, e se souberamos todos máis dereito romano e máis dereito civil, algunhas cousas non se dicían.

Por certo, hai algúns que –creo– opositaron a corredores de comercio ou a axentes de bolsa e supoño que terían que estudar dereito civil –supoño–, e, en consecuencia, agora resulta que non é importante o dereito civil. Pois ¡home!, os que opositan a corredor de bolsa ou a axente de comercio necesitan dereito civil, ¿verdade que si, señor Méndez Romeu? Non me refiro a que vostede opositara a isto. Pero si quero dicirlles que o dereito civil non hai que desprezalo e moito menos unha persoa que o tivo que estudar durante bastante tempo; cuestión distinta é o éxito dese estudo.

Mire, o meu profesor de Facenda Pública foi Carlos Otero Díaz. Paréceme que é unha persoa venerable, que aportou moito na escola, na Facultade de Dereito de Santiago e que foi dúas veces conselleiro de Economía e Facenda. Por certo, o profesor Puy é un excelente profesor de Facenda Pública, e sabe moita máis facenda pública, que hai outros que diso saben o xusto, *(Aplausos.)* que diso saben o xusto.

Señor Beiras, en todo caso,... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* en todo caso, señoría, non creo que vostede me invitara a tomar un café. Se me invita a tomar un café, eu acéptollo; probablemente debería ser descafeinado, pero eu acepto sen dúbida un café ao que vostede me invite, non teño ningún problema en tomar café con ninguén, ata aquí podíamos chegar. *(Risos.)*

Mire, eu estou moi orgulloso das miñas orixes, non teño ningún inconveniente, señoría. Aprendín tanto coas miñas orixes que é probable que se vostede tivera as mesmas camín, ao mellor vía a vida moi parecida á que vexo eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* Non, iso chámase necesidade social, señor Losada, non determinismo. Pero, en fin, hai cousas o suficientemente serias como para aceptar un café descafeinado do señor Beiras, cando el queira.

Mire, señor Méndez Romeu, con todos os respectos, eu quedei de darlle un dato e teño que darlle o dato, por suposto. Innovación. A innovación en Galicia creceu un 6,4 % anual e sitúanos nunha das sete comunidades autónomas que medran en España e unha das 50 das 270 rexións europeas que crece. O número de patentes que se incrementaron dende o ano 2009 en Galicia é un 9 %, e no caso de modelos de utilidade, duplicouse.

Mire, señoría, o ano en que máis se fixo en innovación foi este ano 2013, consecuencia dos proxectos anteriores, 150 millóns de euros. E voulle dar o dato exacto, señoría. Dígoo porque estaba noutra parte do Goberno, o bipartito, o que investía o seu Goberno en innovación. O bipartito investiu en catro anos 206 millóns de euros e o Partido Popular, 298 millóns de euros.

Polo tanto, señoría, é moi importante dar os datos, e estes son os datos. Vostedes, en bonanza económica, e nós, en plena crise económica; vostedes con máis de 10.000 millóns de presuposto e nós con 8.000 e pouco millóns de presuposto.

Mire, vostede dime que os investigadores non están na Xunta de Galicia axeitadamente tratados. O que dixen esta mañá seguro que non me expliquei axeitadamente. Dixen que, se as universidades non poden contratalos, os contratará a Xunta de Galicia. Cando vostedes gobernaban, non contrataron a ningún na Xunta de Galicia. Se as universidades

non poden contratalos, aqueles que teñan un nivel de investigación acreditado internacionalmente contrátaraos a Xunta de Galicia, e, en consecuencia, estou convencido de que vostede está a favor desta política, e eu vou facela por responsabilidade. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, sobre o tema dos imputados non imos facer chistes. Non sei a quen se refería vostede cando miraba para arriba, pero depende exactamente do lugar e do escano que mire. Eu, como teño respecto por todos, non miro a ninguén, pero non faga chistes cos imputados, porque non vaia ser, señoría, que teña un problema no seu partido. Mire –volvo reiterar–, sempre nos pronunciamos do mesmo xeito e sempre e sempre imos seguir pronunciándonos do mesmo xeito en relación con ese asunto.

Vostede fálame de que quere a enquisa de poboación activa. Moi ben. Eu fálolle do paro rexistrado. Nas oficinas de emprego, con vostedes no último ano, incrementouse 50.000 persoas, e con nós, en cinco anos, incrementouse en 50.000, e o paro rexistrado baixou en Galicia 18.000 persoas a 30 de setembro. É evidente que vostede pode coller a estatística que queira, pero agrádame que polo menos non diga que non estou contando a verdade, como me dicían outros antecesores seus.

Mire, señoría, sobre a reforma local creo que chegamos a un acordo na Fegamp. Creo que as propostas na Fegamp as plantexamos todos por convicción e por consenso. Esa é a proposta da Xunta de Galicia, a que propoñen os alcaldes na Federación Galega de Municipios e Provincias, non podo ser máis explícito. Polo tanto, estamos de acordo sobre ese asunto.

Mire, señoría, os temas territoriais. Di que o problema dos temas territoriais é dun Goberno que leva un ano e medio no Goberno. Vostede de verdade que non cre iso, evidentemente. ¿Non crerá vostede que o problema territorial de España se produce o 23 de decembro do ano 2011 e a partir de aí? Non, señoría. O problema territorial de España é unha enorme frivolidade durante o Goberno do Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, e vostede o sabe. “*Aprobaremos el Estatuto que salga del Parlament*”. Pois, señoría, agora

mire o que pasou. Se ata Convergència i Unió di que non querían aprobar ese estatuto.

Señoría, ¿o Partido Socialista de Cataluña é o mesmo Partido Socialista de Galicia? ¿Pensan igual ou non? ¿O Partido Socialista de Cataluña pertence ao Partido Socialista Obreiro español, si ou non? (*Murmurios.*) ¿Con quen me quedo de modelo territorial? O modelo territorial de Felipe González, a favor; o modelo territorial de Rodríguez Zapatero, en ningún caso. E vostede ¿con quen está? ¿Co modelo territorial do Partido Socialista Obreiro Español, por exemplo, en Andalucía ou co modelo do Partido Socialista catalán? ¿Con quen está? Seguro que vostede está co modelo do Partido Socialista de Galicia, sería bo coñecelo.

O que si lle digo, señoría, é que sabe vostede que temos un problema, que non o creamos nós, e hai que ter un pouco de memoria, señoría. O que se está discutindo no sistema de financiamento por parte de Esquerra Republicana de Cataluña foi o que pactou Esquerra Republicana de Cataluña co Goberno socialista en Madrid. Aínda recordo un titular dun xornal nacional unha fin de semana onde saía o señor Puigercós e dicía: acabo de conseguir mil millóns de euros máis para Cataluña. ¿Que mudou? Só uns anos, son os mesmos de Esquerra Republicana de Cataluña, que o que lle arrancaron a Madrid agora resulta que non é suficiente; nunca será suficiente, señor Méndez Romeu, nunca.

¿Que contas son esas que fan os de Cataluña en relación coas súas balanzas fiscais? ¿Quere que empecen outras comunidades autónomas a falar das súas balanzas fiscais? ¿Cre que iso interesa neste momento? Se vostede está de acordo, poderemos aceptar posturas no financiamento autonómico. Dende logo, se vostede o modelo territorial é o do Partido Socialista de Cataluña, non é posible; se o modelo é o do Partido Socialista Obreiro Español en Andalucía, ao mellor é posible. O que hai que decidir é o modelo que vostede plantexa. Pero dicir que os problemas territoriais de Cataluña e neste momento de España é como consecuencia do señor Rajoy é unha falta á verdade, e vostede o sabe.

Ao señor Rodríguez Zapatero a historia o xulgará. Deixounos unha España en crise, unha España en déficit, unha España co maior paro da Unión Europea e unha España co maior problema territorial que tivemos desde que aprobamos

a Constitución do 78. E non o digo eu, señoría, dino vostedes, iso si, en privado.

E, en consecuencia, gustaríame saber cal é o modelo territorial do Partido Socialista. Mire, fíxome dúas propostas, unha delas relativa ao banco. Quedou claro, en consecuencia, que non plantexan un banco público, porque eu entendín que si era un banco público, agora din que non, que era un banco privado; exactamente veremos a proposta que plantexan. Pero vostede sabe perfectamente o que pasou coas caixas, coñéceo ben. O seu partido estivo coxestionando as caixas durante moito tempo, incluso as vicepresidían. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Señorías,...

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, non me faga ter que chamalo á orde rematando o debate. Faga o favor. Faga o favor, señor Losada. Unha chamada á orde.

Siga, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O señor Losada xa non sabe que non é portavoz do Partido Socialista de Galicia, que é o señor Méndez Romeu. (*Aplausos.*) Ese é o problema, pero ese non é o meu problema, ese non é o meu problema.

Polo tanto, señoría, mire, o problema das caixas, en primeiro lugar, foi que no ano 2005 tiñan 3.500 millóns de euros de risco inmobiliario; catro anos despois, 17.000, no ano 2009, cando vostedes estaban no Goberno, e cando entrou o Partido Popular no Goberno, de 3.500 a 17.000. Primeiro problema.

O segundo problema é que abriron 293 oficinas bancarias, das cales o 93 % fóra de Galicia, nos últimos catro anos, entre o ano 2005 e o ano 2009. Segundo problema.

O terceiro problema, é que a morosidade fóra da comunidade autónoma era do 9 %, e dentro da comunidade autónoma, do 2,4 %. Terceiro problema.

E o cuarto problema é a absoluta dependencia dos mercados maioristas.

E así é a historia das caixas. ¿E que pasou? Señoría, o que pasou é que en España había cincuenta e tres entidades

financeiras e quedaron nove, máis seis nacionalizadas, ou parcialmente nacionalizadas. E niso sabe vostede perfectamente que non teño ningunha responsabilidade, o cal non significa que teña que dar a cara por este asunto. Pero vostede sabe igual ca min que non teño ningunha responsabilidade nese asunto, porque estaba non neste primeiro banco, estaba no segundo, na oposición.

Polo tanto, estou moi interesado en saber o que vostedes propoñen. Nós, dixémoslles o que propoñemos: queremos unha entidade estable, unha entidade que dea créditos, unha entidade que non volva facer o das preferentes ou o das subordinadas, unha entidade que non volva poñer na libreta de aforros “valores: 30.000 euros”, porque eses valores non eran aforros, eran preferentes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha entidade, en consecuencia, señoría, que dea créditos, que sexa estable, que garanta o aforro dos galegos e que teña a maior vinculación crediticia e a maior vinculación social con Galicia. (*Aplausos.*) Si, probablemente nos poidamos entender, estaríamos a favor de que nos entendéramos.

Señoría, vostede plantexoume un segundo punto interesante, que é o tema do emprego. É certo, señor Méndez Romeu, que o seu antecesor me plantexou no último debate do estado da Autonomía unha cousa un pouco máis ambiciosa. ¿Acórdase? Plantexoume facer un programa para conseguir 100.00 empregos. Agora plantéxame vostede un programa para conseguir 30.000 empregos. É o mesmo partido un ano despois. Se vostede e mais eu asumimos e atopamos financiación suficiente, podemos velo. Agora ben, dígame, señor Méndez Romeu, de onde o vai a sacar, porque, se incrementamos a débeda, probablemente non estea de acordo, ou si; e se baixamos determinadas políticas fiscais, que creo que iso estimula a economía, ao mellor non están de acordo, queren subilas, aínda que despois me critique tamén por subilas.

Agora, o que si lle digo é que, se vostede me propón unha política de emprego para facer beirarrúas, parques e xardíns, non. Os 15.000 millóns de euros que gastaron vostedes nos parques e xardíns, que por certo incrementan o gasto corrente dos concellos, temos as beirarrúas máis grandes de Europa, debe ser para que paseen o maior número de parados de Europa, que é o que ten España (*Aplausos.*) Por iso lle digo que, se vostede me plantexa beirarrúas, non.

¿Sabe con eses 15.000 millóns de euros o que poderían facer se non fixeran beirarrúas? Poderíanse facer 550 quilómetros de tren de alta velocidade. (*Murmurios.*) Teríamos o tren de alta velocidade conectado xa con Madrid. E poderíamos mellorar as cifras de turismo, que a vostede lle preocupan e a min tamén. ¿Verdade que merece a pena facer economía competitiva e facer investimentos, e non facer beirarrúas, parques e xardíns? Estou convencido de que vostede está de acordo con isto.

Señorías, os galegos teñen sido un exemplo de responsabilidade, e eu creo que os grupos parlamentarios temos que seguir sendo un exemplo que os galegos nos dan todos os días. Estar á altura na responsabilidade significa aceptar que Galicia está mellor que o resto das comunidades autónomas a pesar da nosa crítica situación.

Señorías, estar á altura significa deixar de pelexar. Vostedes pelexaron moito cando estaban no Goberno, agora dáme a sensación de que pelexan tamén un pouco no seu partido. Non no seu, en todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Digo que nos deixemos de pelexar, a ver se aportamos algunha proposta concreta. Desde logo, se seguen pelexando, non lles vai ir ben.

Señorías, o que vostedes queren é facerlle oposición ao Goberno, e ás veces fanlle oposición ao país. Porque vostedes saben, exactamente igual ca min, que non é razoable negar todo o que conseguimos entre todos. E vostede sabe igual ca min que non é razoable mandar unha mensaxe de que non hai esperanza no futuro. Non sexan portavoces da desesperanza, señorías, sexan portavoces dunha Galicia que está traballando por saír adiante.

Eu vou seguir traballando, vou seguir traballando con rigor, e traballar con rigor significa non hipotecar o futuro do meu país nin quebrar a Administración autonómica, nin quebrar a sanidade, os servizos sociais nin a educación. Vou seguir traballando nunha estratexia de crecemento sustentable e solidario, mantendo os servizos públicos. (*Murmurios.*) Señoría, rigor para ter unhas estruturas políticas coherentes coa situación actual, e eu espero e desexo que vostedes estean de acordo en ter un Parlamento coherente coa situación da rúa; coherente, señoría, cunhas contas ordenadas, porque ter as contas ordenadas é a garantía de blindar a Autonomía e o Estatuto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Coherente con dicir a verdade aos galegos, señoría, porque negarlles a crise aos galegos non valeu para nada. E dicirllas a verdade aos galegos é que temos menos diñeiro que nunca, iso é dicirllas á verdade, e, en consecuencia, repartir os escasos recursos que temos.

Pero tamén vou seguir traballando na estratexia do crecemento. Díxeno. Nunha estratexia de orientar os recursos escasos que temos para buscar a maior competitividade da nosa economía. Señorías, levamos reducindo os impostos desde o primeiro instante que chegamos ao Goberno. Na primeira Lei de presupostos do ano 2010 reducimos os impostos da vivenda; despois reducimos os impostos das transmisións patrimoniais de parcelas forestais; seguimos reducindo os impostos na constitución dos préstamos hipotecarios; seguimos reducindo os impostos para o caso dos arrendamentos rústicos; seguimos reducindo os impostos na renda das persoas físicas para apoiar a creación das empresas; seguimos reducindo os impostos na renda das persoas físicas para o acollemento dos menores; seguimos no ano 2011 reducindo os impostos e ampliando a dedución de IRPF para as empresas cotizadas no mercado bursátil extraordinario; (*Murmurios.*) seguimos reducindo os impostos, señoría, no caso da extinción dos préstamos hipotecarios, que a moita xente lles preocupaba; seguimos reducindo os impostos no ano 2013 no caso da vivenda habitual, para adquirir unha vivenda habitual ou para rehabilitar unha vivenda; señoría, seguimos bonificando o fomento do emprendemento.

Hoxe acabamos de trasladar catro bonificacións de impostos desde o 1 de xaneiro do ano 2013 na Lei do emprendemento, e hoxe acabamos de facer unha proposta de rebaixa do imposto da renda das persoas físicas para converter Galicia na comunidade autónoma onde menos paguen os que menos teñen.

Imos seguir diminuindo os impostos, señoría. Reducimos vinte e tres veces os impostos, creo que é unha forma intelixente de activar o consumo e, en consecuencia, a economía. (*Aplausos.*)

Imos seguir traballando, señorías, no calendario lexislativo. Levamos, nos dez primeiros meses de goberno, entregado o 30 % de leis comprometidas nesta lexislatura, das cales sete están en vigor e cinco están no Parlamento, un total de doce. Entre o ano 2013 e o ano 2014 comprometemos cum-

prir o programa lexislativo con outras dez leis: a Lei de accesibilidade, a Lei do emprego público, a Lei de mellora da estrutura territorial agraria, a Lei de espectáculos públicos, a Lei de arquivo, a Lei de réxime financeiro, a Lei do solo –propóñolles un acordo na Lei do solo, se é posible–, a Lei de acuicultura, a Lei do patrimonio cultural, a Lei de reforma do Consello Consultivo, a Lei de publicidade institucional, a Lei de economía social e a Lei de control de calidade dos servizos públicos.

Señoría, imos seguir traballando para seguir atendendo as necesidades da xente, é o noso compromiso: para mellorar a educación pública, para mellorar a sanidade pública e para mellorar os servizos sociais.

Máis aló da retórica –señorías– de todos os debates, todos nós temos que elixir, e temos que elixir como queremos servir. Eu elixo seguir o comportamento maioritario dos galegos. E vostedes teñen que elixir se queren discutir permanentemente ou queren contribuír a algo. E eu propóñolles... (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque Galicia o espera, contribuír a algo.

Señorías –remato– dixo o portavoz Puy no penúltimo turno de palabra, o que é unha obviedade: que nós vimos do pobo. ¡Claro! ¡Evidentemente! Que somos o pobo. ¡Claro! ¡Efectivamente! E que o pobo maioritariamente nos vota, por iso estamos aquí; non porque nos vote alguén, senón porque nos vota a xente. A xente maioritariamente quere que Goberne o PP, e como nós sabemos cal é o problema do pobo, sabemos que o principal problema de Galicia se chama paro e desemprego. E, señorías, non é necesario atopar a unha persoa nunha praza de abastos para que nos diga o que é o paro, entre outras cousas, señoría, porque eu aprendín o que é o paro desde moi novo, na miña casa. En consecuencia, cando alguén ri –como se está rindo neste momento dos parados–, eu dígolle que sei perfectamente cal é o primeiro problema de Galicia porque era o primeiro problema da miña familia.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señorías, antes de suspender a sesión, comunícolles que os grupos parlamentarios poden presentar ata un máximo de cincuenta propostas de resolución por grupo, tal como foi comunicado, antes das dez e media de mañá mércores, día 16 de outubro, no Rexistro xeral da Cámara. Posteriormente a Mesa, ás doce horas, procederá á súa cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas.

O prazo para a presentación das propostas transaccionadas e petición de agrupacións ou de votación separada das propostas rematará o mesmo mércores 16 de outubro ás vinte e dúas trinta horas, e serán cualificadas pola Mesa ao día seguinte, xoves, ás nove e media.

Suspendemos a sesión ata o xoves ás once horas.

Moitas grazas e boa noite.

Suspéndese a sesión ás nove e vinte e sete minutos da noite.

(NOTA: Este DSPG inclúe unha corrección de erros no texto contido na páxina 32)

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Calviño, David	(AGE)
19.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
20.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
21.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
22.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
23.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, Isabel	(PP)
25.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
26.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25